



II XORNADA DA CRÍTICA GALEGA

A CRÍTICA E A LITERATURA INFANTIL E XUVENIL



A CRÍTICA E A LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

Consello Directivo da AELG Presidencia Cesáreo Sánchez
Vicepresidencia Antía Otero
Secretaría xeral Mercedes Queixas
Tesouraría Marta Dacosta
Vicetesouraría Eduardo Estévez
Vogalía de Lugo Isidro Novo
Vogalía de Pontevedra Elvira Riveiro
Vogalía de Santiago de Compostela Carlos Negro
Vogalía de Relacións coa Lusofonía Carlos Quiroga
Vogalía de Relacións Internacionais Xavier Queipo
Vogalía de Literatura de Tradición Oral Antonio Reigosa

Secretaría económica e técnica Ana M. Carril e Ernesto E. Calo

Edita Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)
www.aelg.org / oficina@aelg.org
Comisión executiva da Sección de Crítica da AELG
<http://criticaaelg.blogaliza.org/>

Maquetación Gráficas Mera

D. L. VG-1293-2005

ISSN 1989-7340

©Dos respectivos autores/as

©Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega

Decembro de 2011

Esta edición dixital contou co patrocinio do Centro Español de Derechos Reprográficos (CEDRO)

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos/as titulares, agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra: www.conlicencia.com, 91 702 19 70 / 93 272 04 47.

PRIMEIRA PARTE	
Dúas periferias: Literatura Infantil e Xuvenil e Crítica literaria.	
Unha reivindicación cara á saída delas	
Blanca-Ana Roig Rechou	11
Crítica literaria académica sobre	
Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia	
Isabel Mociño González	15
A crítica do libro infantil-xuvenil na prensa.	
Problemática en letra propia	
Xosé Manuel Eyré	29
Literatura para a infancia e a juventude –	
caminhos da crítica em Portugal	
José António Gomes	35
A crítica da literatura infantil e xuvenil en lingua vasca	
Mari Jose Olaziregui	43
A crítica de Literatura Infantil e Xuvenil en castelán	
María Victoria Sotomayor	47
A crítica do libro infantil e xuvenil en lingua catalá	
Caterina Valriu Llinás	53
Presenza e ausencia da crítica literaria sobre a Literatura	
Infantil e Xuvenil a través do Informe de Literatura 2009	
Mar Fernández Vázquez	59

SEGUNDA PARTE:	
REFLEXIÓNS XERAIS SOBRE ASPECTOS VARIOS	
A crítica académica e o xénero poético	
Eulalia Agrelo Costas	63
A crítica e o canon escolar	
Mónica Álvarez Pérez	65
Crítica académica e teatro	
Andrea Álvarez Pino	67
A crítica literaria e a práctica tradutolóxica	
Pilar Bendoiro Mariño	69

Os tipos de crítica e a súa convivencia.	
Trabas da crítica na actualidade	
Esther de León Viloría	71
Posibilidade/necesidade de edicións	
de crítica xenética de Literatura Infantil e Xuvenil	
Carmen Ferreira Boo	73
A crítica em literatura infanto-juvenil:	
quem realmente a faz?	
Vanessa Ferreira da Silva e Geovana Gentili Santos	75
A muller e a crítica académica	
de Literatura Infantil e Xuvenil	
Marta Neira Rodríguez	77
Algumas notas sobre a crítica da LIJ em Portugal	
Ana Margarida Ramos & Sara Reis da Silva	79
O álbum e a crítica em Portugal	
Carina Rodrigues	81
A crítica e a tradución	
Lourdes Erea Salgado Viñal	85
Espazos para a crítica	
Isabel Soto López	87
TERCEIRA PARTE:	
BIBLIOGRAFIA E RECEPCIÓN	
Bibliografía sobre Literatura Infantil	
e Xuvenil galega no século XXI (2000-2010)	
Mar Fernández Vázquez, Carmen Ferreira Boo	93
e Esther de León Viloría	
Premios da Crítica Española 2009	
Mar Fernández Vázquez, Carmen Ferreira Boo	135
e Esther de León Viloría	



INTRODUCCIÓN

A comisión executiva da Sección de Crítica da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) ofrece neste monográfico unhas reflexións sobre *A crítica e a literatura infantil e xuvenil*, que foron realizadas despois dunha xuntanza que tivo lugar o día 22 de outubro de 2010 no Consello da Cultura Galega por un grupo de críticos e estudosos de Literatura Infantil e Xuvenil na que se reflexionou sobre a crítica xa académica xa xornalística que se realiza sobre esta literatura. Este grupo de estudosos foi recibido polos presidentes do Consello da Cultura e da AELG.

A partir das reflexións e debates levados a cabo, posteriormente os críticos participantes decidiron realizar este monográfico, coordinado por Blanca-Ana Roig, para ofrecer á comunidade científica un conxunto de reflexións sobre o estado da crítica nos ámbitos lingüísticos que constitúen o marco ibérico, unhas breves reflexións xerais sobre aspectos concretos, unha bibliografía recente para coñecer máis cómo se está a traballar dende Galicia sobre este sistema literario e como foron recensionadas as obras galegas que mereceron o Premio da Crítica española.

Comité Executivo da Sección de Crítica da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)

Unha importante literatura infantil e xuvenil

O Consello da Cultura Galega acolleu en 2010 as II Xornadas da Crítica Galega na súa dimensión literaria orientada cara ao territorio infantil e xuvenil, constituído en auténtico sistema literario. Fíxoo da man da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) a través da súa Sección de Crítica, asociación coa que vén colaborando noutras actividades e iniciativas, que contribúen a que esta institución cumpra co seu mandato de “investigar e valorar as necesidades culturais do pobo galego, tentando facer accesible a toda a cidadanía de Galicia os produtos máis valiosos tanto da cultura propia como da universal”.

O Consello da Cultura Galega foi nesta ocasión, e tamén felizmente en moitas outras, lugar de encontro, espazo de debate, intercambio e mesmo confrontación de ideas e experiencias ao servizo do desenvolvemento e da proxección da lingua, da literatura e da cultura de Galicia. Quere dicir, neste caso, da literatura infantil e xuvenil, indiscutiblemente un dos baseamentos da importante industria editorial galega e unha das áreas de creación e traballo nas que Gallaecia fulget con forza, imaxinación e capacidade expresiva, convertida en potencia internacionalmente recoñecida ao abeiro de nomes como os de Agustín Fernández Paz ou Fina Casalderrey, entre moitos outros.

Estou persuadido de que a nosa institución foi o lugar máis axeitado para a realización destas sesións de traballo referenciadas nunha privilexiada relación coa AELG, coa que ten a ben partillar outras accións conxuntas no que vén constituíndo unha relación privilexiada, que caracteriza así mesmo os intercambios con outras institucións e entidades públicas e privadas.

No caso que nos ocupa a temática das Xornadas e a destacada proxección da nosa literatura infantil e xuvenil, caracterizada pola imaxinación, a capacidade expresiva e o dominio da linguaxe, fixeron do encontro un espazo de especial interese para a difusión da lingua e da cultura de Galicia máis alá das nosas fronteiras. A ese diálogo e á potenciación da biodiversidade lingüística e cultural, quere contribuír o Consello da Cultura Galega a través da realización das Xornadas e a publicación das consideracións e das reflexións subliñadas por estudosos e expertos na materia.

Desde esa experiencia, desde o notable recoñecemento acadado polos escritores e escritoras de Galicia, estou certo de que habemos ter outras oportunidades para reflexionar e dar coñecer o resultado de propostas e creacións que enriquecen o acervo cultural universal plasmado na lingua á que outorgaron categoría literaria os Cancioneiros medievais e Rosalía de Castro. A lingua coa que estamos e queremos estar no mundo.

Ramón Villares, Presidente do Consello da Cultura Galega

En primeiro lugar o noso recoñecemento ao Consello da Cultura Galega na persoa do seu presidente Xosé Ramón Villares, que co seu apoio fixo posíbel que hoxe poidamos proseguir a nosa andaina de facer da Sección da Crítica da AELG o lugar de encontro dos críticos galegos neste tempo tan necesario de traballos colectivos de respostas colectivas, de proxectos que nacen e se manteñen na raíz máis activa da sociedade civil que sempre mantivo o ser da nosa nación en pé.

O noso recoñecemento ao labor de Blanca-Ana Roig como parte da Sección de Crítica á hora de organizar as mesas e os nosos participantes nas mesmas, co apoio da nosa secretaria técnica, Ana Carril, e de Rosa Aneiros. Tamén á executiva da Sección de Crítica, que mantén en pé todo o ano a actividade da mesma. E, como non, a todos os que desde as mesas como relatores ou moderadores, ou como asistentes activos, conformarán os debates desta xornada, deste encontro.

A Sección da Crítica da AELG celebra este seu segundo encontro sobre a crítica e a literatura xuvenil e infantil cando xa deu mostra da súa seriedade e do seu pouso no funcionamento como sección autónoma desta Asociación. Recentemente, nunha conversa na que reflexionamos sobre a problemática do sector do libro e da cultura do noso país, era felicitado, e así o volo transmito a vós, polo funcionamento da Sección da Crítica, por diversos responsábeis do sector.

O tema quen nos ocupa, A crítica e a literatura infantil e xuvenil, está sempre presente na AELG. E froito desta preocupación creouse a modalidade a ela dedicada nos premios anuais da AELG, para que sexa visualizada con espazo propio e non porque, por suposto, non sexa literatura con maiúsculas.

Que mellor lugar que o Consello da Cultura Galega, o lugar onde a nosa realidade cultural e sociocultural, e o seu futuro saudábel e normal que desexamos para a nosa cultura, son sometidos á necesaria reflexión crítica.

Quero facer un meu recoñecemento público ao labor para co noso idioma que tivo o Consello nos últimos tempos, facendo informes e pronunciamentos nos que nos identificamos co seu labor.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega

PRIMEIRA PARTE

Dúas periferias: Literatura Infantil e Xuvenil e Crítica literaria. Unha reivindicación cara á saída delas.

*Blanca-Ana Roig Rechou
Facultade de Ciencias da Educación
Universidade de Santiago de Compostela
(blanca.roig@usc.es)*

É de agradecer ao Consello da Cultura Galega a acollida xenerosa que prestou a un grupo de estudosos que se xuntaron para reflexionar sobre a Literatura Infantil e Xuvenil e o comportamento da crítica literaria con ela. Tamén é de agradecer á Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega que aceptase a proposta da súa Sección de crítica e apoiase esta xornada de reflexión.

A todas e todos os estudosos que responderon coas súas reflexións moitísimas grazas polas propostas realizadas na xornada e por seguir traballando sobre a temática para poder ofrecer agora, nesta monografía, as súas achegas. Eu quero iniciar este monográfico referíndome en primeira instancia á Literatura Infantil e Xuvenil en galego e á súa invisibilidade até hai ben pouco tempo, aínda que, dende que se asentou esta literatura nos países máis desenvolvidos alá polo século XIX, en Galicia sempre houbo unha feble produción dirixida aos máis novos, unha presenza que pouco e pouco foi en aumento até que dende finais dos anos setenta se deron as condicións para se constituír en sistema literario, debido a que, como xa repetín en moitos traballos, desculpen a insistencia, comezaron a funcionar os axentes e factores que o fixeron posíbel e que viñeron da man do marco legal que puxo en marcha o sistema democrático, que se instaurou no Estado español despois de moitos anos de ditadura. De todos os xeitos sería inxusto non recordar que, antes de que o marco legal e as institucións emerxentes animasen a industria editorial e os mediadores a producir e consumir obras en galego, houbo unha serie de autores e autoras, apoiados por colectivos sociais, que dende a Literatura Infantil e Xuvenil transmitiron modelos identitarios propiamente galegos, reflectiron problemas que vivía a sociedade do momento e recordaron a cultura escrita e a popular, pensemos en Xosé Neira Vilas, Carlos Casares, Manuel María, Bernardino Graña, María Victoria Moreno e nas súas obras publicadas nas décadas dos anos sesenta e setenta. Pero foi na década dos oitenta cando a produción comezou a se regular debido a que, coa entrada da lingua galega no sistema educativo o potencial lectorado, case inexistente en épocas anteriores, aumentou considerabelmente. Esta nova situación levou a que moitos autores e autoras galegas seguisen a producir unha literatura,

sobre todo narrativa, que non deixou de ofrecer modelos identitarios coa intención de achegalos á nova nenez e mocidade que comezaba a medrar en democracia, pero agora empregando moitos elementos mitolóxicos e dirixíndose por primeira vez a unha banda de idade xuvenil a través de obras que denominamos de fronteira, non de fronteira xeográfica, senón de fronteira entre a Literatura Infantil e Xuvenil e a Literatura institucionalizada ou de adultos. Obras que sufriron vaivéns dende o punto de vista editorial pois foron publicándose en coleccións con marcas da LIX e en coleccións dirixidas ao potencial receptor adulto, se ben en todas elas se incluíron paratextos que acenaban cara á mocidade e tamén con chiscadelas cara ao lectorado en xeral. Son bos exemplos *Arnoia, Arnoia*, de X.L. Méndez Ferrín e *O segredo da Pedra Figueira*, de María Xosé Queizán que ofreceron modelos identitarios nacionais coa intención de reconstruír a sociedade civil que vivía de costas á súa identidade e ancorada en modelos sociais que precisaban dunha deconstrución, como ocorría, por exemplo, co rol desempeñado pola muller na sociedade. Estas obras e outras que abriron correntes e tendencias moi variadas déronlle un pulo á Literatura Infantil e Xuvenil galega que non se detivo até a actualidade. Os autores e autoras galegas comezaron a ser considerados tanto en Galicia coma fóra dela a través da súa aparición en listaxes internacionais, como *The White Ravens*, e en premios nacionais e internacionais, sirvan de exemplo os galardóns merecidos por Paco Martín por *Das cousas de Ramón Lamote*, Xabier Docampo por *Cando petan na porta pola noite*, Fina Casalderrey por *O misterio dos fillos de Lúa* e Agustín Fernández Paz por *O único que queda é o amor*, por citar as obras que mereceron o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil no que competiron con obras que cada ano se publican en todas as linguas do Estado español.

Cómo a crítica se comportou con esta literatura e a sociedade a acolleu até a actualidade, converténdose hoxe na Literatura que máis vendas alcanza e que sostén a industria editorial galega, falarase nesta monografía, que lles aseguro intentamos organizar con responsabilidade e moito entusiasmo, e coa que esperamos cubrir os seus horizontes de expectativas.

Como antesala dos comentarios que se inclúen neste monográfico quero salientar que a crítica que hoxe se fai en Galicia é, sen dúbida, unha práctica emerxente a pesar de contar cunha produción tan importante, como adiantei, que sostén a industria editorial galega dende hai anos. Posibelmente a causa sexa a falta de interese crítico por un sistema literario que de sempre estivo moi unido á institución escolar e moi afastado dos circuítos académicos universitarios que practican unha análise máis centrada en cuestións literarias ca didácticas, por iso cómpre incentivar a formación dunha crítica especializada implicada na produción e difusión de coñecemento a partir de textos dirixidos aos máis novos. A crítica académica e as institucións deberán facerse cargo da súa cota de responsabilidade nas tarefas de mediación e promocións serias, e deberán crear espazos para a análise e a reflexión crítica sobre este sistema literario, pois como dixo Juan Cervera, un dos estudosos que dedicou moitas páxinas á análise da Literatura Infantil e Xuvenil, dende a área de Didáctica da Lingua e Literatura

Tal vez entonces, como consecuencia del análisis, haya que pedir responsabilidades por el desajuste existente entre los medios tomados y exhibidos para potenciar la literatura infantil y los resultados conseguidos, visiblemente desproporcionados.

Antes de rematar quero mostrar a preocupación dos estudosos e críticos galegos que participan neste monográfico pola actuación das autoridades políticas e académicas da Universidade de Santiago de Compostela, por ser na que nos desenvolvemos, encargadas de confeccionar os graos de mestre, pois interpretando ao seu antollo as directrices emanadas das políticas educativas do goberno central, privan os futuros mestres sobre todo, pero tamén a outros profesionais da mediación, do coñecemento de como se desenvolveu a Literatura Infantil e Xuvenil galega, cales son os seus clásicos, como se analizan dende a crítica, dende os máis diversos paradigmas teóricos, pois só se contempla nos estudos que formarán os mestres do futuro nunha materia de estudo denominada “Literatura infantil e dramatización” na que,

debido ao tempo que se lle adxudica (4 créditos e medio) e á mestura dunha literatura cunha práctica escénica, é imposible tratar a Literatura Infantil e Xuvenil galega como se trata a Literatura Institucionalizada ou de adultos.

E digo que interpretaron ao seu antollo as directrices emanadas do Goberno Central porque foron as mesmas para todo o Estado español e se facemos un percorrido polos graos doutras universidades españolas e mesmo portuguesas veremos que se estuda a Literatura infantil catalá, vasca, castelá, portuguesa, por que non a nosa? Non se quere que saia da periferia? Quede isto como reflexión.

Ante esta situación é de loar o grao de Filoloxía galega na Universidade de Santiago, pois, aínda que sexa pouco dende o meu punto de vista, introduciu un “Maior Plus”, aínda que optativo, que ten como obxectivo o estudo da Literatura Infantil e Xuvenil galega, que polo menos pode achegar a alguén interesado nesta literatura. Unha materia que considero imprescindible para que as forradas de filólogos e mestres que saen das aulas universitarias, cunha importante formación teórica, se animen a facer crítica literaria, na mellor das súas variantes, pois esta crítica, aínda que se poña en dúbida a súa utilidade, é precisa para dar significado ás obras, poñer en comunicación a autores e autoras con produtores e receptores e ofrecer un coñecemento útil, que invite á lectura, pois non esquezamos que a lectura foi considerada, polos totalitaristas e dirixentes en xeral pouco democráticos, unha actividade perigosa sobre a que consideraban preciso un control férreo, de aí que se intentase sempre dirixir a lectura a partir de recomendacións interesadas e non propostas por unha educación literaria libre, ofrecer canons oficiais a seguir pola comunidade educativa e mesmo pola sociedade.

Sobre isto un bo crítico pode incidir visualizando as obras de calidade independentemente de valores transversais e outras “sutilezas” que lastran a Literatura Infantil e Xuvenil, que por estar tan unida á institución escolar é a máis controlada, e pode facer reflexionar os mediadores encargados da formación lectora, a partir dunha educación literaria forte, para que sexan quen de seleccionar por si mesmos sen dirixismos das políticas educativas e mercantís que lle tocan á sociedade civil segundo as quendas.



Crítica literaria académica sobre Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia

*Isabel Mociño González
Universidade de Santiago de Compostela / Universidade de Vigo*

Falar de crítica literaria académica en sentido estrito implica, como xa se debateu abondosamente na I.^a Xornada da Crítica organizada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega e o Consello da Cultura Galega en 2007, situármonos ao redor daquelas reflexións e comentarios demorados que xulgan, valoran, sitúan, analizan, comparan, orientan, avalían e seleccionan o que se anova e o que vai quedando na tradición literaria dunha cultura, é dicir, aquelas lecturas máis repousadas que sempre parten dunha distancia temporal e cuxo soporte son as publicacións especializadas, fundamentalmente revistas e monografías.

Moitos estudosos téñense preocupado por fixar o estatuto desta crítica, entre eles, Alfonso Reyes que, nunha conferencia escrita en 1941 e posteriormente nun libro sempre citado de 1944, identificaba tres graos na pirámide da crítica, na que situaba na cúspide o “xuízo”, na parte intermedia a “esexese” ou interpretación, ambas as dúas alicerces da denominada crítica académica, aquela á que C. S. Lewis (1961) asocia co “leitor letrado”, mentres que a base a conforma a “impresión”, un primeiro nivel de achegamento á obra, a modo de lectura desinteresada, máis próxima á denominada crítica xornalística.

Actualmente xa se debateu o suficiente sobre crítica académica, esta disciplina dos estudos literarios que debe levarse a cabo con instrumentos metodolóxicos axeitados a un marco conceptual rigoroso e ben configurado, instrumentos que non se lle esixen á crítica xornalística, aínda que dentro desta se perciban diferenzas, nalgúns casos aproximándose á crítica académica, precisamente por empregar algúns dos seus instrumentos, aínda que condicionados polo medio no que se insire, por me referir só aos tipos dos que se vai falar nesta xornada.

Aclarado este punto, quero comezar lembrando as palabras do profesor Arturo Casas que, na 1.^a Xornada da Crítica, foi o responsábel de presentar as liñas xerais do estado da cuestión da crítica académica na literatura galega, centrándose fundamentalmente na literatura institucionalizada, como a denomina Blanca-Ana Roig na maior parte dos seus traballos, ou de adultos, ao redor da que ofreceu diferentes perspectivas e lanzou unha interesante serie de

propostas. Pois ben, comezaba o profesor Casas (2008) explicitando que non ía na súa intervención acollerse a un “*expediente apenas descriptivista do que houbo ou hai na crítica académica, inapropiado aquí e agora por canto falamos entre expertos e todo catálogo estorbá*”. Gustaríame poder partir deses mesmos parámetros na Literatura Infantil e Xuvenil, o que significaría un estado da cuestión moi diferente ao que hoxe me encargaron. Penso, ao mellor estou errada, que non estamos entre “expertos”, nun sentido amplo da palabra, debido ao descoñecemento desta literatura a nivel académico e, polo tanto, si é preciso no noso caso adoptar unha perspectiva máis ou menos descriptivista na que debullar a situación actual, o que non impedirá que fagamos tamén propostas que vostedes poderán compartir e discutir no debate final. Estando totalmente de acordo co que dixo o profesor Casas sobre o feito de que nas últimas décadas foron moitas as promocións sobradamente capacitadas para renovar e actualizar o discurso crítico e metacrítico galego, non obstante foron poucas ás que se lles permitiu achegarse dende o ensino regrado ao coñecemento de cómo e dende cando se foi conformando o sistema literario infantil e xuvenil, qué axentes foron máis activos, cómo e por qué se revisitaron máis unhas formas e temáticas ca outras, cómo e por qué se trataron dende unhas metodoloxías e non outras, etc. Todos estes son retos da crítica académica e da investigación, prácticas intelectuais inseparábeis e que están ben coidadas na literatura institucionalizada, pois esmiúzanse as diferentes etapas establecidas con amplo consenso dende a Idade Media até a actualidade, márcanse períodos, movementos, xeracións, por poñer algún exemplo: o Rexurdimento, as vangardas, o grupo Nós, a xeración do 25, a Escola da Tebra, etc., coñecementos que logo permiten renovar e actualizar o discurso crítico e metacrítico, ao que se refería Casas, que non se ofrecen para a literatura dirixida á infancia e xuventude máis que de forma anecdótica e da man de docentes universitarios que, por voluntarismo e convicción, imparten Literatura galega fundamentalmente nas Escolas de Maxisterio ou Facultades de Ciencias da Educación, por consideraren que os futuros mestres deben coñecer cómo se desenvolveu esta literatura, e os que imparten Literatura infantil, sen adxectivar, dende a área de Didáctica da Lingua e da Literatura.

Ademais do comentado, hai que ter en conta que facer hoxe crítica e investigación implica partir do feito de que os estudos literarios superaron os modelos restritivos sobre realidades plurais, diseminadas e cambiantes de tempos pasados, pois dificilmente se poden explicar dende esquemas que ignoren o dinamismo e a complexidade dos procesos sociais, culturais e históricos, especialmente despois das luces que se nos achegaron dende as teorías sistémicas, polo que é preciso analizar os textos que conforman o sistema literario infantil e xuvenil tendo en conta non só autores, tendencias, correntes e movementos artístico-literarios, senón a influencia dos factores e axentes que interveñen na formación dos sistemas literarios e cómo o fan. Así, hai que ter en conta as intencións dos produtores, pero tamén os tópicos que nos achegaron outros paradigmas metodolóxicos, como os comparatistas, a xeografía literaria, os feministas, os identitarios.... A isto hai que engadir as características fundamentais da Literatura Infantil e Xuvenil, como é o caso dos destinatarios aos que se dirixe (nenez, mocidade, mediadores), a selección léxica que se debe realizar, a brevidade imprescindíbel na maioría dos casos, a concisión, etc., por citar só algunhas das particularidades que teñen os textos que constitúen a produción da Literatura Infantil e Xuvenil. Unha literatura ademais moi dependente dos sectores do ensino primario e secundario e, polo tanto, con moitas intrusionas dos responsábeis das políticas educativas que transmiten ou tentan transmitir a súa ideoloxía, tamén dos editores que queren, como é lóxico, beneficios, sempre buscando cubrir o que consideran unha falta de formación dos mediadores e así influír nas recomendacións e seleccións para que prevalezan os seus criterios, cuestións que os críticos deben de atender para evitar seleccións pouco reflexionadas.

Todos estes coñecementos previos que caracterizan un crítico letrado adquirense, de forma xeral, sempre hai excepcións, nos centros universitarios, por iso este tipo de crítica está totalmente vencellada aos investigadores, que son os encargados, a partir das súas pesquisas de comentar e reflexionar sobre cómo se conforman os sistemas e se producen os textos. Dende este

punto de vista, considero que foi precisamente esta falta de atención e preparación nos centros universitarios, de modo xeral, as que atrasaron a análise intelectual e valorativa dos textos dirixidos aos máis novos seguindo as premisas teóricas de cada momento, unha indiferenza motivada entre outras causas pola concepción restritiva da literatura para a infancia como instrumento educativo e cun estatuto inferior dentro do polisistema literario, o que a relegou á práctica ausencia das institucións culturais (historias, enciclopedias), mentres que foi atendida só dende áreas como as ciencias documentais, as da educación e a psicoloxía (Shavit, 2003: 11-12), aspecto aínda vixente como demostra a súa adscripción curricular á área de Didáctica da Lingua e da Literatura das Universidades.

Estas e aínda outras causas (como a situación sociopolítico-cultural sufrida dende a guerra civil até o inicio da democracia) son as que propiciaron que a crítica académica galega de Literatura Infantil e Xuvenil non agromase até os últimos vinte anos, aínda que de modo continuado e organizado ao redor de grupos de traballo, o agromar fose aínda máis recente. Este feito danos a oportunidade de levar a cabo unha abordaxe da súa evolución con certa exhaustividade, vendo con detemento cómo e cándo se comezou a facer crítica académica e cáles foron os “aguillóns”, asumindo o reto de compatibilizar a revisión da tradición crítica galega coa actualización de obxectivos e métodos da crítica.

En Galicia os aguillóns cara á posta en valor da Literatura Infantil e Xuvenil iniciáronse moi timidamente xa a finais da década dos sesenta con traballos meritorios, nos que prima o carácter informativo e descritivo, como se pode seguir por varios estudos de Blanca Roig¹ nos que comenta a falta de consideración da Literatura Infantil e Xuvenil nas Historias da Literatura realizadas por profesores universitarios, que mesmo chegaron a defender en varios foros que esta produción non era Literatura. Estes traballos conforman os primeiros enfoques descritivos e historicistas que se realizaron e foron imprescindíbeis para ir saíndo da periferia, como ocorre en todo proceso emerxente, no que primeiro é dar a coñecer e formar, para logo poder teorizar e sistematizar, conceptualizar e conformar o sistema. Neste sentido foron moi importantes para a Literatura Infantil e Xuvenil galega unha serie de iniciativas que se ben mesturaban criterios non estritamente académicos revelaban inquietudes cara á sistematización e a construción dun discurso crítico, como por exemplo o primeiro traballo que se fixo sobre a Literatura Infantil e Xuvenil galega debido a Ramón Piñeiro e incluído na tradución que se realizou en 1968 ao castelán da obra *Tres siglos de Literatura infantil europea*, de Bettina Hürlimann. Nel, o primeiro presidente do Consello da Cultura Galega, creador e impulsor dun proxecto cultural para Galicia, na liña do proposto por Itamar Even Zohar, contaba coa Literatura Infantil e Xuvenil nesta planificación (Roig, 2006: 29-39).

Outro grupo de traballos con afán de “sistematizar, antologar e mesmo facer análises de xénero e de obras” (Roig Rechou, 2002: 390-414) son os debidos a (e sei que non vou citar a todos): Antonio García Teijeiro (1989), Xulio Cobas Brenlla (1990a, 1990b), Miguel Vázquez Freire (1991) e, sobre todo, Agustín Fernández Paz (1989, 1990, 1999), que insistiu na invisibilidade desta literatura. Tamén é de salientar a implicación da Xunta de Galicia nos inicios dos anos 90, da man do sempre entusiasta Xavier Senín, que convocou Encontros de profesionais implicados en analizar cómo estaba a emerxer esta literatura e que mesmo se publicaron en

1. Traballos que xa inician a crítica literaria académica e abren camiños para futuras investigacións, como “A lectura infantil hoxe: orientacións e materiais” e “A lectura infantil hoxe: Premio e colección ‘O Barco de Vapor’”, Chorimas (n.º 3, 1985, pp. 69-72) e (n.º 4, 1985, pp. 85-90); “Helena Villar Janeiro: Unha mestra na Literatura Infantil e Xuvenil Galega”, Adaxe (n.º 11, 1995, pp. 139-152); “A literatura infantil e xuvenil: consideracións xerais”, Boletín Galego de Literatura (n.º 14, 1995, pp. 119-135); “A literatura infantil”, Coloquio/ Letras (n.º 137/138, 1995, pp. 216-220); “A literatura infantil e xuvenil en galego dende 1900 a 1950”, Boletín Galego de Literatura (n.º 15-16, 1996, pp. 77-105); “Literatura infantil gallega”, Quimera, (n.º 158-159, 1997, pp. 118-121); e “La literatura infantil y juvenil gallega”, Ínsula (n.º 629, 1999, pp. 31-33), por citar só algúns traballos.

libriños, como os da colección “Andel”; a realización dalgún congreso deste tipo ao finalizar o século² e, finalmente, por seguir citando fitos importantes en Galicia non quero deixar de lembrar o Seminario de Literatura Infantil que convocaba a Biblioteca Nova 33 co apoio de Gálix, no que tamén se reservaba unha parte á crítica, aínda que os espazos e as preocupacións maiores fosen encamiñadas a pensar en cuestións do tipo: *Que é un bo libro para a infancia? Que influencia exerce un libro na infancia? En que medida pode contribuír ao desenvolvemento do neno ou nena?*, etc., como indicou Zohar Shavit. É dicir o uso instrumental desta literatura dende os profesionais do ensino básico e secundario, feito que lastrou e atrasou a crítica académica e a investigación sobre a Literatura Infantil e Xuvenil.

Deixando a un lado estes primeiros pasos a crítica propiamente académica e a investigación debeuse fundamentalmente a dúas investigadoras que defenderon as súas teses de doutoramento na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela:

- *La obra de Michael Ende en el contexto de la Literatura Infantil alemana*³, realizada por Veljka Ruzicka Kenfel e defendida en 1989 no Departamento de Filoloxía alemá.

- *A Literatura Infantil en Galego. Perspectiva diacrónica, descrición e análise da actualidade*⁴, realizada por Blanca-Ana Roig Rechou e defendida no ano 1994 no Departamento de Filoloxía galega.

Investigadoras que se esforzaron por ir reunindo a especialistas nacionais e internacionais e por constituír grupos de investigación⁵ para ir fortalecendo tanto a crítica como a investigación⁶ e así traballar conxuntamente nas múltiples liñas teóricas que se desenvolveron a finais do século XX e no XXI e formar e informar cara á crítica académica, a selección e canonización, para así establecer obras e autores de referencia, aqueles que é preciso coñecer, situar e contextualizar dentro da historia literaria. No primeiro caso, Veljka Ruzicka, centrouse na tradución e na literatura alemá e anglosaxoa, mentres que no segundo, Blanca-Ana Roig Rechou é a investigadora que, como veremos, vai pivotar a maior parte da crítica académica que se levou a cabo ao redor da Literatura Infantil e Xuvenil galega durante os últimos anos, primeiro en solitario e posteriormente cun amplo grupo de colaboradores, facendo súas as palabras do crítico austríaco René Wellek (1963: 24), nas que mantén que: “*Debemos [re]comezar a tarefa de construír unha teoría literaria, un sistema de principios, unha teoría de valores que, necesariamente, dea lugar á crítica das obras de arte en si e constantemente recorra ao auxilio da historia literaria*”, de tal xeito que a Teoría da Literatura, a Crítica Literaria, a Historia Literaria e tamén a Literatura Comparada sigan sendo distintas, pero totalmente dependentes, até o extremo, como sinalou Darío Villanueva (1994: 23), de que ningunha poida acadar un desenvolvemento cabal sen o apoio das outras, neste caso aplicadas á Literatura Infantil e Xuvenil galega que nos ocupa hoxe.

2. Entre eles os da Organización Española para el Libro Infantil (OEPLI), como o II Congreso de Literatura Infantil y Juvenil “Historia crítica de la literatura y la ilustración ibéricas” (Cáceres, día 3-6 decembro 1998), no que participaron un bo número de representantes galegos.

3. Microficha, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, (ISBN: 84-7191-615-0).

4. Microficha n.º 578. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, 1996 (ISBN: 84-8121-405-1).

5. Como explicou amplamente Blanca-Ana Roig no seu relatorio “A investigación en Galicia” no marco do 32º Congreso do IBBY “A forza das minorías”, que vén de se celebrar en Santiago de Compostela.

6. Como foi o caso de varios congresos que iniciaron o século como, por exemplo, o Congreso Hispano-Luso de Literatura Infantil y Juvenil “Narrativa y promoción de la lectura en el mundo de las nuevas tecnologías”, organizado pola OEPLI (Santiago de Compostela, 2002); os organizados bianualmente por ANILIJ e os Encontros Luso-Galaico-Franceses do Livro Infantil e Juvenil, que se veñen celebrando anualmente no Porto dende mediados dos anos noventa, nos que investigadores galegos participan máis asiduamente con traballos de crítica literaria dende os primeiros anos do século XXI.

Con esta finalidade Roig Rechou creou o grupo de investigación **CELT** (1998), dende o que se levaron a cabo traballos historiográficos, de análise de xéneros literarios, de comparación, selección, repertoriais e estudos temáticos, como por exemplo *A memoria das guerras na literatura infantil e xuvenil en lingua galega* (2004), unha das primeiras antoloxías temáticas pensada para os mediadores, na que realmente se fai crítica académica, dado que se afasta dos criterios netamente historicistas e autorais que predominaron até aquel momento. No traballo ofrécese unha análise de cómo se tratou esta temática nas obras en Lingua galega dirixidas ao público infantil e xuvenil e faise unha selección de textos que lle facilitan ao mediador o traballo de escolla, asentada na calidade literaria e no coñecemento de todo o *corpus*, distanciándose das prácticas netamente didácticas tan usuais neste tipo de produtos.

Este grupo integrouse, debido a unha reestruturación de grupos na Universidade de Santiago, en **LITEXXI**⁷, con liñas sobre Literatura galega institucionalizada ou de adultos, co que compartía membros, e que acabaron fundíndose no actual **LITER21**⁸ (www.usc.es “investigación-catálogo de investigadores e grupos de investigacións”), conscientes da necesidade de equipos multidisciplinares. Actualmente está constituído por especialistas de áreas afíns, como Filoloxía, Belas Artes, Didáctica da Lingua e Literatura e Didáctica da Expresión Plástica, e contemplan a Literatura galega e a Literatura Infantil e Xuvenil para estudalas dende a historiografía literaria, a análise literaria e artística, a crítica de textos, a análise paratextual, literatura comparada, metodoloxía da lectura, socioloxía da literatura e da arte ou a tradución, pasando polo estudo da cultura a partir das manifestacións visuais e as narrativas baseadas en imaxes. LITER21 forma parte tamén do **Centro de Investigación de Procesos e Prácticas Culturais Emerxentes**, centro propio da Universidade de Santiago de Compostela, cuxo obxectivo é o estudo científico dos fenómenos de emerxencia artístico-literaria e, máis en xeral, dos procesos culturais emerxentes, no que os especialistas de Literatura Infantil e Xuvenil se integran asumindo as súas prioridades e retos.

A preocupación por participar activamente naqueles foros culturais máis dinámicos tamén levou os membros do grupo a se integraren na sección de crítica da **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega**, o que en certo modo permitiu que hoxe esteamos aquí para falar sobre crítica literaria na Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia, contrastar opinións, debater e dar un paso máis na visibilización dun labor que segue relegado excesivamente a foros moi específicos.

O afán de Blanca-Ana Roig por situar a Literatura Infantil e Xuvenil galega nas liñas de investigación e a crítica académica dende Galicia manifestouse tamén na introdución desta literatura no proxecto de investigación “**Informes de Literatura**”⁹ (www.cirp.es, apartado recursos), o único observatorio que existe en Galicia de e sobre Literatura galega, en galego ou en calquera lingua, que se leva a cabo no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, e no que convive en pé de igualdade coa literatura institucionalizada ou de adultos, permitíndolle aos interesados o seguimento de cómo a crítica literaria foi evolucionando dende 1995 (ano no que se iniciou o proxecto) até a actualidade, proxecto do que se falará na derradeira sesión desta xornada.

Todas estas iniciativas deron paso a un dos feitos máis relevante dos últimos anos para a crítica académica da Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia, tanto pola rendibilidade, coma polo frutífero diálogo interlingüístico e intercultural, como foi a constitución en 2004 na

7 Coordinado polo catedrático de Literatura galega na Universidade de Santiago Anxo Tarrío.

8 Inscrito na USC co código (GI-1839), Departamento de Filoloxía galega, na Universidade de Santiago de Compostela, na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, promovida polo Centro de Estudos Eurorrexionais Galiza-Norte de Portugal, unha entidade sen ánimo de lucro e formada por universidades galegas e portuguesas e no Catálogo de Grupos de Investigación da Xunta de Galicia, co código 09IDI0006 (<http://www.conselleriaei.org/catalogogrupos>).

9 Proxecto dirixido e coordinado por Blanca-Ana Roig dende o ano 1995. No ano 2009 ten como axudante a Celia Vázquez, quen coordina os investigadores dos grupos da Universidade de Vigo, encargados de describir a produción traducida ao galego.

Universidade de Santiago de Compostela da Rede Temática de investigación “**Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano**” (LIJMI) ¹⁰ (www.usc.es/lijmi), dirixida por Blanca-Ana Roig Rechou. Conscientes da necesidade de unir esforzos e dar a coñecer o estado da cuestión, os seus membros preocupáronse por facer un diagnóstico da situación na que se atopaba a Literatura Infantil e Xuvenil dende a docencia, a crítica e a investigación e marcar as súas debilidades e fortalezas. Froito deste traballo e da man do Centro de Estudios de Promoción de la Lectura y Literatura Infantil (CEPLI-Universidad de Castilla-La Mancha) publicouse *Docencia, Investigación y Crítica de LIJ en el Marco Ibérico. Informe 2004-2007* (2008)¹¹, no que se presenta de modo exhaustivo a situación organizada en bloques temáticos, cun marcado carácter comparatista e científico-técnico, ao informar das deficiencias, pero tamén ofrecer posíbeis solucións a través de novas liñas estratéxicas de actuación dende as políticas educativas, académicas e investigadoras, sobre as que camiñar para paliar as debilidades e para que a crítica académica comece a dar os seus froitos, labor no que eles se implican anualmente, como veremos. Deste modo, ofrécese un instrumento a través do que coñecer cómo se desenvolveu a docencia e a investigación nos diferentes ámbitos lingüísticos, pero tamén os seus froitos na crítica académica e na divulgación, labor que xa tiña sido realizado para o ámbito galego en traballos pioneiros como o de Blanca-Ana Roig e Isabel Soto (2001: 476-489), un antecedente no que se analiza o estado da crítica académica coas súas variantes tanto en monografías coma en revistas especializadas, e tamén da crítica xornalista e as súas variantes, entre as que introduciron a denominada autorial.

É de salientar que para a constitución desta Rede se contou cunha axuda do Ministerio de Educación y Ciencia¹² e despois da Xunta de Galicia ¹³, institucións das que é necesario un maior compromiso coa Literatura Infantil e Xuvenil, situándoa como liña prioritaria nas convocatorias de proxectos, dada a importancia que esta literatura ten na vida dos nenos e nenas, dos mozos e mozas, xeracións de lectores do futuro, na que polo de agora se teñen dedicado múltiples esforzos á promoción e difusión, pero moitos menos, por non dicir practicamente ningún, a proxectos de investigación, verdadeiros nichos de traballos académicos que contribúan á formación dos mediadores e de futuros críticos, imprescindíbeis para coñecer a historia da cultura de cada país, o que sen dúbida redundará nunha mellor formación do lectorado, unha eiva posibelmente que causou a caída do hábito lector, pola falta de criterio para a recomendación de lecturas fundamentais en función dos intereses do lectorado, pero tamén para o asentamento da educación literaria.

Dende o punto de vista académico, tamén se lle debe a Roig o voluntarismo de iniciar seminarios sobre a Literatura Infantil e Xuvenil nos Programas de doutoramento, primeiro da USC, despois nun programa interdepartamental, e agora no Máster en Estudos Teóricos e Comparados da Literatura e da Cultura. Crossways in European Humanities. Erasmus Mundus

10 Na actualidade está formada polos seguintes investigadores: Pedro Cerrillo Torremocha (Universidad de Castilla-La Mancha), Jesús Sebastián Díaz Armas (Universidad de La Laguna) e Victoria Sotomayor Sáez (Universidad Autónoma de Madrid), no ámbito castelán; Ramón Lloréns (Universitat d'Alacant), Gemma Lluch Crespo (Universitat de València) e Caterina Valriu Llinàs (Universitat de les Illes Balears), ámbito catalán; María Jesús Agra Pardiñas, Carmen Franco Vázquez e Blanca-Ana Roig Rechou (Universidade de Santiago de Compostela), ámbito galego; José António Gomes (Escola Superior de Educação do Instituto Politécnico do Porto), Ana Margarida Ramos (Universidade de Aveiro) e Sara Reis da Silva (Universidade do Minho), ámbito portugués; Xabier Etxaniz Erle e María José Olaziregi Alustiza (Euskal Herriko Unibertsitatea / Universidad del País Vasco), ámbito vasco; Laura Guerrero (Universidad Iberoamericana Ciudad de México), Norma Chilleni de Lucero (Universidad Nacional de San Luis, Arxentina), Magdalena Damaris Vasquez Vargas (Universidad de Costa Rica) e João Luís Ceccantini (Universidade Estadual Paulista “Júlio de Mesquita Filho”). Ademais dos investigadores colaboradores galegos Eulalia Agrelo Costas, Pilar Bendoiro Mariño, Esther de León Viloria, Mar Fernández Vázquez, Carmen Ferreira Boo, José M^a Mesías Lema, Isabel Mociño González e Marta Neira Rodríguez (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades / Universidade de Santiago de Compostela / Universidade da Coruña / Universidade de Vigo).

11 Volume que tamén se pode consultar e descargar na páxina en liña <http://www.usc.es/lijmi/> (Apartado “Publicacións en Liña”) en formato PDF.

12 Referencia: (HUM2004-20052-E) e (HUM2005-23895-E/FILO).

13 Código 2009/RC072.

Masters, por referirme só aos másters de investigación¹⁴, seminarios que propiciaron que un amplo grupo de investigadores en formación comezasen a traballar neste terreo específico, primeiro con traballos titorados¹⁵ e agora con traballos fin de máster¹⁶, que deron paso a un número considerábel de teses en curso¹⁷ que serán defendidas nun prazo curto de tempo, seguindo coas contribucións dentro dos estudos regrados, como xa fixo Mónica Domínguez Pérez, que en 2006 defendeu na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela a tese *La traducción en el interior de las comunidades interliterarias específicas. El caso de la literatura infantil y juvenil en el ámbito español*, dirixida por Fernando Cabo Aseguinolaza e Blanca-Ana Roig Rechou¹⁸, pois con anterioridade só se defendera a de Xosé Antonio Neira Cruz, na Facultade de Xornalismo (2004), unha investigación centrada na descrición de publicacións periódicas que acolleron a Literatura Infantil e Xuvenil¹⁹.

A través do traballo en equipo destes investigadores e críticos e dos traballos resultantes, tense observado que as debilidades da Literatura Infantil e Xuvenil galega son na maior parte dos casos compartidas polas literaturas do marco ibérico, no que tamén adoecen da falta de crítica académica, agás excepcións e non moi significativas no sistema castelán, máis amparado polo aparato institucional. En xeral todas estas debilidades débense, como se viu, fundamentalmente á ausencia desta literatura nos currículos académicos en España, mentres que teñen unha maior presenza e tradición en países próximos como Portugal ou máis afastados, como o Brasil, por poñer exemplos dentro da lusofonía.

O resultado de todo isto no ámbito galego é que a crítica académica máis axustada á súa especificidade podemos atopala nas monografía que anualmente publica a Rede LIJMI, froito das actividades que realiza, dado que en cada entrega se comentan, seguindo teorías diversas, obras de todos os tempos, sen esquecer a actualidade, e centrándose na temática elixida para traballar anualmente. Estes monográficos²⁰ configuran unha serie na que se abordan panorámicas

14 Dado que Roig tamén imparte seminarios nos máster de secundaria e edición, másters de carácter profesionalizador.

15 Como foron, por orde cronolóxica, os de Alicia Munín, *Os paratextos na Literatura Infantil e Xuvenil galega* (2003); Eulalia Agrelo Costas, *Os inicios da Literatura Infantil e Xuvenil galega á luz do comparatismo e da Teoría dos Polisistemas* (2005); Marta Neira Rodríguez, *A literatura nas publicacións periódicas compostelás do Recurdimento. Aplicacións comparadas* (2005); Isabel Mociño González, *A incursión da ficción científica nos sistemas literarios portugueses e galego. Aplicacións comparadas* (2006); Pilar Bendoiro, *A tradución de Literatura Infantil e Xuvenil do inglés ao galego*: Arthur Conan Doyle (1859-1930) (2010); Mar Fernández Vázquez, *Carlos Casares no campo/sistema da LIX galega* (2010); Carmen Ferreira Boo, *O conto de transmisión oral na Literatura Infantil e Xuvenil galega* (2000-2009): tipos de reescritura (2010); Amaya Obata Mourinho de Almeida Prado, *Da adaptación à apropiación: Dom Quixote de Monteiro Lobato* (2010); Geovana Gentili Santos, *Quando dois clássicos se encontram: Charles Perrault (1628-1703) e Monteiro Lobato (1882-1948)* (2010); Vanessa Regina Ferreira da Silva, *Por dentro da arte: un estudo comparado de Amigos secretos* (1996), de Ana Maria Machado, e *A casa da luz* (2002), de Xabier P. Docampo (2010), todos eles defendidos na Universidade de Santiago de Compostela.

16 Como foi o caso do realizado por Mónica Álvarez, *O bosque animado: implicacións didácticas do cinema na adquisición da competencia-literaria*.

17 Como son as de Eulalia Agrelo Costas, *Da institución escolar ao centro do canon*: Agustín Fernández Paz; Mónica Álvarez, *Educación literaria e Literatura Infantil e Xuvenil*; Pilar Bendoiro Mariño, *Análise das tipoloxías de trasvase inglés-galego na Literatura Infantil e Xuvenil*; Mar Fernández Vázquez, *A actuación de Carlos Casares no sistema literario galego*; Carmen Ferreira Boo, *A reescritura do conto de transmisión oral na Literatura Infantil e Xuvenil galega*; Isabel Mociño González, *Estudo comparado da narrativa infantil de ficción científica nas literaturas galega e portuguesa*; Marta Neira Rodríguez, *A muller na narrativa infantil e xuvenil sobre Guerra Civil española no marco ibérico*; Raquel Patriarca, *O libro para crianças nas bibliotecas públicas portuguesas: 1836-1986*; Amaya Obata Mourinho de Almeida Prado, *Don Quixote de la Mancha nas Literatura infantís e xuvenís galega e brasileira*; Geovana Gentili Santos, *A tradición dos contos de fadas e a constitución da Literatura infanto-xuvenil brasileira e galega*; Vanessa Regina Ferreira da Silva, *A Literatura Xuvenil en sistemas literarios periféricos: Brasil e Galicia*. Estudo comparativo, todas elas dirixidas por Blanca-Ana Roig Rechou.

18 En Portugal tamén dirixiu e xa foi defendida a tese de Sara Reis da Silva, *Presença e Significado de Manuel António Pina na Literatura Portuguesa para a Infância e a Juventude*, dir. Fernando Azevedo e Blanca-Ana Roig Rechou, Universidade do Minho, 2009.

19 Tamén un Traballo de Investigación Titorado, debido a Montse Pena Presas, que na actualidade ten inscrita baixo a dirección de Dolores Vilavedra unha tese sobre as figuras femininas na literatura infantil e xuvenil.

20 Que son: *Para entenderte mellor. As Literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico. Cinema e Literatura* (2005), *Hans Christian Andersen, Jules Verne e El Quijote na Literatura Infantil e Xuvenil do marco ibérico* (2005), *Multiculturalismo e identidades permeáveis na Literatura Infantil e Xuvenil* (2006), *Teatro infantil. Texto e representación* (2007), *A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil* (2008), *A poesía infantil no século XXI* (2000-2008) (2009) e *Reescrituras do conto popular 2000-2009* (2010).

historiográficas, a presenza dos clásicos en cada unha das literaturas, fenómenos de plena actualidade como o multiculturalismo e a súa incidencia na configuración das identidades, xéneros canónicos, como o teatro e a poesía, temáticas como a guerra civil, a reescritura dos contos populares, etc., e ofrecen seleccións cara á educación literaria de obras canonizadas, de actualidade e comentarios sobre elas, seguindo os tópicos que caracterizan a crítica literaria. É de salientar que estas obras están escritas nas linguas propias de cada un dos investigadores, reflexo da riqueza lingüística e do diálogo intercultural entre os diferentes ámbitos do marco ibérico e iberoamericano. Por outra parte, tamén se recollen achegas de especialistas doutros grupos, respondendo á colaboración e intercambio de coñecementos que busca esta rede de investigadores que pretende analizar de forma comparativa e dende as teorías literarias máis contemporáneas a produción, mediación e recepción das literaturas infantís e xuvenís dos distintos ámbitos lingüísticos que representan e ver cómo se responde dende cada un deles a partir da produción a correntes formais e temáticas. É de salientar neste sentido a organización e próxima celebración do Encontro “Investigar en Literatura Infantil y Juvenil”, que se levará a cabo en Cuenca en marzo de 2011, dirixido aos investigadores máis novos coa finalidade de ofrecer un panorama xeral das investigacións que se están levando a cabo en España, Portugal e Iberoamérica.

Á serie de monografíaas que vimos de sinalar hai que engadir as que os membros do ámbito galego e portugués de LIJMI teñen publicado ²¹ nos últimos anos, nas que a crítica académica se fai totalmente visíbel, xa que analizan os clásicos de ambos sistemas literarios, o desenvolvemento da literatura dramática ou a presenza de temáticas como a memoria histórica e o mar.

É probábel que unha das eivas destas coleccións de monografíaas sexa a súa escasa difusión, distribuídas en Galicia e Portugal, respectivamente, cunha tiraxe reducida, polo que é de barallar a posibilidade de buscar outros medios, como a rede, para unha difusión de maior alcance. De situarnos na rede e as súas posibilidades, habería que referirse á falta de visualización dos *Informes de Literatura* (1995-2010), onde están descritos os traballos de crítica literaria, un proxecto que malia as facilidades de poder consultarse e descargarse dende a páxina en liña é máis consultado do que citado, como se observa polo gran número de visitas que ten a páxina, que non se corresponde coa súa presenza nas bibliografíaas.

Canto á crítica académica que se realiza en Galicia pero centrada noutros sistemas literarios e no seu diálogo intersistémico, á que como tamén fixo ver Arturo Casas se debe atender, hai que destacar que Veljka Ruzicka Kenfel creou un grupo de investigación na Universidade de Vigo, que incluíu liñas sobre a Literatura Infantil e Xuvenil alemá pero tamén sobre a inglesa e sobre a análise da tradución de obras destas literaturas a outras linguas, entre elas á galega. Grupo no que son de salientar os traballos de dúas investigadoras que seguiron, coma Veljka, abrindo camiños, como é o caso de Celia Vázquez e Lourdes Lorenzo, que dirixiron traballos de investigación e teses, algunhas xa lidas, e que comprometeron a investigadores con esta literatura.

Estas tres investigadoras puxeron en marcha a **Asociación Nacional de Investigación de Literatura Infantil y Juvenil** (ANILIJ, 1998, www.anilij.uvigo.es) que acolle os investigadores que dende España traballan neste campo do saber e a outros adheridos, pertencentes a países diversos onde non hai asociacións deste tipo. Comezaron a reunilos, xunto a investigadores doutros países, en congresos e xornadas nacionais e internacionais, reunións que deron como resultado o debate, intercambio e colaboración en traballos varios, que resultan imprescindíbeis para quen se achegue á crítica académica sobre a Literatura Infantil e Xuvenil, dado que abren vías de diálogo entre os investigadores asociados, aos que mantén informados de acontecementos

21 *Grandes autores para pequenos lectores. Literatura para a infancia e a juventude: Elementos para a construción de un cânone* (2007), *Do Livro à Cena* (2008), *Teatro para a Infância e Juventude. Aproximações à literatura dramática* (2008), *A Memória nos Livros: História e Histórias* (2009) e *Maré de Livros* (2010).

ao redor da Literatura Infantil e Xuvenil e lles ofrece ademais a oportunidade de internacionalización a través da súa pertenza á International Research Society for Children's Literature (IRSCSL).

Por outra parte, a Asociación Nacional de Investigación de Literatura Infantil y Juvenil conta con diferentes seccións, como **ELOS (Asociación galego-portuguesa de investigación en Literatura Infantil e X/Juvenil)**, que ademais dos investigadores galegos acolle tamén os da lusofonía, configurando un amplo abano de colaboracións e intercambio entre especialistas. Unha boa mostra disto é a convocatoria da "I Jornada Internacional de Crítica e Investigación en LIJ" celebrada en Vigo os días 18 e 19 de novembro de 2010, que pretende reunir a todos os grupos e investigadores desta literatura para coñecer de primeira man as súas liñas de traballo, debater sobre as necesidades que se observan e fomentar o diálogo, colaboración e intercambio entre os especialistas. É de salientar tamén a convocatoria por parte da Asociación dun premio de investigación en Literatura Infantil, único na súa modalidade.

Para unir esforzos e impulsar a investigación e crítica sobre a Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia e noutros ámbitos lingüísticos os grupos e a Asociación xa citados deron un primeiro paso coa creación da **Unidade de Investigación "As literaturas infantís e a súa tradución"** (<http://lij.uvigo.es/>)²², coordinada por Veljka Ruzicka Kenfel, coa finalidade de reestruturar grupos que traballaban sobre liñas de investigación similares no sistema universitario galego. Polo de agora, as reflexións conxuntas desta "Unidade de Investigación" deron lugar a monográficos²³ e participacións en congresos, nos que se abordaron cuestións de xénero, do diálogo entre texto e imaxe e os medios audiovisuais.

En relación aos resultados dos críticos e investigadores membros desta Asociación, dos grupos e da Rede temática, unha boa parte dos traballos de marcado carácter académico téñense visibilizado, ademais de en monografías como as citadas, tamén nas revistas especializadas, como é o caso de *ALLIJ (Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil)*, unha das poucas publicacións periódicas regulares, escrita en inglés e castelán, na que cada vez hai unha maior preocupación pola crítica de Literatura Infantil e Xuvenil galega.

Outra das revistas especializadas é a semestral *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infancia e Juventude*, escrita en galego e portugués, que dende o ano 2007 iniciou unha segunda serie, na que ten como liña prioritaria a vertente científica, dirixida por José António Gomes, que hoxe falará da crítica no ámbito portugués, e que polo de agora ten publicado cinco números (do 15 ao 19) e está no prelo o 20, que sairá en breve.

Con anterioridade a estas publicacións, só unha revista, *Fadamorgana*, viu a luz en lingua galega centrada na Literatura Infantil e Xuvenil, pero á súa falta de periodicidade hai que engadir o carácter eminentemente divulgador, máis ca académico, crítico e selectivo, aínda que esta variante crítica nalgún caso ocupou as súas páxinas. Na liña de *Fadamorgana* hai que citar tamén outras revistas especializadas que acolleron mostras de Literatura Infantil como foron *Papeles de Literatura Infantil*, hoxe desaparecida, e a revista *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, onde é de destacar dende Galicia o labor de María Jesús Fernández. A isto hai que engadir os traballos que críticos galegos incorporan a outras revistas de literatura institucionalizada que acolleron, aínda que pouco, a Literatura Infantil e Xuvenil, como foi o caso das desaparecidas *Guía dos Libros Novos*, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* e *Revista Galega do Ensino*, e as que seguen publicándose, *Boletín Galego de Literatura*, *Grial*, *Revista Galega de Educación* e o suplemento "*Protexa*" de *Tempos Novos*, por citar algúns exemplos, nas que en xeral predominan

22 Convocatoria pública da Xunta de Galicia (Ref. 2006/48-0) e que se constituíu nun "Grupo de calidade" formado polos grupos xa citados que teñen a Literatura Infantil e Xuvenil como obxecto básico de estudo, aos que se uniron outros da Universidade de Vigo para se iniciar tamén nesta investigación.

23 Como son: *Diálogos intertextuales 1: De la palabra a la imagen. Estudios de literatura infantil y juvenil* (2010), *Diálogos intertextuales 3: En busca de la voz femenina. Temas de género en la literatura infantil y juvenil de la Península Ibérica y Latinoamérica* (2010) e *Diálogos intertextuales 4: Estudios de literatura infantil y juvenil: medios audiovisuales* (2010).

as recensións de obras premiadas, comentarios de urxencia, de obras de última hora, polo tanto sen os sedimentos que precisan os comentarios con máis perspectiva, ocupándose en moi menor medida das obras monográficas e ensaísticas. Este feito tamén se observa en soportais electrónicos de referencia, como LG3 (<http://www.culturagalega.org>), a revista virtual do Consello da Cultura Galega, na que as obras seleccionadas responden en boa medida á novidade e tamén ao recoñecemento dalgún galardón. Trátase dun tipo de crítica que precisa aínda un tempo para situarse e ver a repercusión que ten sobre as obras analizadas, aínda que nos parece que se restrinxe a súa recepción ao grupo de axentes involucrados no feito literario, mentres que resulta practicamente invisíbel máis alá deles, en especial para moitos mediadores, que seguen amosando unha gran resistencia ás canles electrónicas.

En definitiva este tipo de crítica académica, ou letrada, seguindo a Lewis, dado que precisa unha formación, intégrase fundamentalmente en monografías, como vimos, en revistas e en menor medida nalgúns suplementos de xornais e medios electrónicos, nos que unha boa parte dos reseñadores ou recensionadores de libros, entre eles tamén os de Literatura Infantil e Xuvenil, proveñen, como sinala Ramón Nicolás (2008: 21), “*maioritariamente do ámbito do ensino secundario ou universitario público e todos e todas, sen practicamente excepción, posúen certo currículo no que se refire, alén da docencia, en traballos de investigación literaria ou ensaística e ficción literaria*”, aspecto que está intimamente ligado á práctica imposibilidade de vivir profesionalmente de exercer a crítica. É por iso que Nicolás considera que a principal diferenza entre certa crítica xornalística e académica, e a que se realiza en liña, ten que ver co “*soporte que terma delas e, se se quer, na selección léxica que se debe empregar na primeira, marcada por certa sinxeleza, brevidade e concisión, centrada polo xeral en libros de actualidade, fuxindo de toda opacidade ou cripticismo e procurando ofrecer unha orientación ao lector*” (Nicolás, 2008: 18), aínda que “*as dúas han de convivir sen teren que enfrontarse*”, como tamén ocorre na que se ofrece nos soportais, blogs e páxinas en liña. Esta idea é a que levou a algúns membros do grupo ELOS a manter dende abril de 2010 unha páxina semanal sobre Literatura Infantil e Xuvenil no xornal santiagués *El Correo Gallego*, na que ademais de lecturas actuais se atende á historia da Literatura Infantil e Xuvenil galega, aos clásicos universais, ás relecturas e traducións e á crítica académica, nun claro afán de seleccionar e canonizar, á vez que orientar e formar os mediadores entre o libro e a lectura a través dun medio que chega a un amplo sector de público.

Por último, é de salientar tamén que mentres na crítica académica galega da literatura institucionalizada se constata a dependencia que ten de efemérides como o Día das Letras Galegas (Casas, 2008), a crítica académica infantil segue outros parámetros moi diferentes, malia que as editoras lancen tamén algunhas creacións e recreacións ao redor desta efeméride, con marcado carácter instrumental. Efeméride que para non distorsionar a produción crítica sobre ela, os *Informes de literatura* tratan á parte. Na Literatura Infantil e Xuvenil non existe ningunha efeméride comparábel, pois nin o Día do Libro Infantil, nin o Día da Biblioteca crea unha resposta crítica como o Día das Letras Galegas. Como moito, por referirnos a tratamentos especiais é de sinalar que a crítica máis abundante sobre LIX se circunscribe ás obras merecedoras de galardóns provenientes dos premios literarios, medios de canonización por excelencia.

Por todo o dito e para concluír, obsérvase que:

1. A crítica académica da Literatura Infantil e Xuvenil, tal como se concibe na actualidade e que intentei definir ao comezo do meu traballo, xurdiu inicialmente da man de investigadoras pioneiras que animaron a investigadores en formación a seguir os seus pasos, ampliando liñas e articulando grupos interdisciplinares e multiculturais que fosen quen de, a partir da crítica e da investigación, situaren o sistema literario galego en igualdade de condicións con outros sistemas literarios próximos, algúns máis asentados pero ante os que ten demostrado a súa fortaleza e aposta polas iniciativas que ten posto

en xogo, ás que se teñen unido investigadores doutros ámbitos lingüísticos do marco ibérico e tamén de Iberoamérica, abandeirando un labor necesario aínda que pouco visibilizado polo momento.

2. Nas últimas décadas a crítica académica en Galicia ten experimentado un grande avance, malia o número reducido de persoas que se teñen ocupado deste labor, que ben é certo que cada día son máis, polo que á vista dos resultados se pode dicir que son cando menos esperanzadores de cara ao futuro aínda que haxa que salvar moitas eivas como a falta de espazos onde publicar, como revistas especializadas, premios e proxectos de investigación que sigan estimulando as novas promocións para que traballen coa Literatura Infantil e Xuvenil.

3. Canto ás debilidades paréceme perentoria a necesidade de que as institucións se involucren na creación de infraestruturas sólidas, fundamentalmente de cara á inclusión da Literatura Infantil e Xuvenil nos currículos académicos, única forma de garantir un coñecemento básico entre os futuros mediadores, e que non só apoiem a promoción e divulgación, que tamén é necesaria, pero moitas veces de escasa rendibilidade pola carencia de instrumentos previos de formación.

4. É necesario tamén loitar contra os receos ao redor desta produción crítica que por razóns diversas, algunhas non alleas ás existentes en xeral para o gran público é considerada moitas veces de forma pexorativa con termos como “intelectual”, “ensaísta”, “densa”, “aburrida”, “chea de terminoloxía científica”, etc., moito máis se cabe na sociedade actual, que se rexe pola inmediatez e a necesidade de novidades constantes. Na maior parte dos casos xa sexa por falta de formación, xa sexa por intereses que se entenden alleos á produción científica, non se recorre a esta crítica académica ou faise dun xeito puntual, desaproveitando as súas múltiples posibilidades e a liberdade que ofrece ao non se rexer polos intereses xa de políticas educativas, xa de institucións editoriais.

Agardamos que a medida que a Literatura Infantil e Xuvenil se siga consolidando e innovando atope tamén unha maior resposta por parte da crítica académica, na que se atenda aos métodos máis actuais, se ampare en grupos cada vez máis amplos e diversificados, en persoas especializadas que traballen neste terreo e, tamén hai que dicilo, aquelas que comezan a participar de xeito esporádico ou fóra de grupos, e que coñezan unha produción cada vez máis ampla e diversa, describindo, sistematizando, analizando, seleccionando e tamén comparando. En definitiva, situándonos no mapa do mundo actual e no coñecemento da cultura universal, para o que a crítica é imprescindible como se recoñece dende este recanto do mundo, máis se cabe dende este emblemático lugar da Praza do Obradoiro, final do Camiño.

Bibliografía citada:

- Agra Pardiñas**, M.^a Jesús e Blanca-Ana **Roig Rechou** (2004), *A memoria das guerras na literatura infantil e xuvenil en lingua galega*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Gálix.
- Becerra Suárez**, Carmen e Ana **Fernández Mosquera** (eds.) (2010), *Diálogos intertextuales 1: De la palabra a la imagen. Estudios de literatura infantil y juvenil*, Frankfurt: Peter Lang.
- Casas**, Arturo (2008), “A crítica académica da literatura galega: perspectivas e propostas”, en Xosé Manuel Eyré, M. Xesús Nogueira e Olivia Rodríguez (eds.), *Escrita contemporánea. A crítica literaria galega*, A Coruña: Asociación de Escritores en Lingua Galega, pp. 29-42.
- Cobas Brenlla**, Xulio (1990a), *Historia da literatura infantil e xuvenil galega*, Santiago de Compostela: Edición do autor.
- _____ (1990b), *Autores galegos de literatura infantil*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Fernández Paz** (1989), *Os libros infantís galegos*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Consellería de Educación e Cultura.
- _____ (1990), *Ler en galego (I). Estratexias e libros para a animación á lectura dende as aulas*, Vigo: Ir Indo Edicións, col. A fraga. Manuais.
- _____ (1999), *A literatura infantil e xuvenil en galego*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Peto, serie Claves, n.º 13.
- García Teijeiro**, Antonio (1989), *O libro na escola: as bibliotecas escolares e de aula*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. Andel, n.º 2.
- Gomes**, José António e Blanca-Ana **Roig Rechou** (coords.) (2007), *Grandes autores para pequenos lectores*, Porto: Deriva Editores/Grupo de Investigación “Literatura infantil e xuvenil e a súa tradución”/LIJMI (Rede Temática de Investigación “Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano”).
- _____ (2008), *Teatro para a Infância e Juventude. Aproximações à literatura dramática*, Porto: Deriva Editores/Grupo de Investigación “Literatura infantil e xuvenil e a súa tradución”/LIJMI (Rede Temática de Investigación “Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano”).
- Gomes**, José Antonio, Isabel **Mociño**, Ana Margarida **Ramos** e Blanca-Ana **Roig Rechou** (coords.) (2010), *Maré de Livros*, Porto: Deriva Editores/Grupo de Investigación “LITER21”/LIJMI (Rede Temática de Investigación “Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano”).
- Lewis**, C.S. (2009), *Um experimento na crítica literária*, trad. João Luís Ceccantini, São Paulo: Editora UNESP.
- Lluch**, Gemma e Blanca-Ana **Roig Rechou** (coords.) (2005), *Para entenderte mellor. As Literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico. Cinema e Literatura*, Santiago de Compostela: Servizo de publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.
- Mociño González**, Isabel, Marta **Neira Rodríguez**, Ana Margarida **Ramos** e Sara **Reis da Silva** (coords.) (2008), *Do Livro à Cena*, Porto: Deriva Editores / LIJMI. Rede Temática “As Literaturas Infantís e Xuvenís do Marco Ibérico e Iberoamericano”.
- Nicolás Rodríguez**, Ramón (2008), “A crítica literaria xornalística da literatura galega”, en Xosé Manuel Eyré, M.^a Xesús Nogueira e Olivia Rodríguez (eds.), *Escrita contemporánea. A crítica literaria galega*, A Coruña: Asociación de Escritores en Lingua Galega, pp. 15-28.
- Pérez Pico**, Susana e Manuel A. **Candelas Colodrón** (eds.) (2010), *Diálogos intertextuales 4: Estudios de Literatura Infantil y Juvenil: medios audiovisuales*, Frankfurt: Peter Lang.
- Piñeiro**, Ramón (1968), “Literatura infantil en gallego”, en Bettina Hürlimann (ed.), *Tres siglos de literatura infantil europea*, Barcelona: Juventud, pp. 332-333.
- Ramos**, Ana Margarida, José António **Gomes** e Sara **Reis da Silva** (coords.) (2009), *A Memória nos Livros: História e histórias*, Porto: Deriva Editores/LIJMI. Rede Temática de Investigación “Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano”.

- Reyes**, Alfonso (1944), *El deslinde. Prolegómenos a la teoría literaria*, México: Fondo de Cultura Económica.
- Roig Rechou**, Blanca-Ana (coord.) (1996-2010), *Informe de literatura 1995-2009*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- ____ (coord.) (2005), *Hans Christian Andersen, Jules Verne e El Quijote na Literatura Infantil e Xuvenil do marco ibérico*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Fundación Caixa Galicia.
- ____ (2002), “La literatura infantil y juvenil en Galicia/ A literatura infantil e xuvenil en Galicia”, en Darío Villanueva Prieto y/e Anxo Tarrío Varela (coords.), *La Literatura desde 1936 hasta principios del siglo XXI: Narrativa y traducción/ A literatura dende 1936 ata principios do século XXI: Narrativa e tradución*, A Coruña: Hércules Ediciones, pp. 382-501.
- ____ (2006), “Ramón Piñeiro e a literatura infantil”, en Charo Ferreiro e Inmaculada Pena (coords.), *Encontro Ramón Piñeiro*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Deporte, pp. 29-39.
- ____ (2008), *La literatura infantil y juvenil gallega en el siglo XXI. Seis llaves para entenderla mejor/ A literatura infantil e xuvenil galega no século XXI. Seis chaves para entendela mellor*, Madrid/Santiago de Compostela: Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil/Xunta de Galicia.
- ____ (coord.) (2008), *Docencia, Investigación y Crítica de LIJ en el Marco Ibérico. Informe 2004-2007*, Cuenca: LIJMI/Centro de Estudios de Promoción de la Lectura y Literatura Infantil (CEPLI) - Universidad de Castilla-La Mancha.
- Roig Rechou**, Blanca-Ana e Isabel **Soto López** (2001), “La recepción, el imaginario y la realidad social en la literatura infantil y juvenil gallega”, en José Santiago Fernández Vázquez, Ana Isabel Labra Cenitagoya e Esther Laso y León (eds.), *Realismo social y mundos imaginarios: Una convivencia para el siglo XXI*, Alcalá de Henares: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Alcalá, pp. 476-489.
- Roig Rechou**, Blanca-Ana, Isabel **Soto López** e Pedro **Lucas Domínguez** (coords.) (2006), *Multiculturalismo e identidades permeáveis na Literatura Infantil e Xuvenil*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Fundación Caixa Galicia.
- ____ (2007), *Teatro infantil. Texto e representación*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Fundación Caixa Galicia.
- ____ (2008), *A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil*, ilustr. José María Mesías Lema, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Fundación Caixa Galicia.
- Roig Rechou**, Blanca-Ana, Isabel **Soto López** e Marta **Neira Rodríguez** (coords.) (2009), *A poesía infantil no século XXI (2000-2008)*, ilustr. Carmen Franco Vázquez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Fundación Caixa Galicia.
- ____ (2010), *Reescrituras do conto popular 2000-2009*, ilustr. María Jesús Agra Pardiñas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Fundación Caixa Galicia.
- Shavit**, Zohar (2003), *Poética da literatura para crianças*, Lisboa: Caminho, col. Universitária.
- Vázquez**, Celia (ed.) (2010), *Diálogos intertextuales 3: En busca de la voz femenina. Temas de género en la literatura infantil y juvenil de la Península Ibérica y Latinoamérica*, Frankfurt: Peter Lang.
- Vázquez Freire**, Miguel (1991), *Ilustradores galegos para nenos*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. Andel, n.º 8.
- Villanueva**, Darío (comp.) (1994), *Avances en Teoría de la Literatura. Estética de la Recepción, Pragmática, Teoría Empírica y Teoría de los Polisistemas*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Wellek**, René (1963), *Concepts of Criticism*, New Haven: Yale University Press [Trad. Edgard Rodríguez Leal, *Conceptos de Crítica Literaria*, Caracas: Universidad Central de Venezuela, 1968].



A crítica do libro infantil-xuvenil na prensa. Problemática en letra propia

Xosé Manuel Eyré

Antes de nada, e con obxecto de delimitar o alcance e trazabilidade destas palabras que quero subtítular “Problemática en letra propia”, quixera indicar que, como xa se le no subtítulo, dispóñome a relatarlles e reflexionar sobre a miña experiencia crítica no intre de ocuparme da LIX, subxénero literario que obviao significaría vivir de costas á propia evolución literaria, e, sobre todo, vivir de costas á evolución literaria desatendendo a parte que máis dinamismo lle presta a esa evolución literaria e que nas últimas décadas experimenta un desenvolvemento nunca antes coñecido.

En primeiro lugar, como é lóxico, unha problemática que axiña se manifesta é a que dimana do propio concepto da palabra crítica. Mentres nós, os críticos e críticas, sabemos perfectamente que a actividade crítica resulta crucial e imprescindíbel en calquera sociedade que se queira actual ou avanzada, pois defende e anima unha actitude mental activa que se pregunte sobre o fondo e significado das cousas, porén, para os medios de comunicación, aos que tan agradecidos estamos por nos ofreceren espazos para que a crítica da LIX se manifeste, se xa a crítica ocupa un lugar moi secundario, e mesmo prescindíbel nalgúns casos, podendo inclusive atrevernos a dicir que só manteñen o espazo crítico polo prestixio que iso lles reporta, pois entón ben se poderá imaxinar o que acontece coa crítica de LIX, a atención e tratamento que recibe nuns medios que centran no acontecer político a actividade humana da que dan conta. Un proceder cuestionábel, moi cuestionábel, se temos en conta que a actividade política non é precisamente a que meirandes satisfaccións nos depara día a día... senón todo o contrario, é aquela que meirandes desencontros, contrariedades e desgustos nos obsequia. Calquera que fíe na información xornalística unha identidade cabal do ser humano, concluirá que somos seres tristes, apaixonados da polémica estéril e só secundariamente dados á creatividade artística.

Este estado de cousas, a fin de contas, tamén reflicte e sinala a concepción operativa na meirande parte dos lectores ou, se se quer dicilo doutro xeito: a opinión máis estendida entre o vulgo dificilmente é consciente, na miña opinión, da relevancia cultural da actividade crítica. Tal problemática xenérica non desaparece á hora de escribir LIX, aínda a día de hoxe, outubro de 2010, este terríbel prexuízo custará, ao que se ve, moito tempo, esforzo e paciencia erradicalo. Con todo esa opinión non é única, certamente, pois tamén hai lectores libres dese prexuízo.

Poucos, infortunadamente. E tamén outros que, non ousando desprezala, intúen que debe ser respectada por necesaria na formación dos máis novos, porén non ofrecen nin posúen mellor argumentación nin son quen de concretala máis ou mellor. Por non falar de quen permanece absolutamente indiferente ante as incidencias que poida ter a LIX e a crítica a ela asociada.

Recoñecer isto é absolutamente necesario, na miña opinión. O crítico non debe emitir a súa mensaxe sen ter en conta o tipo de receptores que terá esta. O cal quere dicir tamén que o coñecemento do tipo de lector que lerá a súa escrita condiciona, ou debería, a propia crítica da LIX, pois non é o mesmo dirixirnos a un lector informado e consciente ca a outro ocasional e despreocupado; no segundo caso, como mínimo é aconsellábel introducir no discurso reclamos que iluminen ou atraian a disposición do lector cara a unha visión meliorativa da LIX e, por engadido, da propia crítica.

Non creo afastarme moito da verdade, aínda recoñecendo que cada xeneralización é un esaxero, se afirmo que a seguinte ecuación é fiel espello da realidade que vivimos e desta segunda problemática:

Se literatura é literatura, a LIX é literaturiña

ergo polo tanto

se a literatura ten crítica, a da LIX é critiquiña.

Ora que o preocupante xa non é só esa concepción desfigurada, anómala, terxiversadora e inxusta, tanto da crítica en xeral como, especificamente, da crítica de LIX. Nin sequera a negativa repercusión que na vida e benestar das persoas teña. Na miña opinión, o máis triste é que a orixe está na extensión.

Malia ditos como o de que o bo perfume en frasco pequeno se vende, de feito, a extensión das cousas vén sendo a súa imaxe, e dende a imaxe é dende onde, vulgarmente, primeiro se vulga. Para máis, á extensión breve dos libros infantís asimílase a pouca estatura dos receptores, os cativos, que vai acompañada dun rol vital secundario (non deixan de ser aprendices da vida) ás veces inclusive sentido como impertinente (“son cousas de nenos, xa medrarán”), confiando en que a propia vida é a que ensina a vivir, co que isto supón de despreocupación formativa e despección do propio sistema educativo no cal fiaron a súa formación.

Si. A Extensión. A extensión e a cantidade. Fartos estamos de comprobar como a magnitude constitúe o principal indicio de calidade na crenza da xente. O mellor hipermercado é o máis grande, o automóbil máis desexado é o máis potente ou caro, etecé, establecéndose unha igualdade GRANDE (burro grande, ande ou non ande): BON onde a LIX non sae ben parada. Non sae ben parada porque esta distorsión tamén afecta á literatura, pois hoxe vivimos tempos nos cales, como teño escrito en máis dun lugar, a extensión xa se está a converter nun valor literario máis. Non digo para nós, os activistas da crítica, mais si para o lector, o público, o lector. Para a crítica non, imposíbel, cando a extensión o único que garante é máis espazo e tempo para que o autor emende erros ou carencias anteriores; iso e unha derivada meirande familiarización do lector coa trama, tempo, lugar e protagonistas da historia, sendo quen, esa familiarización, de tapar, de esvaecer posíbeis imperfeccións na escrita. Esas imperfeccións, moitas veces, creo firmemente, eses detalles non saen, polo menos non todos, á luz porque á voz crítica tamén se lle ofrecen (dende a historia contada e dende a maneira de contala) múltiples aspectos tanxencias que engrandecen a propia historia contada ao insinuar posibilidades de contextualización e recontextualización que teñen máis que ver coa historia contada que coa bondade ou perfección da propia obra criticada.

A extensión, non; mais a familiarización si é consecuencia de valores literarios. Na sapiencia narrativa do autor radica o feito de que no lector prenda afecto axiña coa historia e protagonistas. Porén, para a familiarización non é imprescindible a longa extensión, podéndose establecer que a distancia longa, cando é a única ancoraxe da familiarización, a única áncora a xerar afecto, resulta o procedemento menos elaborado e máis simple que se poida imaxinar.

E, con todo, o número de páxinas das novelas para adultos non deixa de medrar.

Aínda que nunha novela de 1.000 páxinas poida haber menos literatura que nun conto que en pouco ultrapasa o cento de liñas.

Fronte a isto, a brevidade da LIX obriga a unha meirande pericia narrativa, pois dispónse de menos tempo e espazo, aínda contando con que o lector canto menos adulto e máis facilidade ten para aceptar contratos lectores sen discutir, máis libre é. A sorte da LIX, neste caso, corre moi parella á da Literatura Mínima ou Hiperbreve. Ambas constitúen probas de fogo narrativas, pois se o autor non é narrador experimentado...o fracaso é seguro.

Se a problemática da LIX, na parte correspondente aos textos para os máis novos, é así, non lle é allea a da crítica que dá conta dela, pois a problemática da crítica está tamén condicionada pola da literatura da que se ocupa. Non só hai que vencer a resistencia dos medios a darlle mellor cobertura senón tamén a dos lectores dese medio, lectores que a miúdo están influídos por algún tipo de prexuízos sociais en contra da literatura para os máis novos. Prexuízos que non son tan poucos como queremos e quizá non estea de máis lembrar como a un veciño de meu o alcumaron “o novelas” porque lles tiña moita afección. Aínda, afortunadamente, vive; como, infortunadamente, aínda viven prexuízos en contra da lectura en xeral. E máis sendo para nenos. É un feito que a xente tende a minusvalorar, cando non desprezar, aquilo que aprendeu na infancia máis tenra ou que lle lembra cando neno. Seguramente porque non lle custou traballo esa aprendizaxe. Como, outro exemplo, a propia lingua, pois foi aprendido “cando tiñan pouco uso e razón”. Os críticos debemos ser unha das excepcións que confirma a regra, pois xeralmente demostramos moito aprecio por eses anos.

Á hora de escoller entre escribir sobre unha novela ou un conto para nenos, o primeiro que a un lle vén á cabeza é que o conto ofrece menos posibilidades expresivas, menos ancoraxes dende as cales construír o texto crítico. E moitas menos se aceptamos o reto de escribir un texto crítico que ocupe o mesmo espazo que unha crítica para adultos. Dende onde se pode colixir a verdadeira dimensión da problemática que enfrenta o crítico de LIX, porque o certo é que a crítica de LIX merece a mesma consideración que a crítica para adultos e non menos espazo. Porén, nin moito menos rematan aí as pedras no camiño. Porque a todo iso hai que engadir outro factor. O neno non é quen compra eses libros, polo que a crítica debe pasar o filtro intermediario da opinión adulta: a crítica, a quen debe contentar é aos adultos, que só pagan, as máis das veces, que son consumidores mais non lectores.

Permítaseme outra alusión á propia experiencia. Entre as actividades de animación á lectura que teño desenvolto, unha é a creación de clubs de lectura. Na primeira ocasión, con xa abondo anos de práctica crítica enriba, non fun quen de imaxinar que a primeira persoa en presentarse para formar parte de club... foi unha nai, inqueda porque non sabía que lecturas lles podía ofrecer aos seus fillos. Quizais o dato non ilustre outra cousa máis que o necesaria que é, xa non só a LIX, senón a crítica da LIX. E, sobre todo, que a crítica da LIX conte con plataformas axeitadas dende as cales se poida manifestar. Unha Administración eficiente e preocupada polo benestar dos seus administrados, non deixaría de preocuparse porque, tanto a LIX como a crítica da LIX, tiveran a máxima difusión posíbel, pois son a primeiras pedras nos alicerces para que a cidadanía acade unha formación suficiente dende a cal encarar a vida con seguranza e criterio propio... e non se vexan condenados a ser simple man de obra só capacitada para consumir e actuar nos chanzos máis baixos da escala produtiva. Lonxe disto, a Administración pecha ollos e oídos, facendo posíbel unha imaxe distorsionada da realidade. Mentres a LIX galega conta con autores e obras de prestixio recoñecido, moitos cidadáns permanecen na súa ignorancia e, o que é peor, moito máis grave, un gran número de docentes tampouco son coñecedores do catálogo de posíbeis lecturas de LIX que ofrece a literatura galega. A día de hoxe, podo asegurar que non houbo ano académico en que compañeiros na docencia secundaria non se teñan achegado a min en demanda de información lectora para os seus alumnos, colegas da docencia secundaria, como digo, mais tamén da primaria. A maior abundamento: dende que o centro no que imparto entrou no Plan de Mellora de Bibliotecas e dende a creación do Club de Lectura,

non houbo ano no cal, nas reunións que ao efecto se convocaron, o ambiente non estivera tinxido pola urxencia, pola necesidade de coñecer máis títulos, de posuír máis alternativas lectoras. O cal demostra, en primeiro lugar, o interese destes profesionais (voluntaristas, non recoñecidos como tales) da divulgación e animación lectora no eido escolar; mais tamén transparente a escasa difusión da LIX e con ela a da crítica que lle dá cobertura. Pois non hai que esquecer que o discurso crítico é o primeiro e menos contaminado de intereses na difusión da obra escrita. E se é un valor, este da divulgación, ao que ningunha crítica de ningún sistema literario debe renunciar, de ningunha maneira debe deixar de facelo a crítica galega, que dá conta dunha literatura tan antiga como combatida e actualmente ninguneada e aldraxada polas autoridades a que compete o deber de amparala e difundila. E se isto de si da Administración, non poden quedar no esquezo os medios de comunicación, *eses a que tan agradecidos estamos* e mais os que en absoluto merezan tal aprecio. Vai sendo hora de que tanto a LIX como a súa crítica abandonen a marxinalidade e sexan tratadas conforme á importancia que as dúas teñen para o desenvolvemento e benestar cultural e económico da sociedade á que se dirixen. Non facelo é mentir, ocultar a realidade.

Deica agora viñemos falando da LIX e crítica para os máis novos. Porén, hoxe, a literatura galega contempla lecturas para calquera tramo de idade. Con todo, a efectos do discurso crítico, a problemática para as idades pre-adolescentes, non é, na miña opinión, diferente do que vimos expresando. Mais ten as súas especificidades. Son lectores que xa fan oír a súa voz, dan a súa opinión antes de mercar e demandan determinados tipos de lecturas. Porén, a crítica chégalles pouco, nin están educados para consultala nin esta adoita publicarse en soportes a eles dirixidos senón aos adultos, que nestas idades tenden a desprenderse da educación dos seus fillos e confíala ao sistema educativo. Falo en xeral, naturalmente. Da intermediación do sistema educativo como fornecedor de lecturas vimos de comentar antes, e non mellora como debera o acceso ao libro dos rapaces e rapazas, agás en casos moi excepcionais, mais tampouco é iso o que aquí nos atinxe directamente senón dous feitos: por unha banda a necesidade de prover de lecturas estes alumnos, por outra o escaso coñecemento da evolución editorial (ui!, se non chega a ser polos viaxantes das casas editoras...). Ambos os dous deberían ser cubertos pola actividade crítica, sobre todo se pensamos que estas idades son moi influenciábeis ao discurso publicitario. E xogamos con desvantaxe, os rapaces si acceden doadamente ao discurso publicitario mais nin lles foi creada a necesidade de botar man do discurso crítico, nin este se manifesta en plataformas a eles dirixidas especialmente, nin o discurso crítico se presenta adubado coa espectacularidade típica publicitaria... e iso resulta decisivo. Mentres á crítica só lle queda procurar esforzarse en ser ameno e divulgativo, fundamentalmente, o cal non é, para nada, asunto central á hora de elaborar un texto crítico que faga xustiza á obra lida.

Non quero esquecer as tentativas de inserir o discurso crítico en espazos reservados ao lector de menos anos. Convén sinalar, porén, que, polo regular, eses esforzos partiron de iniciativas privadas e, para ser xustos, máis que de discursos críticos botaban man de recursos de animación lectora ou, directamente, publicitarios. Penso, agora, nos suplementos de *ANT*, onde exercín a crítica durante 22 anos até que a conxuntura creada polo PP gobernante na Xunta fora decisiva á hora pechar. Se ben sempre defendín e defenderei a faceta divulgativa do discurso crítico, non é o mesmo que un discurso divulgativo vaia asinado por un crítico ou crítica que agochado no anonimato dalgún ben intencionado redactor. Non, a efectos de credibilidade.

Cando me puxen a escribín o primeiro texto crítico dun libro de LIX (*Leonel*, de Antón Cortizas, 1996), e con máis convicción segundo fun facendo outros, non dubidei de que un aspecto imprescindíbel eran os valores presentes no texto. Non estaba completamente seguro de que os valores (cívicos, morais, humanos, éticos, universais, sociais, naturais...) fosen un criterio literario. Hoxe ben podó dicir que como criterio literario ben prefiro eses valores ao número de páxinas, á extensión, alías de que non consideralos como valores literarios resulta dun prexuízo como mínimo moi discutíbel: o de que a literatura só é literatura en virtude da potenciación e

traballo no plano expresivo, cando en realidade o plano do contido tamén é literario e obvio que significa roubar unha boa parte da Literatura. Debo dicir, porén, en honor á verdade, que esta é unha conclusión na que fun enraizando con máis forza segundo pasaba o tempo, e que, naqueles primeiros textos críticos, os valores tíñanos en conta fundamentalmente como fíos dos que os docentes podían tirar para incorporar os libros á aula, sobre todo para incorporalos dende materias que non foran Lingua e Literatura, nunha humilde tentativa de universalizar a LIX galega, pois aínda segue de actualidade ese prexuízo segundo o cal a LIX galega só fala de cousas galegas.

Co tempo, como digo, o tratamento dos valores no corpo do discurso crítico, fíxese afianzando totalmente libre de prexuízos minusvaloradores, sen que iso signifique que a literatura que tamén potencia o plano expresivo pasara a un segundo plano, nin moito menos. É certo que, nestas idades da adolescencia, non todos adoitan estar suficientemente lidos e preparados para saber recoñecer e aceptar as peculiaridades do texto literario que traballe o plano da expresión. Até o extremo de botar moito de menos aqueles tempos onde o comentario de textos (coxa cacería de figuras) era case o centro das aulas de lingua e literatura, porque daquela o recoñecemento e aceptación dos recursos literarios era bastante superior a hoxe. Porén, sendo iso certo, a LIX non debe renunciar, nin a LIX nin ningún autor, a traballar o plano da expresión. Do mesmo xeito que a lectura nas idades adolescentes tampouco debe ficar reducida a títulos LIX exclusivamente. Do mesmo xeito que tamén é falsa a equiparación entre lectura e narrativa, pois a literatura é bastante máis rica, moito máis.

Volvendo á narrativa (aínda non se fai teatro para adolescentes e, poesía, pouco máis, afortunadamente -sae gañando a familiarización coa lectura “adulta”- e, infortunadamente -teríamos moitos máis textos dos que falar), volvendo á narrativa, as historias contadas, sendo máis extensas e máis complexas fornecían meirande riqueza de fíos críticos dos que tirar, permitindo que o texto da crítica medrara. Agora, o obxectivo desprazábase a convencer os adultos de que aquelas lecturas éditas en colección LIX contiñan historias que pagaba ben a pena ler a calquera idade. E outra vez a crítica de LIX a cargar cunha problemática que en realidade non é súa mais que, ao meu ver, a condiciona: unha insuficiente e ineficaz formación, falando en termos xerais, do receptor da crítica como lector dotado de autonomía para seleccionar as súas lecturas. Porque non hai autonomía na selección sen unha correcta ou mínima información do catálogo de posíbeis lecturas, de aí a necesidade da crítica; unha foto dunha sociedade sen crítica é a daquel comprador que adquire unha mercadoría sen información previa, ás cegas, da peor maneira. Mais tamén, para que exista autonomía na selección das lecturas é necesaria, imprescindible, a ausencia de prexuízos. E tal como este (as LIXs non son para adultos), no mundo da literatura e da lectura hai moitos, como o de que a narrativa é o xénero da acción, ou que a poesía e o teatro son aburridos.

E non quero deixar pasar a oportunidade desta agora reflexiva para reclamar das autoridades competentes (a nivel autonómico e estatal, en plural tamén porque non é cometido exclusivo de Educación ou Cultura senón que debe ser principio transversal, irrenunciábel e básico) unha decidida actuación na promoción e formación lectora. Promoción e formación, xuntas. Dende o momento en que unha das dúas falta... perde a lectura, perde o lector, perdemos todos. E, se a promoción, historicamente falando e nos días de hoxe, non pasa de oportunidade para gastar cartos en publicidade (se pode ser nunha empresa amiga), pois sempre estivo absolutamente desnortada ao pretender convencer en masa dunha actividade individual (porque cren que é iso, actividade individual, privada e non social) levada a cabo na privacidade... mentres se predica co exemplo da contracultura vulgar (ler é difícil, a televisión e o cinema son para masas, todo o mundo as ve e, polo tanto, son cultura imprescindible) por activa e por pasiva (cantos políticos, cantos membros do *star system* aparecen acompañados de libros, acompañando libros, falando de libros, acudindo a presentacións e outros actos culturais... cantos se ven así?) Se alguén pagara a Belén Esteban (é un exemplo só) para estar hoxe aquí, con nós, de seguro que

os medios de comunicación nos habían facer máis caso e non pasaría como hoxe, mentres redacto estas liñas, que na información aparecida no *Galicia-Hoxe* (18-10-2010), baixo o título “O que pensan dos libros” se le: Os escritores debaterán en Santiago o día 22 sobre a crítica e a literatura infantil e xuvenil. Tristemente veláí temos a realidade, nin existimos, existe o evento mais non existimos nós, que o celebramos e facemos posíbel! Con Belén Esteban apareceríamos até no *Hola*.

Resumindo. Entre os padecementos da crítica de LIX que levo detectado, hainos que nacen dos prexuízos e desconsideracións que se teñen xa coa crítica en xeral. Tanto por parte do lector a que vai dirixida, debido á súa escasa formación no relativo á actividade crítica, como por parte duns medios de comunicación que rara vez cren en nós e nos utilizan como coartada cultural, e nos dous casos o responsábel final é unha Administración para quen Educación, Cultura e lectura son cuestións marxinais: as dúas primeiras poden quitar ou dar votos, a terceira, a lectura, só lles é un interrogante caprichoso, molesto e insondábel. E son moi difíciles de combater porque non son internos á disciplina crítica. En realidade a problemática da crítica de LIX é sempre externa á propia crítica, porque nos casos (por exemplo o da extensión ou os valores) en que é interna esta resolveuse sen meirande transcendencia.

A crítica fai o que ten que facer: ler e emitir o seu discurso crítico, cousa que leva traballo, tempo e esforzo. Fai o seu traballo e faino aínda sen recibir a cambio nin sequera un mínimo recoñecemento a labor tan loábel, necesaria e útil; en boa parte porque existe a crítica, mercar un libro non é o mesmo que mercar deterxente, queixo ou electrodomésticos. E especialmente a crítica de LIX, máis nova e en peores condicións, condicións emanadas dende prexuízos, non me canso de repetilo.

Cumpren o seu papel a medias, a medias tirando para abaixo, os medios de comunicación *a que tan agradecidos estamos por prestarnos espazo*. Senten que é necesaria, aínda que sexa como coartada. Senten vagamente.

Non a Administración, para quen a lectura e o libro son misterios.



Literatura para a infância e a juventude – caminhos da crítica em Portugal

José António Gomes

Escola Superior de Educação do Instituto Politécnico do Porto

Revista Malasartes – Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude

1. Duas modalidades de intervenção crítica

Desde inícios da década de noventa do século XX, são inegáveis os progressos na crítica de literatura para a infância e juventude em Portugal, decorrentes do aparecimento de uma nova geração de estudiosos, sobretudo de matriz universitária, mas também de um ou outro jornalista mais atento a este domínio da criação literária e artística. Para melhor dar conta deste panorama, procederei, no entanto, a uma distinção preliminar.

Considerarei, em primeiro lugar, o que designo como *crítica jornalística ou de divulgação*. Englobo neste apartado não apenas os textos relativamente breves, com o formato da recensão ou da nota crítica, que habitualmente são publicados nas secções de livros dos diários ou semanários ditos de referência (em Portugal, o *Público*, o *Expresso*...), mas também os que vêm a lume em periódicos culturais como o *JL – Jornal de Letras Artes e Ideias*, as revistas *Pais & Filhos*, *Ler* e *Os Meus Livros*. Carla Maia de Almeida (na revista *Ler*), Andreia Brites (em *Os Meus Livros*), Rita Pimenta (no *Público*), eu próprio nos anos noventa e, mais recentemente, Ana Cristina Leonardo e Sara Figueiredo Costa (de forma mais esporádica no *Expresso*) são alguns dos nomes que têm assinado este tipo de textos. O perfil de uma parte destes críticos é jornalístico, muito embora alguns possuam razoável formação literária – que não teórica. As principais falhas são, por vezes, a desatenção à materialidade linguística dos textos, à sua arquitectura, à intertextualidade, bem como certas lacunas quanto ao conhecimento do passado, da história literária e dos clássicos; verifica-se, por outro lado, mas nem sempre, um deslumbramento acrítico face à ilustração e a tendência para o impressionismo da leitura. Em vários destes críticos se nota também uma relativa ignorância da psicologia infantil na sua relação com as fases de desenvolvimento do leitor.

No tocante a esta divulgação crítica, o panorama não é, pois, suficientemente animador, pois, com excepção dos casos mencionados, não abundam os textos sobre livros infantis. Faltam

aliás espaços: de há quinze ou vinte anos a esta parte que a maioria dos órgãos da imprensa escrita de maior circulação deixou de publicar os chamados suplementos literários – nas décadas de setenta e oitenta, ainda os podíamos ler em jornais como o *República*, o *Diário de Lisboa*, o *Diário Popular*, *O Diário*, *O Comércio do Porto* (importantes jornais entretanto desaparecidos) ou no *Jornal de Notícias* e em *O Primeiro de Janeiro* (cujo suplemento se prolongou quase até aos dias de hoje, embora tenha já cessado a publicação).

Noutros periódicos, é possível descobrir esporádicas notas de poucas linhas sobre um ou outro livro infantil. Não podemos, contudo, considerá-las como críticas. Trata-se, sim, de textos elaborados por jornalistas que em geral não lêem as obras e cujos escritos se baseiam nas informações editoriais, ou em paratextos autorais ou editoriais insertos nas badanas, nas contracapas dos livros ou em folhas de *press release*.

Registe-se até a insólita situação de, no único jornal quinzenal cultural que se publica no nosso país, o *JL*, a atenção dedicada ao livro infantil ser mínima. Numa segunda categoria – uma *crítica de matriz universitária* – poderíamos incluir as recensões e artigos de carácter mais especializado, escritos por estudiosos do livro infantil e juvenil, e publicados em revistas dedicadas à investigação, ao estudo e à crítica deste tipo de obras. Reconheça-se, no entanto, que, só desde 1999, existe em Portugal uma publicação periódica deste tipo, a qual apresenta ainda perfis de autores e ilustradores, estudos críticos e de investigação: chama-se *Malasartes – Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*. Actualmente (a partir do n.º 15), *Malasartes* assume o estatuto de revista científica especializada, sendo os textos apresentados em Português ou em Galego. A revista apoia-se num comité científico e numa comissão de redacção luso-galegos, de origem universitária, adoptando normas de publicação de tipo científico e critérios exigentes quanto à aceitação de textos. A direcção é assegurada por um director português (José António Gomes), uma subdirectora galega (Blanca-Ana Roig Rechou) e um director artístico português, também universitário (António Modesto). A segunda série da revista tem sido publicada (dois números por ano, cerca de cem páginas cada), por uma grande editora portuguesa: Porto Editora.

A esta publicação é de juntar *Solta Palavra*, boletim do CRILIJ, grupo de professores e bibliotecários escolares, sedado no Porto, que se auto-designou de Centro de Recursos e Investigação sobre Literatura para a Infância e a Juventude. Deste boletim foram publicados dezasseis números até 2010, vários deles monográficos, em parte dedicados a um autor ou a um ilustrador. Só os artigos mais relevantes são escritos por universitários, a convite do director do boletim (Henrique Barreto Nunes, bibliotecário).

Neste segundo tipo de crítica, de matriz universitária, consideremos ainda, as publicações em livro, em revistas académicas ou em actas de colóquios, encontros e congressos.

Em geral, tais estudos, quando editados em livro, assentam em pressupostos teóricos e metodológicos mais ou menos assumidos, versam sobre a obra de um determinado autor, sobre um género, sobre uma tendência temática ou genológica ou sobre aspectos intertextuais e da história da literatura para a infância e outros. Em Portugal, parte deste tipo de crítica – refiro-me sobretudo à publicada em livro – resulta da circunstância de os seus autores, para efeito de obtenção de graus ou categorias académicos, terem optado por elaborar teses universitárias e outros trabalhos no âmbito da literatura para a infância. Tal situação, reveladora de uma abertura gradual a esta temática por parte da esfera universitária (abertura não isenta de resistências), favoreceu nas duas últimas décadas o aparecimento de estudos em livro, alguns de qualidade, sobre temas como o conto popular, as «rimas infantis», a escrita no século XIX, a poesia para a infância, o teatro infantil, a literatura juvenil, ou ainda sobre autores como Ana de Castro Osório, Aquilino Ribeiro, Irene Lisboa, Sophia de Mello Breyner Andresen, Matilde Rosa Araújo, Eugénio de Andrade, António Torrado ou Alice Vieira. Recorde-se a propósito que só em 2000 foi defendida a primeira tese de doutoramento nesta área particular dos estudos literários portugueses, o que aconteceu, não por acaso, numa universidade estrangeira. Refiro-me à tese da belga

Francesca Blockeel sobre identidade e alteridade na literatura juvenil portuguesa, editada pela Caminho em 2001 (v. Blockeel, 2001). Registe-se ainda que, até 1990, eram praticamente inexistentes os estudos deste tipo e que apenas tinham sido editadas, até essa data, duas histórias da literatura portuguesa para crianças, uma de Maria Laura Bettencourt Pires (1983) e outra de Natércia Rocha (1984), autora também da mais completa *Bibliografia Geral da Literatura Portuguesa para Crianças* (1987) até hoje publicada (a primeira data dos anos vinte deste século e é da responsabilidade de Henrique Marques Júnior (1928)).

Quanto às recolhas de ensaios críticos, são muito escassas, embora surjam alguns exemplos de qualidade, como os quatro livros já publicados pelas estudiosas Sara Reis da Silva (2005; 2010) e Ana Margarida Ramos (2007; 2010).

Aproveito para assinalar a quase ausência, em Portugal, de estudos sobre ilustração, publicados em livro. Esse vazio começou a ser preenchido com a saída recente de *Literatura para a Infância e Ilustração: Leituras em diálogo*, de Ana Margarida Ramos (2010), consagrado, em grande parte, a essa fundamental componente do livro para crianças que é a imagem, aqui quase sempre considerada na sua relação com o texto linguístico, em especial no álbum.

Por outro lado, nos últimos vinte anos, e tanto quanto é do meu conhecimento, contam-se pelos dedos os estudos sobre autores estrangeiros editados em livro por ensaístas portugueses. Registo uma obra sobre Andersen, outra sobre Tolkien, uma terceira sobre o brasileiro Monteiro Lobato e uma quarta sobre Jules Verne (v., respectivamente, Duarte, 1995; Monteiro, 1992; Vale, 1994; e Jorge, 2000). Em 2009, Helena Vasconcelos (2009) publicou *A Infância é Um Território Desconhecido*, estudando, num conjunto de obras que abarca também livros para adultos, aspectos da escrita de Lewis Carroll, Louisa May Alcott, Mark Twain e James M. Barrie. As poucas abordagens comparatistas, por seu lado – que já se vão desenvolvendo em alguns núcleos universitários – têm conhecido pouca ou nenhuma divulgação pública.

De notar, ainda, a inexistência em português de qualquer estudo de fundo, publicado em livro, exclusivamente consagrado à que é hoje, sem sombra de dúvida, a escritora portuguesa de narrativas juvenis mais conhecida em Portugal e no estrangeiro. Falo de Alice Vieira, finalista dos Prémios Hans Christian Andersen de 1996 e 1998 e autora – várias vezes premiada, entre nós e no estrangeiro – de *Rosa Minha Irmã Rosa*, *Flor de Mel* ou *Os Olhos de Ana Marta*, entre muitos outros títulos. Esta incompreensível escassez de estudos sérios, em livro, sobre a escrita da autora portuguesa de ficção juvenil mais traduzida no estrangeiro é reveladora das lacunas que ainda se verificam na crítica de literatura para crianças e jovens em Portugal, mas também das sobranceiras reservas e desconfianças com que alguma crítica universitária continua a encarar esta produção literária.

Por tudo isto, pode afirmar-se que a zona mais fecunda deste tipo de crítica repousa, hoje, em teses universitárias não editadas em livro, em artigos e comunicações publicados, seja em revistas académicas seja em volumes de actas de encontros, colóquios e congressos, que, todavia, não chegam nem aos mediadores da leitura, nem ao grande público. Aí, alarga-se o leque dos autores e temas abordados, diversificam-se os pressupostos teórico-metodológicos, reforça-se, por vezes, a perspectiva histórica, envereda-se, aqui e acolá, pela análise da relação inter-semiótica do discurso pictural com o discurso linguístico, convoca-se conhecimento sobre psicologia infantil, etc.. Mas que implicações tem este trabalho junto dos mediadores? Muito poucas, reconheça-se.

Novos suportes e possibilidades, surgiram contudo para a crítica. Alternativas para contornar as dificuldades económicas e de distribuição das publicações em papel, e para compensar a atenção, cada vez menor, que a imprensa escrita reserva aos livros e à vida cultural. É o caso das revistas *on-line*, como a *e-fabulações / e-fabulations: e-journal of children's literature* (cinco números entre 2007 e 2009), oriunda da Faculdade de Letras da Universidade do Porto e dirigida por Filomena Vasconcelos (v. <http://ler.letras.up.pt/site/default.aspx?qry=id05id1159&sum=sim>). É também o caso de alguns blogs especializados (dos quais destaco *A Inocência Recompensada*

(<http://ainocenciarecompensada.blogspot.com/>) – que eu próprio coordeno com outros professores do Núcleo de Estudos Literários e Artísticos da Escola Superior de Educação do Porto; *O Jardim Assombrado* (<http://ojardimassombrado.blogspot.com/>) da escritora e jornalista Carla Maia de Almeida; *O Bicho dos Livros* (<http://obichodoslivros.blogspot.com/>), dos promotores da leitura e formadores Andreia Brites e Sérgio Letria; o *Boas Leituras* (<http://www.boasleituras.com/>), do já mencionado CRILIJ, e alguns outros.

O portal *Casa da Leitura* (<http://www.casadaleitura.org/>), da Fundação Calouste Gulbenkian, em que intervêm activamente investigadoras universitárias como Ana Margarida Ramos, Sara Reis da Silva, Madalena Teixeira da Silva, entre outros, tornou-se, pelo seu lado, uma referência para os mediadores da leitura na Internet. Os textos críticos aí publicados (sobretudo resenhas críticas, mas também ensaios, apontamentos biobibliográficos, testemunhos, práticas de promoção da leitura, etc.) possuem, é um facto comprovado, condições para alcançar um público alargado de professores, bibliotecários e pais. De acrescentar que este projecto esteve na origem da organização, em 2009, de um grande encontro internacional, muito participado, sobre Promoção da Leitura, no qual intervieram nomes de referência como Peter Hunt, Lawrence Sipe, Sandra Lee Beckett, Teresa Colomer, Pedro Cerrillo, Fernando Savater, Michel Fayol e José Barata Moura, entre outros.

Em suma, é nas teses e ensaios publicados em livro por estudiosos de formação literária (por vezes ligados a centros de investigação universitários), bem como em comunicações e conferências proferidas em encontros e colóquios, que poderemos encontrar em Portugal os esforços mais consequentes de produção de uma crítica de literatura para a infância e a juventude. Reconheça-se, contudo, que tais textos raramente atingem um público alargado de bibliotecários, educadores e pais que necessitariam também da orientação fornecida por essa crítica, tendo em conta o seu papel de mediadores entre o livro e a criança.

Repousando numa base onde se conjugam, nem sempre de modo fácil e linear, a história literária e a poética, a retórica e a estilística, a pragmática e a abordagem intertextual, a semiótica do texto e da ilustração, além de outras ferramentas de análise oriundas de várias disciplinas dos estudos literários, a par de certos elementos de psicologia infantil, essa crítica, nos seus melhores casos, fundamenta os seus critérios de selecção e estudo, os quais, se bem lidos, permitem distinguir o trigo do joio no domínio da vasta produção literária para a infância. Mas, porque limitada em quantidade e também porque dispõe de poucos periódicos especializados onde possa exercer-se, a crítica portuguesa de literatura para a infância e a juventude ainda não consegue cumprir com regularidade o seu papel de acompanhamento, de leitura crítica das obras, de eventual valoração (que não é o seu objectivo principal), face aos muitos livros que vão sendo editados.

Quanto aos balanços anuais da produção literária, levados a cabo pelo Centro Português da Associação Internacional de Críticos Literários e publicados, por vezes, na revista *Vértice*, estão longe de suprir tal lacuna, já que, além de terem um carácter globalizante, debruçando-se sobre a produção de todo um ano, dificilmente chegam ao conhecimento da maior parte dos leitores adultos da literatura para crianças.

Passando para o domínio da ilustração, é de sublinhar que, em Portugal, muito poucos se dedicam ainda, com um mínimo de profundidade, a uma análise séria da imagem e das suas relações com o texto linguístico no livro para crianças²⁴. Ainda são raras as apreciações críticas fundamentadas e, em resenhas e artigos, as referências à ilustração são em geral parcimoniosas e de tipo impressionista – o que de certo modo se entende (mas se lastima), se tivermos em conta que os que em Portugal se dedicam a esta crítica possuem uma formação essencialmente

24 Não obstante, críticas como Ana Margarida Ramos e Sara Reis da Silva, e outros de matriz sobretudo universitária, têm dedicado atenção crescente à análise da ilustração, como atestam as já citadas recolhas de ensaios daquelas autoras.

literária e, na sua maioria, não dominam nem a linguagem da imagem, nem a sua metalinguagem; as diferentes técnicas da ilustração são mal conhecidas e a concepção gráfica dos livros é quase sempre ignorada.

Esta situação é tanto mais problemática, quanto, no nosso panorama editorial, o número de novos álbuns de qualidade para crianças entre os dois e os oito anos corresponde, agora, a uma percentagem crescente da produção total anual de livros infantis, quer em obras nacionais, quer, sobretudo, traduzidas. Daí que promover a reflexão teórica e crítica sobre tais obras contribuiria, certamente, para influenciar editores e os próprios ilustradores e escritores, no sentido de se encarar esta produção com maiores níveis de especialização e exigência.

3. O exercício da crítica: problemas, perspectivas

Importa ter a consciência de que a crítica de livros para crianças e jovens é exigente e se não compadece com alguns auto-didactismos e boas-vontades que têm prevalecido. É impossível ignorar os diferentes géneros desta literatura, as peculiaridades de cada um, a diversidade dos públicos a que se dirige: o livro de imagens e o álbum narrativo ou poético com texto de curta extensão para crianças; o conto ilustrado; a poesia e as «rimas infantis»; os recontos e recriações de narrativas da tradição oral; o texto dramático; a ficção para jovens nas suas diferentes modalidades: a novela e o romance com raízes no realismo psicológico e/ou social, o diário ficcionado, o policial, o fantástico, a ficção científica, a narrativa de fundo histórico...

Todos estes géneros ou subgéneros suscitam problemas particulares e, em relação aos álbuns destinados aos mais pequenos, é desejável, para não dizer imprescindível, o recurso a instrumentos de análise que permitam ler e interpretar um discurso de características peculiares, um discurso semioticamente complexo que se constrói com base numa simbiose de unidades linguístico-textuais e de unidades picturais (que se não limitam a acompanhar e a servir de meros elementos decorativos do discurso verbal).

No que respeita à crítica de formato divulgativo, importa manter na ordem do dia a reivindicação de espaços nos órgãos de comunicação social, e tirar, por outro lado, partido da publicação *on line*, de modo a garantir uma presença regular, de tipo mais jornalístico, menos ambiciosa do que a de pendor académico, mas, na medida do possível, especializada – pois é um elemento a ter em conta pelos mediadores a quem cabem tarefas de selecção e orientação em matéria de leitura: bibliotecários, educadores, animadores e pais. Não se acalente, contudo, a ilusão de que essa crítica possa assumir formas muito diferentes das da simples recensão. Exija-se, no entanto, que, mesmo dentro desse limitado formato, a crítica seja argumentativa e esclarecedora (sem limitar o alcance da obra), literária e artisticamente informada, fornecendo elementos que ajudem a ler o livro e permitam enquadrá-lo, ainda que de forma necessariamente sumária, na história de um género ou subgénero, numa tendência e, eventualmente, na trajetória do respectivo escritor ou ilustrador. Importa, assim, dar a ver o caminho de um autor, assinalar recorrências temáticas, ideológicas e técnico-expressivas, avaliar os conseguintes desse percurso e apontar marcas de um estilo pessoal que, no seu conjunto, vão ajudando a construir um perfil reconhecível. Só assim a crítica de divulgação pode cumprir eficazmente o seu papel, funcionando também, nuns casos, como um apelo esclarecido e esclarecedor à leitura e, noutros, como um convite desapassionado e isento à rejeição.

Tanto no domínio da crítica de formato académico, como no âmbito da crítica de divulgação, penso que é impossível não ter em conta o destinatário potencial da obra de literatura para a infância e, desse ponto de vista, partilho – com algumas cautelas – da opinião de Diego Gutiérrez del Valle (1999: 10) quando escreve:

«(...) factor a considerar es el del supuesto destinatario de la obra: el lector infantil y juvenil. Sus capacidades intelectuales, aptitudes lingüísticas, su mundo de valores, referencias morales, en definitiva, su psicología son diferentes según la edad y están en permanente evolución. ¿Se deben tener en cuenta o la crítica de LIJ ha de

mantenerse al margen y ceñirse exclusivamente a lo literario? Nosotros sostenemos que son elementos de los que en ningún modo se puede prescindir, aunque sabemos que esta opinión no siempre es compartida. Hay quien discute el manejo de puntos de vista psicopedagógicos por extraliterarios y como vía de posible penetración de didactismos y moralismos rechazables. Sin embargo, es precisamente a través de esos puntos de vista que tienen en cuenta la psicología del niño como se pueden denunciar, por ejemplo, los libros de contenido aleccionador en un sentido estrecho y aquellos otros que presentan un mundo de referencias morales claramente inconvenientes para el momento evolutivo del supuesto destinatario.»

E o mesmo crítico acrescenta: «(...) *la crítica de LIJ se configura como un campo específico de la crítica literaria en general, caracterizado por la integración de disciplinas de diferentes procedencias en un delicado trabajo de encaje, casi creativo, en el que la intuición representa un papel importante.»*

Este tipo de observações não deve, no entanto, alhear-nos de uma certa consciência da génese da própria literatura para a infância e do modo problemático como evoluiu ao longo da História – aspecto que normalmente conservo como pano de fundo da minha actividade crítica neste domínio. Com efeito, como lembra Joana Matos Frias (2000),

«A história dos textos que com alguma perversidade reunimos sob a designação dúbia 'literatura infantil' não é, infelizmente, a história de um sistema que desde a sua origem tenha visado o predomínio do efeito estético que todo o texto que se quer literário procura edificar. (...) Oscilando entre uma vertente ética moralista e uma vertente estética não raro submersa pela primeira, os textos destinados às crianças foram assim gradualmente compondo um corpus singular de obras que, ao pretender afirmar-se como literatura, falharam no ponto crucial, porquanto sobrepuseram com frequência uma função de cunho apelativo à função poética, matriz e dominante de qualquer manifestação verbal que se deseje literária. Quer dizer, em termos categoriais: a literatura infantil subsistiu durante muito tempo confinada a um desvio da categoria estética do belo como achevé en soi, para a categoria ética e extrínseca do bom.»

Nesta óptica, a não abundância de estudos críticos sérios e competentes no domínio que aqui nos ocupa não se prenderá também com um problema de estatuto e de afirmação estética da própria literatura para a infância? O facto de muitas vezes esta literatura não conseguir esconder as suas debilidades não estará na origem de um certo desinteresse por parte da crítica? Por outro lado, essa falta de motivação dos críticos não decorrerá também do modo excessivamente adulto, e não raro paternalista e até sobranceiro, como a própria infância – e quase tudo o que lhe diz respeito – é encarada por uma sociedade feita à medida dos adultos?

A promoção e valorização da literatura para a infância e a juventude passam, pois, pelo acesso a uma literatura cada vez mais capaz de renovar a sua linguagem, os seus conteúdos, formas e géneros; mas passa ainda pela existência de uma crítica informada, atenta e respeitadora de algumas peculiaridades do seu objecto de análise – uma crítica que não o encare fora do campo do literário, que essencialmente o perspetive como objecto estético e não como objecto pedagógico, se assim me posso exprimir, mas, em simultâneo, não apague do horizonte o seu destinatário preferencial: a criança e o jovem²⁵.

25 Cabe aqui uma palavra sobre a importância dos prémios literários. O elevado número de prémios existentes em Espanha tem reflexos positivos quer na abertura de possibilidades de tradução e publicação nas diferentes línguas do estado espanhol quer no próprio estatuto económico de autores e ilustradores (maior difusão e venda das obras, maior conhecimento dos autores). Em Portugal, as distinções reservadas à literatura para a infância e a juventude são escassas (os Prémios da Fundação Calouste Gulbenkian (bienais), os Prémios Branquinho da Fonseca Gulbenkian/Expresso para novos autores, o Prémio de Revelação da Associação Portuguesa de Escritores (também para novos autores), o Prémio Nacional de Ilustração (da Direcção-Geral do Livro e das Bibliotecas e da Associação Portuguesa para a Promoção do Livro Infantil e Juvenil – Secção Portuguesa do IBBY), o Prémio Bissaya Barreto de Literatura para a Infância (Fundação Bissaya Barreto), o Prémio Maria Rosa Colaço e alguns outros, menos relevantes, promovidos por municípios e cujos premiados são rapidamente esquecidos. Com excepção, talvez, do Prémio Nacional de Ilustração e dos Prémios Gulbenkian, na sua maioria, tais distinções pouco reflexo têm, em Portugal, quer no incremento da crítica aos livros premiados quer, segundo creio, no próprio escoamento comercial das obras.

Da crítica de matriz universitária, mais especializada e informada, reclama-se a coragem de equilibrar a atenção aos criadores do presente (e à evolução/renovação das linguagens) com a necessária atenção aos do passado e à configuração de um cânone. Da crítica de tipo jornalístico espera-se maior ambição do que a actual, ainda que o seu discurso se veja limitado pela peculiar natureza do meio: jornal, revista, rádio, televisão... Nesse quadro, há-de essencialmente servir como fonte de informação sucinta, susceptível de orientar o leitor adulto, de fundamentadamente o ajudar a seleccionar, dos milhares de livros que por ano se editam para crianças, as obras de qualidade. Trata-se de um domínio em que naturalmente se reclama uma crítica aberta à diversidade e independente (sem contudo abdicar – tarefa aliás impossível – da subjectividade e até do gosto pessoal), alheia por isso às pressões de toda a ordem, mais ou menos subtis, que muitos autores e editores exercem sobre o crítico, em especial o que escreve para periódicos, para a rádio ou para a televisão.

Por último, do crítico deste tipo de literatura, espera-se acima de tudo que rejeite liminarmente os discursos simplistas, nomeadamente sobre o que é literatura para crianças e o que é literatura para adultos. Discursos do tipo daquele que em tempos proferiu o actor norte-americano Bob Hope, não sobre livros, mas acerca de filmes (e ignoremos por momentos a ironia da frase): se o cavalo é mais esperto que o herói, o filme é para crianças; se o herói é mais esperto que o cavalo, o filme é para adultos (cit. por Pina, 1982).

Referências bibliográficas

- Blockeel**, Francesca (2001). *Literatura Juvenil Portuguesa Contemporânea: identidade e alteridade*. Lisboa: Caminho.
- Duarte**, Silva (1995). *Andersen e a Sua Obra*. Lisboa: Horizonte.
- Frias**, Joana Matos (2000). «Manuel António Pina no País das Palavras de Pernas para o Ar», *Malasartes*, 2 (Abril). Porto: Campo das Letras.
- Gutiérrez del Vale**, Diego (1999). «Apuntes para un análisis de la crítica de literatura infantil», in *Peonza*, 51 (Dezembro). Santander: Asociación Cultural QUIMA.
- Jorge**, Carlos Jorge Figueiredo (2000). *Jules Verne: o espaço africano nas Aventuras da Travessia*. Lisboa: Cosmos.
- Marques Júnior**, Henrique (1928). *Algumas Achegas para Uma Bibliografia Infantil*. Lisboa: Biblioteca Nacional.
- Monteiro**, Maria do Rosário Ferreira (1992). *J. R. R. Tolkien – The Lord of the Rings: A Viagem e a Transformação*. Lisboa: INIC.
- Pina**, Manuel António (1982). «Manuel António Pina: o que é literatura infantil?» (entrevista conduzida por Manuel Dias), in *O jornal da educação*, 55 (Maio). Lisboa.
- Pires**, Maria Laura Bettencourt (1983). *História da Literatura Infantil Portuguesa*. Lisboa: Vega.
- Ramos**, Ana Margarida (2007). *Livros de Palmo e Meio: reflexões sobre Literatura para a Infância*. Lisboa: Caminho.
- _____, Ana Margarida (2010). *Literatura para a Infância e Ilustração: leituras em diálogo*. Porto: Tropelias & Companhia.
- Rocha**, Natércia (1984). *Breve História da Literatura para Crianças em Portugal*. Lisboa: ICLP – ME.
- _____, Natércia (1987). *Bibliografia Geral da Literatura Portuguesa para Crianças*. Lisboa: Comunicação.
- Silva**, Sara Reis da (2005). *Dez Réis de Gente... e de Livros*. Lisboa: Caminho.
- _____, (2010). *Encontros e Reencontros: estudos sobre literatura infantil e juvenil*. Porto: Tropelias & Companhia.
- Vale**, Fernando Marques do (1994). *A Obra Infantil de Monteiro Lobato: Inovações e Repercussões*. Lisboa: PortugalMundo.
- Vasconcelos**, Helena (2009). *A Infância É um Território Desconhecido*. Lisboa: Quetzal.



A crítica da literatura infantil e xuvenil en lingua vasca

Mari Jose Olaziregi
Facultade de Letras. Universidade do País Vasco.
(mj.olaziregi@ehu.es)

Antes de iniciar esta breve reflexión ao redor da evolución e situación actual da crítica da Literatura Infantil e Xuvenil en lingua vasca, quixera aproveitar a ocasión para agradecer á Sección de Crítica da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e ao Consello da Cultura Galega a súa amábel invitación para acudir á II Xornada de Crítica.

Pero centrémonos no tema que nos reuniu naquela xuntanza, a crítica da literatura infantil e xuvenil, crítica que, no meu caso, se referiu ao ámbito *euscaldún*, é dicir, á crítica literaria que ten por obxecto a literatura infantil e xuvenil escrita en lingua vasca. A verdade é que cando falamos de crítica literaria unha séntese tentada a realizar unha defensa da súa necesidade, en especial, en ámbitos como o da literatura infantil e xuvenil, pola forza que o mercado e os criterios mercantís teñen a miúdo nel. Trátase do único ámbito literario no que podemos falar, por exemplo, de exportacións importantes, en especial, a Sudamérica. Sexa como for, o certo é que a imaxe do crítico literario de literatura infantil e xuvenil non é nin máis apreciada, nin mellor que a dos críticos literarios en xeral. Definicións como a achegada por Ambrose Bierce no seu coñecido *Diccionario del Diablo*, ou ironías como a de Woody Allen no seu *Deconstructing Harry* seguen gozando dunha aceptación máis que salientábel.

En calquera caso, é obvio que a crítica e a reflexión sobre os textos literarios é unha actividade que, máis aló de especializacións, precede o acto creativo e impregna a recepción dos textos literarios. Un escritor que se teña por tal ten que construír unha poética e reflexionar sobre ela. Mesmo poderíamos ser provocadores e facer nosa, seguindo a Juan Benet, a afirmación de que o escritor é, en realidade, un crítico frustrado.

Antes de entrar a detallar o panorama crítico vasco, cómpre precisar que cando falamos de crítica literaria facemos nosa a distinción exposta por Northrop Frye no seu libro *El camino crítico. Ensayo sobre el contexto social de la crítica literaria* (Taurus, 1986). Segundo Frye, os traballos que se publican no ámbito crítico poden ser clasificados en dous grandes apartados: por unha banda, teríamos *a crítica académica*, e pola outra, *a crítica pública*. *A crítica académica*

levaríase a cabo en circuítos máis pechados e as súas publicacións incorporarían paradigmas teóricos e metodolóxicos aceptados pola comunidade universitaria. *A crítica pública* incluíría os comentarios, as recensións, as entrevistas, etc. que aparecen nos medios de comunicación, así como nas revistas, sexan estas de divulgación ou especializadas. Esta clase de crítica non organiza a súa práctica en función de estruturas e paradigmas determinados.

Aínda que esta clasificación resulta esclarecedora e didáctica, é evidente que presenta máis dun problema á hora de clasificar os diferentes traballos críticos. Por exemplo, deixando de lado os breves artigos dos medios de comunicación, ¿como clasificaríamos as breves críticas, os monográficos e os comentarios sobre os autores, os diferentes xéneros ou sobre épocas anteriores que aparecen nas revistas? Nestes artigos non se adoitan facer referencias explícitas a tal ou cal paradigma metodolóxico, e aínda e todo, é sabido que o seu espazo de influencia excede o dos estudantes de universidade. Ao meu parecer, e tendo en conta as clasificacións feitas por críticos como Darío Villanueva (ver *El polen de ideas*, Barcelona, PPU, 1991, 163-174), a consideración da intención do propio traballo crítico tamén nos podería axudar á súa clasificación. Desta maneira, se a finalidade dun traballo consiste en ofrecer información sobre as publicacións, divulgacións ou promocións ao redor dunha obra concreta, estaríamos ante un texto de *crítica pública*. Agora ben, se un traballo crítico expón unha lectura e un estudo máis pausado, se se analiza o texto dende unha distancia crítica máis aló da primeira impresión, se se razoa e argumenta, estaríamos ante un traballo crítico “académico”, segundo a clasificación de Frye.

Feitas estas breves consideracións, creo que podemos afirmar que a crítica da literatura infantil e xuvenil en éuscaro ten o mesmo *reto* que a crítica literaria en lingua vasca en xeral, a da súa limitada presenza e incidencia na vida cultural vasca. Aínda que é certo que a literatura infantil e xuvenil alcanzou unha visibilidade e unha institucionalización como actividade autónoma dentro da sociedade vasca²⁶, o certo é que dita visibilidade non foi unida á necesidade dun debate crítico ao redor da mesma. E esta falta de debate e de repercusión da actividade crítica é máis acentuada entre os lectores potenciais da denominada crítica pública. É certo que medios de comunicación vascos como os xornais *Berria*, *Gara*, *El Correo*, *Diario Vasco*, *Deia*... inclúen con periodicidade intermitente recensións e críticas de obras dirixidas ao público infantil, pero trátase dun número de críticas, de xeito evidente, insuficiente, non só en cantidade para unha produción editorial que rolda o 25% de todo o que se publica en éuscaro anualmente (uns 1.500 títulos novos ao ano), senón tamén en calidade. Moita da crítica pública actual en lingua vasca imita os modos da crítica académica e ofrece descrições ou análises de obras, pero de cando en cando ofrece unha valoración da calidade estética da obra, unha orientación para o posíbel lector, feito que, no caso dos receptores implícitos da crítica pública en literatura infantil e xuvenil, os chamados mediadores, pode resultar esencial. Neste sentido, son realmente importantes as iniciativas que asociacións para a promoción da literatura infantil e xuvenil en lingua vasca, como *Galtzagorri Elkarte* (1990-), a equivalente vasca á Gáliz galega, puxeron en marcha nos últimos anos. Dende a súa creación, *Galtzagorri Elkarte* axudou a coordinar esforzos ao redor da promoción e difusión da LIX en lingua vasca. Como se recolle na súa páxina en liña (www.galtzagorri.org), ademais de designar os membros do xurado para o Premio Euskadi de Literatura Infantil e Xuvenil, e colaborar asiduamente con Euskaltzaindia-Real Academia da Lingua Vasca na designación dos membros do xurado para o Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil, organizou diversos congresos (Congreso de Contos populares (2001), Congreso sobre os libros de aventura (2003), Congreso de Poesía Infantil (2002), IV Congreso

26 Esta institucionalización e visibilización foi posíbel grazas, entre outros, a premios literarios como os creados nos anos 80, tales como o Premio Lizardi (1982-), o Premio Baporea-SM (1985-), e o Premio Bilintx (1986-), ou os instaurados nos anos 90, tales como o Premio Antonio María Labaien (1993), ou o máis importante, o Premio Euskadi de Literatura Infantil e Xuvenil (1997) ou o recentemente creado o Premio Euskadi á Ilustración (2009-). Mariasun Landa é a única escritora vasca que até a actualidade conseguiu o Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil. Foi no ano 2003, por *Krokodiloa ohe azpian* (Un crocodilo debaixo a cama, 2004). Un exemplo máis do bo momento que vive a literatura vasca dentro e fóra de Euskal Herria.

da OEPLI (2008)..), promoveu concursos (Concurso de Escritor Joven (2002), Cursos de Verán da Universidade Vasca (2010)...), colaborou en campañas e actividades de promoción, e editou unha revista, *Behinola* (1999-), onde se recollen recensións e críticas das novidades editoriais. Foi en 2005 cando Galtzagorri Elkartea tamén puxo en marcha o “Irakurketa Mintegia” (Seminario de Lectura), cuxo obxectivo, analizar e valorar a produción editorial de literatura infantil e xuvenil anual, se ampliou, a partir do ano 2007, cun enfoque máis formativo que busca no só orientar ao redor dos libros máis salientábeis senón formar os mediadores para que poidan valorar eses libros, é dicir, para que teñan as ferramentas necesarias para criticalos. En realidade, Galtzagorri non fixo máis que tratar de continuar e ampliar toda unha serie de actividades de difusión e análise crítica que xa na década dos 90 puxeron de manifesto que a literatura infantil e xuvenil en lingua vasca abordaba unha nova etapa. Referímonos ao labor que o Haur Literaturaren Mintegia (Seminario de Literatura Infantil) de Eskoriatza, hoxe dependente da Mondragón Unibertsitatea, comezou e impulsou na década dos 90 con revistas como *Kukumira* (1992-1997), *Kukuluma* (1997-1999), e as Guías de Lectura-Irakurketa Gidak que publicou na última década, ou ás publicacións que recolleron novas orientacións ao redor da LIX en éuscara (*Haur Literatura* (Labayru, 1993); *Haur Literaturaren Inguruan* (UEU-1993); *Bularretik mintzora* (1993, Erein), de J.K. Igerabide; *Haur literatura euskaraz* (1994, Labayru), de Seve Calleja). Completaremos a listaxe anterior coa mención do único programa televisivo dedicado á literatura infantil e xuvenil, *Ipupomamua* (2009).

Todas estas iniciativas trataron de dar resposta á necesidade de promoción e divulgación da literatura infantil e xuvenil en lingua vasca. Como o fixeron os proxectos que, impulsados polas recentes políticas lingüísticas que trataron de subvencionar a presenza do éuscara en Internet, incluíron en páxinas en liña accesíbeis para o gran público, esa crítica pública tan necesaria para un lector vasco desorientado ante todo o que se publica en literatura infantil e xuvenil. Destacaría, ademais da excelente páxina en liña da propia asociación Galtzagorri, outras páxinas en liña como www.basqueliterature.com ou a hemeroteca de críticas de prensa que inclúe o proxecto *Armiarma* (www.kritikak.armiarma.com), a do propio departamento de Cultura do Goberno Vasco (www.cultura.ejgv.euskadi.net), na que se recollen as ligazóns a páxinas en liña de editoriais, autores, bibliotecas..., ou o dicionario de autores *Zubitegia* (www.zubitegia.armiarma.com).

E xa que falamos de crítica pública, non estaría de mais subliñar que foi a incorporación de mozos críticos, con formación en Filoloxía Vasca e Literatura Comparada, a que veu a enriquecer o elenco de críticos que colaboran nos medios de comunicación publicando recensións. Aos nomes habituais na crítica pública vasca como Xabier Etxaniz Erle, Manu López Gaseni... ou críticos que publican indistintamente valoracións sobre literatura de adultos ou literatura infantil como Felipe Juaristi ou Javier Rojo sumáronselles nomes como Mikel Ayerbe ou Ibon Egaña.

En canto á **crítica académica**, subliñar que foi na década dos anos 90 e principios do presente século cando a crítica literaria vasca universitaria acertou en xerar un discurso crítico que a lexitimou ante a institución literaria vasca no ámbito da literatura infantil e xuvenil nesta lingua. Aínda que é certo que esta ocupa un lugar periférico, non central, dentro do polisistema vasco actual, lugar que comparte con outras topoloxías como a literatura traducida, o certo é que as teses doutorais, proxectos de investigación, traballos de fin de máster, ou publicacións científicas en libros e revistas coñeceron un incremento e afianzamento digno de ser sinalado. Entre as revistas que publican traballos académicos de crítica literaria deberíamos mencionar a *Revista de Psicopedagogía* e *Tantak*, ambas as dúas publicadas na Universidade do País Vasco, ou outras revistas como *Egan*, *Sancho El Sabio*, *Lapurdum*, *Hegats*... que tamén publican traballos académicos de crítica de literatura infantil e xuvenil, ademais de traballos sobre literatura vasca en xeral.

En canto ás teses doutorais lidas até outubro de 2010, é importante subliñar que entre os diversos ámbitos que tratan de explicar o discurso reflexivo sobre a literatura, a teoría literaria,

a crítica e a historia literaria, foi este último o que máis adeptos tivo nas teses doutorais. Bótanse de menos estudos académicos que expliquen a calidade e o funcionamento formal ou semántico dun texto singular, é dicir, estudos de crítica literaria. Así mesmo, é salientábel apuntar que os traballos teóricos universitarios brillaron pola súa ausencia. A tese doutoral de Xabier Etxaniz Erle: “Euskal haur eta gazte literaturaren historia” [Historia da literatura infantil e xuvenil en lingua vasca], defendida en 1996, tratou de explicar a evolución diacrónica da literatura infantil e xuvenil en éuscaro. Tamén primou o enfoque historiográfico na tese de Eukene Martin: “Euskal Haurtzaroaren Asmakuntza, 1976-1990 urte bitarteko ipuingintzan isladatu denez” [A invención da infancia vasca, segundo se reflicte nos contos publicados entre 1976-1990], de 1997. Pola súa parte, Manu López Gaseni aplicou a teoría dos polisistemas ao estudo da literatura vasca traducida na súa tese “Euskarara itzulitako haur eta gazte literatura: funtzioak, eraginak eta estrategiak” [A literatura infantil e xuvenil traducida ao éuscaro: funcións, influencias e estratexias], do ano 2000. Nesta última estúdanse as obras traducidas ao éuscaro, quen as traduciu, cómo e de qué lingua se traduciron, e a influencia que estas traducións tiveron na literatura de creación en éuscaro. No ano 2004 chegou a tese de Genaro Gómez Zubia: “Grimm anaien ipuinak euskaraz: itzulpenen eta egokitzapenen azterketa” [Os contos dos irmáns Grimm. Análise das traducións e adaptacións.]. A última tese doutoral lida até outubro de 2010 é a de Miren Josune Beldarrain Agirre: *Alegia klasikoak euskaraz: Isopeteko, La Fontaineren eta Samaniegoren alegien berridazketen azterketa* [As fábulas clásicas en éuscaro: análise das adaptacións de Isotopeko, La Fontaine e Samaniego]. Pero ademais de teses doutorais e outras achegas académicas (DEA, TFM...), a nova configuración dos estudos de grao e posgrao incorporou nos seus diversos niveis o estudo da literatura infantil e xuvenil. Se botamos unha ollada ás diferentes universidades que están presentes no territorio que conforma Euskal Herria, sinalaremos, por exemplo, dentro da Universidade do País Vasco-Euskal Herriko Unibertsitatea, dúas optativas de 6 créditos que se incluíron no Grao de Educación Primaria ofertada na Escola de Maxisterio de Vitoria. Tamén a Mondragón Unibertsitatea incluíu no seu Grao en Educación Infantil, unha optativa de 6 créditos “Lingua escrita e literatura infantil”, a ofertar na súa Facultade de Humanidades e Ciencias da Educación. Por último, sinalar que a Universidade Pública de Navarra nos seus Graos de Mestre en Educación Infantil / Primaria vai ofertar unha optativa de terceiro curso denominada “Didáctica da literatura infantil e xuvenil”. A nivel de posgrao, destaca o máster e programa de doutoramento en Psicodidáctica que oferta a Euskal Herriko Unibertsitatea, no que se impartiron materias de literatura infantil e xuvenil dende o ano 2004. Pola súa banda, o Departement Interuniversitaire d’Études Basques da Faculté Pluridisciplinaire de Bayonne-Anglet-Biarritz oferta dende o ano 2004 un Master de Estudos Vascos/ Masterra Euskal Ikasketetan no que inclúe 2 créditos sobre Literatura Infantil e Xuvenil en éuscaro.

Tamén deberíamos incluír no ámbito académico os cursos de verán que se organizaron na Universidade do País Vasco no ano 2004, dirixidos por Mari José Olaziregi, e en 2009, dirixidos por Itziar Zubizarreta. Ou os estudos e ensaios sobre a literatura infantil e xuvenil publicados nestas últimas décadas. Destacaremos, por exemplo, *90eko hamarkadako haur eta gazte literatura* (A literatura infantil e xuvenil vasca na década dos 90), por Manu Lopez Gaseni e Xabier Etxaniz Erle (2005, Pamiela), *Waking the Hedgehog. The Literary Universe of Bernardo Atxaga*, de Mari Jose Olaziregi (Center for Basque Studies-University of Nevada, Reno, 2005), e *Bela Kabelatik Ternuara. Atxagaren Haur eta Gazte Literatura* [De Bela Kabela a Ternua: a LIX de Atxaga], de Xabier Etxaniz Erle (Pamiela, 2007).

Concluiremos subliñando o proceso de visibilidade e institucionalización que a literatura infantil e xuvenil en lingua vasca alcanzou dentro da sociedade vasca. Só nos queda desexar que este proceso sexa reforzado por un discurso crítico que acerte en achegarse ao lector vasco e xerar un debate literario neste momento tan necesario no ámbito literario vasco.



A crítica de Literatura Infantil e Xuvenil en castelán

María Victoria Sotomayor
Universidad Autónoma de Madrid

Para explicar como é e como foi nos últimos anos a crítica literaria que ten como obxecto de estudo a Literatura Infantil e Xuvenil, é preciso reflexionar brevemente sobre o especial significado desta actividade no caso dos produtos literarios destinados a lectores inmaduros e aínda pouco competentes. Non para exercer ningunha clase de dirixismo ideolóxico, senón precisamente para todo o contrario: para proporcionar os instrumentos que permitan progresar no coñecemento e a competencia literaria

Tense falado e escrito tanto sobre as funcións da crítica que a estas alturas é innecesario volver sobre iso, ademais de ser unha cuestión fóra de lugar neste momento. Pero non está de máis, para dar sentido ao que se vai a expor a continuación, lembrar a función mediadora que ten asignada: a de tender pontes entre autor e lector ou entre a obra e o lector.

A cuestión é que a Literatura Infantil ten, como sabemos, un dobre destinatario; e é o adulto quen prescribe, recomenda, compra ou aconsella o receptor da crítica (adulto sempre presente, polo menos na Literatura Infantil). Polo tanto, se o exercicio da crítica é esencial para o autor (Javier Cercas chegou a afirmar –quizais algo esaxeradamente– que se a crítica desaparecera a literatura iría detrás) e para o desenvolvemento dunha vida literaria normalizada, no caso dunha literatura que, ademais de cumprir os fins de calquera outra creación artística, contribúe dunha forma tan intensa á educación das persoas, ou sexa, á construción mesma da persoa, a crítica é aínda máis necesaria se cabe.

Por iso observamos con especial interese como se vén desenvolvendo, en que dirección ou direccións se encamiña e que lugar ocupa no conxunto da vida literaria que ten lugar no ámbito lingüístico castelán en relación coa Literatura Infantil e Xuvenil. Porque cremos que neste caso si se pode afirmar que a propia existencia desta literatura, nun sentido pleno e vitalizante, depende en gran medida dunha crítica consolidada e rigorosa.

Adóitase distinguir entre crítica académica e crítica xornalística, aínda que sexa unha diferenza discutida en certas ocasións. Sen negar que os dous conceptos poidan ser obxecto dunha reflexión teórica que introduza matices e variacións, en particular cando se fala de crítica “de prensa”, utilizarémolos aquí por ser útiles para o noso propósito.

1. A crítica académica

No que se refire á crítica académica, hai que sinalar o notábel impulso que recibiu nos últimos anos dende os ámbitos educativos, especialmente a universidade. Tras unha longa historia de ausencias e invisibilidade, ao longo dos últimos anos está a se incrementar o volume de estudos, monografías e ensaios sobre Literatura Infantil e Xuvenil, algúns deles como resultado de teses doutorais ou traballos de investigación previos e outros como froito do traballo persoal, individual ou colectivo, de profesores e investigadores no marco da súa actividade profesional.

Como mostra deste quefacer é obrigado citar, en primeiro lugar, a actividade realizada polo CEPLI (Centro de Estudios y Promoción de la Lectura y la Literatura Infantil, da Universidade de Castilla-La Mancha, situado en Cuenca) e o seu xa importante volume de publicacións, onde se atopan análises críticas realizadas dende diferentes metodoloxías e concepcións da literatura. O CEPLI acaba de cumprir 10 anos e quizais sexa esta data todo un símbolo do devir da crítica académica de Literatura Infantil e Xuvenil, non só no CEPLI. Porque foron 10 anos dun verdadeiro arrinque, que conduciu a unha situación na que a Literatura Infantil e todas as actividades académicas relacionadas con ela (docencia, investigación, crítica, divulgación) están a ser recoñecidas como nunca até agora o tiñan sido. Isto non quere dicir que non haxa aínda carencias, problemas e falta de valoración en moitos casos, como ben saben todos os implicados nesta tarefa.

Para dar unha visión de conxunto da situación e evitar unha tediosa e pouco útil lista de publicacións, pódense destacar os principais núcleos onde se xera esta produción de crítica académica con resultados algo desiguais pero, en xeral, satisfactorios.

O máis importante é, sen dúbida, o mencionado CEPLI, que nestes 10 anos publicou un total de 46 monografías en diferentes coleccións e formatos (19 en “Arcadia”, 4 en “Estudios”, 20 guías e 3 coedicións) ademais das publicadas antes desta data. Por mencionar as máis recentes, *El Quijote para niños y jóvenes: 1905-2008. Historia, análisis y documentación*, coordinado por quen isto escribe e *Fábulas*, de José Ignacio Basurto, na colección “Arcadia”; e *Sociedad educadora, sociedad lectora*, de Santiago Yubero Jiménez y Elisa Larrañaga Rubio, na colección “Estudios”. Ademais disto, antoloxías, catálogos e guías de lectura, así como a revista *Ocnos*, que inclúe tamén artigos e ensaios onde se exercita a crítica académica da que estamos a falar. O labor deste centro, que ademais das publicacións realiza outras moitas actividades relacionadas coa Literatura Infantil e a lectura, é imprescindible para coñecer a situación actual e cómo chegamos a ela, xa que ademais da súa propia actividade impulsou a doutros centros, persoas e lugares.

Outros núcleos que xeran estudos críticos de Literatura Infantil e Xuvenil, ligados a universidades e mencionados por orde alfabética, son os seguintes:

- Alacante: a actividade crítica xerada ao redor da Biblioteca Cervantes Virtual, cunha sección dedicada á Literatura Infantil e Xuvenil, complementa os estudos que se fan nesta universidade ao redor da educación literaria (Universidade de Alacante).

- Almería: estudos históricos sobre ensino da literatura e educación literaria e sobre literatura de tradición oral e a súa presenza na aula (Universidade de Almería).

- Aragón: estudos de carácter teórico sobre Literatura Infantil e Xuvenil e sobre ilustración e álbum ilustrado (Universidade de Zaragoza).

- Cantabria: estudos sobre hábitos lectores e sobre Literatura Infantil e Xuvenil e valores (valores, multiculturalismo, estudos de xénero) (Universidade de Cantabria).

- Extremadura: estudos sobre tradición cultural e literatura oral, mitos e lendas, e sobre a relación entre a lectura e Literatura Infantil e as tecnoloxías da información e a comunicación (Universidade de Extremadura).

- Illas Canarias:

- Tenerife: estudos sobre educación literaria, teoría da LIX, ilustración (Universidade de La Laguna).

As Palmas de Gran Canaria: estudos sobre tradución de Literatura Infantil e Xuvenil (Universidade das Palmas).

- Madrid: Estudos críticos sobre clásicos da literatura infantil, historia da literatura infantil española e xéneros literarios (Universidade Complutense, Universidade Autónoma).

- Murcia: estudos sobre educación literaria (dramatización, valores, recursos), tradición oral e aproximacións teóricas á Literatura Infantil (Universidade de Murcia).

- Salamanca: actividade da Fundación Sánchez Ruipérez en colaboración, ás veces, coa Universidade de Salamanca. Entre as súas últimas publicacións atópanse *El hilo azul. La pasión de contar, el secreto placer de leer*, de Gustavo Martín Garzo e *Literatura oral y ecología de lo imaginario*, de Gabriel Janer Manila, na colección “El árbol de la memoria”.

A propósito destes últimos títulos, hai que facer notar que a crítica que se verte en monografías, artigos de revistas especializadas e material diverso para a selección de textos (antoloxías, catálogos, guías de lectura, etc.) non provén só da universidade. Quizais por facer da necesidade virtude, en todos estes núcleos que xeran crítica de Literatura Infantil dáse unha colaboración cómplice, beneficiosa para todos, entre os centros universitarios e outros centros, entidades e institucións relacionadas coa Literatura Infantil e Xuvenil: fundacións, editoriais, institucións públicas, centros de apoio ao profesorado e bibliotecas (físicas e virtuais). O resultado desta colaboración, que suma esforzos e trata de vencer obstáculos, son publicacións críticas como as que se atopan na Biblioteca Cervantes Virtual, as que patrocina a FGSR, a Fundación SM, o Instituto da Muller, administracións autonómicas, etc. Porque o gran problema da crítica académica sobre LIX non é tanto a súa produción como a súa difusión; pois para dar a coñecer estes estudos tan necesarios hai que publicalos. Este é o gran problema e a escaseza de editoriais e coleccións dedicadas a esta materia de estudo así o pon de manifesto. As universidades e outros centros de investigación xeran estudos críticos; pero ¿onde publicalos? Esta é a cuestión.

Agora ben: en que dirección se encamiña esta crítica? A que presupostos responde? Á vista das publicacións dos últimos anos hai que falar dunha notábel variedade de enfoques e temáticas. Interesan todas as metodoloxías e case todas as escolas. Pero dado o carácter especial desta literatura e do destinatario da actividade crítica (o adulto mediador), obsérvase un predominio das análises e estudos encamiñados a dotar a este mediador dos recursos e coñecementos que lle permitan realizar mellor a súa función mediadora, é dicir, a selección e valoración de textos. Por suposto que hai estudos históricos e outros feitos dende a semiótica, a pragmática, os estudos de xénero e de recepción, xa que hai unha loábel e necesaria tendencia a aplicar á literatura para nenos os mesmos parámetros de análises que a calquera outra forma de literatura. Pero son unha pequena parte en comparación cos que buscan fundamentar unha aplicación concreta, o que se advirte de maneira especial nos que proveñen de ámbitos non exclusivamente universitarios.

Se nos preguntamos polo lugar que ocupa esta crítica na vida literaria, é dicir, pola súa visibilidade e influencia, habería que facer algunhas precisións. A crítica literaria académica adoita circular en ámbitos académicos e, polo xeral, ten pouca influencia nos lectores. Así cremos que ocorre aquí, en principio. Con todo, dado o carácter peculiar desta crítica, os seus destinatarios e orientación aplicada, si que ten presenza e é tida en conta cando consiste en crítica de obras ou autores e cando achega recursos para a aula. Non interesan tanto, en cambio, reflexións máis teóricas sobre do fenómeno literario que implican unha maior especialización profesional; estas quedan nos propios circuítos académicos como achegas que permiten avanzar no coñecemento e elaborar un construto teórico capaz de interpretar e dar sentido ao fenómeno literario que nos ocupa. Por outra banda, hai que recoñecer que a crítica referida á Literatura Infantil si está presente, e ás veces de maneira notábel, no mundo académico onde se admite, polo xeral, como un traballo tan lexítimo e académico como calquera outro. Naturalmente, hai aínda moitos casos de discriminación ou rexeitamento, pero se comparamos a situación actual coa de hai 10 anos (por seguir co noso número máxico), hai que admitir que o avance foi moi importante.

2. A crítica de prensa ou xornalística

En canto á crítica xornalística, hai suplementos culturais que inclúen habitualmente crítica de libros infantís, como o *ABC Cultural*; outros fano esporadicamente: *Babelia*, *El Cultural*; revistas culturais como *Delibros*, *Ler*, *Qué leer* ou *Mercurio* tamén inclúen cunha periodicidade alta críticas de libros infantís. Mencionamos soamente periódicos e revistas de difusión nacional; hai moita prensa local ou rexional que tamén ten suplementos literarios e que tamén se ocupa de cando en vez da literatura para nenos e mozos. Por suposto, revistas de divulgación especializadas como *CLIJ*, *Educación y Biblioteca*, *Lazarillo*, *Peonza*, *Primeiras Noticias* ou *Platero* dan conta de novidades e achegan tamén estudos críticos temáticos.

Como son estas críticas e que libros seleccionan?

Como é propio deste tipo de crítica, adopta a forma de reseña ou comentario breve, lixeiro, case sempre centrado no argumental e sen apenas espazo para a valoración; polo menos, para unha valoración que non sexa un “xuízo flash”. Son críticas que informan de novidades, dan a coñecer autores e títulos, sitúan as obras nun xénero, estilo e rango de idade e serven ao mediador para facerse unha idea xeral do asunto do libro. Ás veces alcanzan unha extensión algo maior (en *ABC Cultural* pode verse) o que permite dar cabida a algún xuízo valorativo, pero sempre cunha linguaxe de moi fácil comprensión e ton lixeiro. As revistas especializadas e algunhas non especializadas inclúen outra forma de crítica referida a temas, autores, xéneros, lectura e outros; cuestións que tamén atopamos, ás veces, na prensa diaria, pero non son, en realidade, máis que unha variante da forma máis simple antes mencionada, xa que consisten nunha recollida de novidades ao redor dun tema ou xénero común (vampiros, ciencia, bilingüismo, a morte...). Conservan, por tanto, as características das críticas de novidades antes descritas. Aínda que tamén é certo que cando esta forma de crítica aparece en revistas máis ou menos especializadas, achégase máis á académica que á xornalística, segundo o tema que trate.

Ante este panorama, se houbese que facer un balance de resultados desta crítica de prensa ou xornalística, e asumido o inevitábel risco de subxectividade, podería describirse como unha paisaxe de luces e sombras. Por unha banda vai aumentando aos poucos a presenza da literatura nas canles de difusión cultural e literaria: non é raro atopar nas revistas e suplementos culturais a crítica de novidades de LIX como unha sección fixa ou cun tratamento semellante ao doutras formas literarias (na súa periodicidade, deseño, etc). Isto é positivo, sen dúbida. Pero, por outra banda, as críticas son, na maior parte dos casos, tan breves, lixeiras e pouco comprometidas, que realmente non informan máis que de cuestións externas, argumentais ou estéticas, pero pouco da súa entidade literaria. E hai unha boa parte da produción crítica que se atopa nunha especie de estadio intermedio entre a simple reseña de novidades e o rigor e sistematización da crítica académica. Probabelmente xustifícase pola necesidade de facer visíbel a Literatura Infantil e a súa crítica e penetrar nas canles de difusión cultural e educativa onde pode lograr unha maior repercusión.

3. A crítica na Web

Hai un terceiro espazo para a crítica literaria que é a Web. Non se pode deixar de advertir a importancia crecente de revistas electrónicas, algunhas xa consolidadas: *Imaginaria*, *Cuatrogatos*, *Babar*, *Peonza*, *Pizca de papel*, *Abareque*, ou sitios como a Biblioteca Infantil da Biblioteca Cervantes Virtual, SOL (da FGSR e o gremio de editores), ler.es (impulsado polo MEC), etc. Pola Web circulan múltiples revistas electrónicas, páxinas, blogs, foros e toda clase de redes dedicadas á actividade literaria. Delas cabe dicir que xeran unha actividade heteroxénea, xa que inclúe a crítica académica, a xornalística e outras formas moito máis diversificadas.

Resulta moi difícil neste momento facer unha valoración fiábel deste material tan diverso,

que vai dende as páxinas de autores, foros de lectores, blogs e páxinas de editoriais e persoais de procedencias varias, etc. Nelas vértense comentarios, opinións, críticas, artigos, textos orixinais, material gráfico complementario... e un longo etcétera. Todo isto ten a súa importancia como forma de presenza da LIX na sociedade, pero escapa a calquera intento de sistematización e valoración baseado nos parámetros académicos habituais.

En resumo, con este panorama non só se pretende dar unha información, aínda que xeral e sucinta, sobre a situación actual, senón deixar expostos algúns problemas comúns a todos os ámbitos lingüísticos sobre os que convén reflexionar.



A crítica do libro infantil e xuvenil en lingua catalá

*Caterina Valriu
Universitat de les Illes Balears*

Falar de crítica literaria non é unha tarefa fácil. Ao reflexionar sobre o tema xórdennos algunhas preguntas tan complexas coma esenciais que non poderemos desenvolver pola brevidade desta intervención, pero que non está de máis consignar e pincelar con algún breve apuntamento:

- Que é a crítica literaria?
- Que é “unha boa crítica”?
- Quen le crítica literaria?
- Canta? Inflúe nas lecturas?
- Que buscamos nunha crítica?
- Realmente, é necesaria a crítica?

Segundo Joan Portell –un crítico experto en Literatura Infantil e Xuvenil– o cuestionario fundamental do crítico ante unha obra poderíase reducir a catro preguntas ou reflexións básicas sobre un texto:

1. Que intención tiña o escritor ao escribir e publicar ese texto?
2. Conseguiu o seu propósito?
3. Valía a pena (escribir e publicar ese texto)?
4. Que achega á historia da literatura o texto en cuestión?

A. Que lle podemos/debemos pedir a unha boa crítica?

1. Que informe sobre unha obra a aqueles que aínda non a leron (ou que nos descubra obras que rexeitamos inicialmente)
2. Que nos informe sobre o autor.
3. Que achegue luz sobre aspectos da obra que non captamos.

4. Que sitúe a obra no seu contexto artístico, social e cultural.
5. Que enriqueza a propia lectura, no sentido de aumentar a súa comprensión.
6. Que achegue información/reflexión sobre o proceso de creación artística da obra en cuestión e a relación da obra con outros ou con outras disciplinas artísticas.
7. Que estea “ben escrita” e evite os tópicos.

Como debería ser –formalmente– unha boa crítica?

1. Concisa, non ten que explicar o argumento nin facer digresións secundarias respecto do obxectivo proposto.
2. Estructurada e clara na exposición e a linguaxe usada. Comprensíbel, non debe estar chea de tecnicismos.
3. Razoada/argumentada, convencida e convincente. Cunha clara vontade de orientar, porque ten un aspecto instrutivo, didáctico. O obxectivo último, aínda que inalcanzábel, sería a obxectividade. O crítico debe ter á vez modestia e erudición, saber distanciar o “eu” persoal do traballo de crítico.

Moitas veces nunha mesma publicación podemos atopar recensións e críticas propiamente ditas. Os obxectivos dunha recensión son máis modestos e limitados que os dunha crítica. A súa intención non é tanto “valorar” como “dar noticia” dun libro. Debe ser eficaz, directa e concisa. Nos libros para primeiros lectores boa parte da información atópase na parte gráfica e a ilustración. O álbum é un cruzamento, unha narrativa de confluencia entre a linguaxe visual e a textual. Que podemos valorar dun álbum ou libro moi ilustrado?:

1. O texto (segundo os parámetros habituais).
2. A imaxe (especialmente a secuenciación, pero tamén a innovación estilística, o ritmo, a calidade global da imaxe).
3. A relación do texto coa imaxe (débense potenciar o un ao outro, non sumar) e valorar se o conxunto “comunica”, se suscita emocións. A elección da linguaxe e das imaxes teñen que concordar coa historia contada, deben formar un conxunto harmónico.
4. A posibilidade de varios niveis de lectura, a adecuación ao nivel lector.
5. A presentación, o formato (e os paratextos).

B. O perfil do crítico

Qué é un crítico literario?

É un creador frustrado?

O crítico sempre ten razón?

Estariamos todos de acordo en que o crítico é (debe ser) un lector preparado. Que debe facilitarlle ao lector o acceso a un texto literario. Que a súa función é facer de mediador entre quen escribe e quen le. Que é un lector que ten como peculiaridade o facer pública a súa reflexión sobre unha obra lida. É crítico pero, ás veces, déixase levar por debilidades humanas que fan diminuír a súa ponderación e profesionalidade (esaxerar ou minusvalorar unha obra). Como xa sinalamos, e non nos cansaremos de repetir, o crítico é esencialmente un mediador. O lector novo poucas veces accede á crítica directamente –excepto nas que aparecen en revistas infantís/xuvenís ou webs especializadas–, senón que adoita acceder ao libro recomendado a través dun mediador (mestre, bibliotecario, familiar, educador de tempo libre, etc.). Polo tanto, o crítico non se dirixe ao lector directo senón a outros mediadores interpostos e debe ter en conta esta circunstancia. Persoalmente, creo que para ser un bo crítico de Literatura infantil non é suficiente unha boa formación en Teoría da literatura, aínda que esta é necesaria e

imprescindíbel. Hai un factor que poderíamos chamar “de proximidade” co mundo dos nenos e os mozos, unha experiencia directa de como se achegan aos libros e de como interactúan, e dos “ventos” que sopran en cada época, é dicir, das tendencias da cultura infantil e xuvenil do momento para poder valorar diversos parámetros que son secundarios á calidade literaria pero que hai que ter en conta. Dende esta premisa –e dado que xeralmente nas nosas culturas minoritarias e minorizadas non se pode facer da crítica unha profesión– penso que hai algunhas profesións que se converten nunha “xanela” interesante para ver como os libros “funcionan” na contorna dos lectores. Refírome ás bibliotecas en primeiro termo (o lugar privilexiado para a lectura en liberdade) e á contorna escolar que, en menor medida, tamén pode achegar informacións valiosas ao crítico a contorna familiar e outros espazos de relación cos nenos e mozos. Pero a mellor calidade do crítico, na miña opinión, é a capacidade de ser obxectivo e afastarse de prexuízos e presións –persoais, corporativas, empresariais, institucionais, etc. – para valorar a obra con independencia. Esta liberdade é máis problemática ou conflitiva de exercer cando máis reducida é a contorna cultural na que se traballa (“todos nos coñecemos”). Tamén se debe valorar a capacidade de traballo, a bagaxe cultural e, especialmente, as habilidades comunicativas e a empatía co lector.

C. A crítica de Literatura Infantil e Xuvenil en catalán hoxe

A información sobre as novidades no campo da Literatura Infantil e Xuvenil articúlase a través de diversas canles. Podémolas clasificar en:

1. Prensa diaria

AVUI: suplemento de cultura cada mércores. Aparecen críticas de LIX quincenalmente ao coidado dun crítico literario e dun ilustrador, o que equilibra e enriquece a achega, que é a máis profunda da prensa periódica.

EL PERIÓDICO: no suplemento semanal de libros cada semana aparece unha crítica extensa e dúas recensións de libros infantís. Unha vez ao mes hai crítica de libros xuvenís, a cargo de expertos de recoñecido prestixio.

EL PAÍS: no suplemento semanal (*Quadern*) xeralmente cada mes hai crítica de LIX ao coidado dun crítico e bibliotecario, pero sen data fixa de aparición.

PRESENÇA: suplemento semanal de diversas publicacións periódicas en catalán, no que hai críticas de LIX de periodicidade irregular, a cargo dunha crítica e bibliotecaria.

2. Revistas

Faristol: revista especializada de periodicidade trimestral. Un equipo de 20 críticos encárgase de criticar todo o que se fai en catalán de autores do país (no caso de coleccións de características moi determinadas faise a crítica de maneira global) e ocasionalmente dalgunha tradución ao catalán.

CLIJ: revista especializada de periodicidade bimensual (inclúe todas as literaturas do estado).

L'illa: revista especializada trimestral vinculada a unha editorial (Bromera) onde se publican críticas sobre os seus libros encargadas a especialistas.

Notícia de llibres: revista semestral con breves recensións vinculada a un grupo de librarías.

Guix: revista pedagóxica onde aparecen recensións e críticas que falan de LIX e de lectura.

Infància: revista de pedagogía. En cada número aparece a presentación dun libro que fai a función de crítica, a cargo dun experto no tema.

Serra d'Or: revista cultural mensual que inclúe de cando en vez crítica de LIX.

El Temps: semanario de información xeral que esporadicamente inclúe recensións ou críticas de LIX.

Cavall Fort: cada mes aparece a reseña crítica de tres libros xuvenís ao coidado dunha recoñecida especialista.

Tatano: revista para as primeiras idades. Aparece unha selección mensual de títulos a partir dun tema concreto, moi útil para formadores.

Esquix: revista infantil balear que inclúe pequenas recensións dirixidas directamente aos seus lectores.

3. Webs e blogs

As seguintes institucións manteñen webs con información sobre LIX:

Consell Català del Llibre per a Infants (CLIJCAT): toda a crítica publicada na revista *Faristol*.

Xarxa de Biblioteques de la Diputació de Barcelona.

Xarxa telemàtica educativa de Catalunya.

Lletra-Espai virtual de Literatura Catalana (Universidad Oberta de Catalunya)

Cornabou (web particular dun escritor que colga críticas propias á produción de LIX)

Blogs (<http://unchatbotte.blogspot.com/>; <http://jimboto.blogspot.com/>) e outros.

4. Monografías e guías de lectura

Ocasionalmente publícanse monografías que achegan información sobre LIX catalá, a miúdo inserida nun contexto máis xeral de libros para nenos e novos. Tamén hai que destacar as publicacións (ás veces case artesanais) de guías de lectura, especialmente por parte de redes de bibliotecas – “Guía de literatura infantil i juvenil” das bibliotecas de Xirona e moitas outras- ou en ocasións de eventos (conmemoracións, exposicións, etc.).

As ausencias: televisión, radio. Nestes medios de comunicación non se presta atención á LIX, soamente de maneira excepcional e nalgunha época do ano moi concreta.

Consideracións finais

A modo de conclusión das reflexións expostas direi:

- Que a Literatura Infantil e Xuvenil en lingua catalá é un dos sectores máis potentes na industria editorial catalá, por número de títulos publicados e volume de vendas. En cambio, isto non se corresponde coa súa presenza nos medios de comunicación, que é escasa se a comparamos co espazo dedicado ao libro “de adultos”.

- A periodicidade das críticas danos unha idea da importancia e consideración que teñen no conxunto da publicación (só un xornal as fai semanais, os outros quincenais, mensuais ou ocasionais), máis ben escasa.

- As mil veces sinalada dependencia LIX-escola faise evidente tamén aquí, dado que moitas críticas aparecen en revistas de carácter pedagóxico ou en contextos claramente vinculados á escola.

- A importancia na cultura catalá dunha tradición de “Seminarios” –sen dúbida herdeira de épocas de resistencia cultural– de carácter voluntarioso e que a miúdo traballa con medios precarios que –ao longo de décadas– vertebraron a crítica, formaron críticos e orientaron os mediadores –especialmente mestres, pero tamén bibliotecarios e libeiros–, reflírome por exemplo ao “Seminari de Literatura Infantil y Juvenil de Rosa Sensat”, o da librería Robafaves, etc.

- Esta tradición –valiosa pola proximidade aos consumidores e a implicación persoal dos críticos– semella estar en perigo de extinción engulida pola onda de relacións de carácter virtual –blogs persoais, facebook, chats, etc. – que teñen vantaxes e inconvenientes evidentes respecto das reunións tradicionais, cara a cara e cunha certa sistematización (reunións periódicas,

pequenas canles de información máis concretas, vínculos máis persoais entre os membros, etc.).

- É un feito a destacar “a estacionalización” do interese pola LIX nos medios de comunicación. Hai dous momentos clave na LIX catalá (Nadal e Sant Jordi) nos que parece que aumenta de maneira exponencial o interese e a demanda de materiais sobre LIX. A este calendario sométense as novidades editoriais, os suplementos culturais, etc. O resto do ano o interese decae de forma notoria.

- Hai que destacar tamén o papel emerxente das universidades –e outras institucións académicas– na formación de persoal cualificado en LIX, ou polo menos na formación dos mediadores. Estes últimos anos asistimos a unha maior sensibilidade e demanda destes temas. As materias obrigatorias ou optativas aos estudos de maxisterio ou de filoloxía, os másters, seminarios, posgraos, redes de investigación, etc. que se desenvolven por todo o territorio –e que a miúdo frutifican tamén en publicacións de carácter monográfico– axudan a proporcionar bases e criterios aos que serán os mediadores entre a lectura e o lector.

En conxunto, a crítica de LIX en lingua catalá presenta un panorama diverso que é francamente mellorábel en canto á información ao gran público –especialmente na dirixida ao ámbito familiar– pero o suficientemente enriquecedor para os máis interesados ou as persoas en formación sobre o tema. Falta traballo a pé de rúa –dende as escolas, as bibliotecas, as entidades culturais de proximidade, os concellos...– para “dar a coñecer” libros e para orientar lecturas, para desvelar a inquietude lectora entre os nenos, para traballar por e para os lectores do futuro.



Presenza e ausencia da crítica literaria sobre a Literatura Infantil e Xuvenil a través do Informe de Literatura 2009

*Mar Fernández Vázquez
Universidade de Santiago de Compostela /
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades*

Para complementar os relatorios que me anteceden neste monográfico vou comentar o resultado anual do proxecto *Informes de Literatura*, que se realiza no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades dende 1995, dirixido e coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou e que se pode consultar e descargar dende a páxina en liña deste Centro (www.cirp.es, apartado “Recursos”) e en CD-ROM, e entre 1995 e 1999 tamén ler en libro.

A escolla deste proxecto débese a que se trata do primeiro e único observatorio literario galego, e que coñezamos do Estado español, con características que van máis alá dunha base bibliográfica, xa que non só achega a produción literaria en xeral senón que tamén ofrece a recepción, así como outros elementos sistémicos, acompañados todos eles dunha descrición do seu contido, e mesmo da súa historia cando de revistas e premios se fala; e porque visualiza e salienta a Literatura Infantil e Xuvenil galega, en igualdade coa Literatura institucionalizada ou de adultos, por iso no apartado específico que se lle dedica, a súa estrutura é a mesma que se realiza para describir a produción anual dos tres xéneros canónicos: narrativa, poesía e teatro (acompañado este último da descrición das postas en escena, dos ciclos e das compañías profesionais, afeccionadas e escolares, segundo sexan estreas ou pezas que seguen en cartel), as reedicións e textos recuperados, adaptacións, versións, traducións e antoloxías de todos os xéneros citados e a recepción dos mesmos nas publicacións periódicas (revistas e xornais) que se realizan en Galicia e fóra dela, tamén se acolle o cómic e o ensaio literario, biografías, crónicas e libros colectivos e as traducións noutras linguas.

Polo dito e para o tema que nos ocupa, polos *Informes de literatura* pode seguirse anualmente como se comporta a crítica académica propiamente dita e mesmo aqueloutra que se achega a ela aínda que se publique en medios xornalísticos.

Esta crítica descríbese nos Informes nos seguintes apartados:

1. “Recensións” das que foi obxecto a produción literaria durante o ano concreto nas publicacións periódicas.

2. “Monografías e libros colectivos”, onde se recollen comentarios descritivos deste tipo de libros nos que se tratou a Literatura galega e que foron publicados durante o ano do *Informe* que se consulta ou analiza, acompañados tamén da súa recepción.

3. “Estudos e recensións”, descritores das entradas publicadas nos xornais nas que se comentan obras da Literatura galega publicadas en anos anteriores ao *Informe* do ano concreto.

4. “Publicacións en revistas”, onde se dá conta dos estudos e recensións sobre obras da Literatura Galega que viron a luz en anos previos ao *Informe* do ano.

Para dar unha idea de cómo se comportou a crítica académica no ano 2009 expoño os resultados que se poden extraer do *Informe de Literatura 2009* nos cadros seguintes:

- En canto á produción sobre Literatura Infantil e Xuvenil, fronte á Literatura institucionalizada ou de adultos, os datos que permiten unha comparación son os seguintes:

PRODUCCIÓN EN 2009	Narrativa	Poesía	Teatro	Monografías	Total Producción
Literatura Infantil e Xuvenil	230	23	11	2	277
Literatura institucionalizada ou de adultos	98	82	23	38	204

- A crítica literaria en 2009 respecto á Literatura Infantil e Xuvenil e á Literatura institucionalizada ou de adultos reflíctese nos seguintes datos:

CRÍTICA LITERARIA EN 2009	Literatura Infantil e Xuvenil	Literatura de adultos ou institucionalizada
En Monografías	2	38
En xornais	277	262
En revistas	34	587
Nas publicacións periódicas	311	849

Diante destes datos pódese constatar que, a pesar de ser maior a produción de Literatura Infantil e Xuvenil, a atención dende a crítica académica e a crítica xornalística máis próxima a ela é menor e, se se fai unha revisión detida deste *Informe* e dos anteriores, verase que a crítica académica é mínima, que a máis abundante é esa crítica xornalística que, como apuntara Ramón Nicolás na I Xornada da Crítica, se caracteriza por unha “intención informativa, descritiva e orientadora” e resulta útil ao lectorado “para estar ao día arredor dos libros que se van publicando” (2008: 18).

Como se pode comprobar esta publicación anual, froito do traballo de investigación citado, é unha ferramenta moi útil para calquera tipo de mediador pois ademais de dar noticia do que se publica anualmente dende diferentes miradas, tamén recolle reflexións críticas actuais de obras do pasado que poden axudar a revisar os canons que os mediadores están a empregar.

**SEGUNDA PARTE:
REFLEXIÓNS XERAIS
SOBRE ASPECTOS VARIOS**

A crítica académica e o xénero poético

Eulalia Agrelo Costas
Universidade de Santiago de Compostela

Despois de escoitar as diferentes intervencións realizadas ao longo desta 2ª Xornada da Crítica, creo que podemos chegar á consideración xeral de que a LIX, un sistema literario de configuración máis tardía có da literatura adulta ou institucionalizada, tamén mostra aínda hoxe unha menor madurez no referente á súa produción crítica.

Este grao de inmadurez é máis perceptíbel se centramos a nosa atención nalgún xénero concreto da LIX. Se revisamos o tipo de crítica que suscita o xénero narrativo, malia ser maioritaria a crítica xornalística ou de actualidade, tamén se anotan traballos pertencentes á crítica académica ou universitaria. Mais se nos centramos nun xénero menos practicado, como é a poesía, a crítica é máis escasa e case toda ela se define polo seu carácter informativo, divulgativo e promocional e atende, nomeadamente, obras poéticas galardoadas ou que pertencen a algún autor de recoñecida solvencia dentro do sistema, non deixándose de entrever, nalgúns casos, a intervención interesada da empresa editorial.

Na poesía infantil e xuvenil galega, para encontrarmos con estudos e traballos académicos elaborados dende o punto de vista científico hai que dirixirse a persoas moi concretas que, á súa vez, puxeron en marcha unha serie de plataformas que abordan, dende diferentes perspectivas, a LIX. É este o caso, por exemplo, do volume *A poesía infantil e xuvenil galega* (2000), de Blanca-Ana Roig Rechou e do monográfico *A poesía infantil no século XXI (2000-2008)* (2009), coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez, no que, ademais de incluírse unha panorámica sobre a poesía infantil galega, se acollen dúas análises sobre poemarios galegos de dous autores de referencia, Ana María Fernández e Antonio García Teijeiro, entre outros traballos. Así mesmo, se revisamos a crítica nas publicacións periódicas referente á poesía polo *Informe de Literatura 2009*, fronte ás dezoito entradas rexistradas nos xornais, só anotamos unha en revistas.

Ante esta situación un tanto “precaria” e sendo conscientes de que a crítica académica se dirixe a un público minoritario e moi específico, vinculado sobre todo co ensino e a pedagogía, inquiétanme certas cuestións:

- Por que a crítica académica sobre a poesía infantil e xuvenil non ten un espazo reservado nas publicacións que si atenden a poesía de adultos?

- Non lles interesa aos críticos abordar e tratar dende un punto de vista máis científico os poemarios dirixidos aos máis novos?

- Incluso, aqueles críticos máis próximos ao ámbito escolar non consideran de interese facer análises sobre a poesía infantil e xuvenil que poderían ser de utilidade para o mediador e, polo tanto, beneficiar as potencialidades dese produto na aula ou noutros espazos?

- Que razóns se ocultan detrás destes “silencios”?

Creo que se a crítica periodística, en xeral, e a académica, en particular, atendesen con maior agarimo a poesía infantil e xuvenil axudarían a visibilizar e darlle un maior prestixio a un xénero que debería ser mellor valorado, se temos en conta a calidade e potencialidade de moitos dos seus textos.

A crítica e o canon escolar

Mónica Álvarez Pérez
Universidade de Santiago de Compostela

De cara a reflexionar sobre o papel da crítica literaria no ámbito da Literatura Infantil e Xuvenil, e máis concretamente, na súa relevancia de cara á construción dun “canon escolar” que guíe a selección de obras adecuadas na formación de lectores competentes, é importante, dende o meu punto de vista, partir primeiramente do estado actual da educación literaria na institución escolar. Neste senso, un dos primeiros obstáculos co que nos atopamos é a inserción desta metodoloxía nos límites dunha materia escolar como é a ensinanza da literatura, ignorando o sentido de transversalidade que esta debería ter. É dicir, a educación literaria preséntase coma un dos obxectivos dentro daqueles que se estiman oportunos alcanzar dentro da materia de literatura, supeditando deste modo as lecturas a un sentido máis instrumental lonxe de acadar o obxectivo primordial da metodoloxía: a formación de lectores literarios.

A organización da “ensinanza da literatura”, e con ela a formación de lectores competentes, nos parámetros expostos, comporta a adecuación dos contidos dentro das coñecidas programacións didácticas ofertadas polas editoriais, que non só presentan un catálogo de lecturas recomendadas senón que ofrecen unha guía de lectura que orienta o proceso lector. Se ben é certo que se pode admitir que esa selección cumpre *a priori* cos obxectivos previstos para a etapa escolar, cabería preguntarse até que punto responde ás características contextuais dun determinado grupo de escolares. Coma é ben sabido, a educación literaria susténtase en dous piares básicos como son a familia e a escola, presentándose esta última, coma a institución que ten como un dos seus obxectivos principais paliar as posíbeis carencias resultantes das problemáticas existentes en determinados contextos familiares e sociais. Polo tanto, non todas as aulas son iguais, e en definitiva, os obxectivos a cumprir dentro da educación literaria non teñen por que ser os mesmos en todos os grupos por moito que estean na mesma etapa escolar. É aquí onde o papel do mediador-profesor, se fai relevante de cara á selección de obras adecuadas e pertinentes en función das características do seu grupo de alumnos.

É dicir que se ben é certo que as guías propostas polas editoriais son en moitos casos acertadas, estas deberían ter un carácter orientativo e nunca ser determinantes, o papel último debe recaer no mediador, coñecedor do grupo co que está a traballar. De aí a importancia dun

recurso certamente obxectivo, como é a crítica literaria que permita aos mediadores contar cunha base sobre a que fundamentar as súas eleccións dentro, por que non, das xa propostas polas editoriais e demais fontes de Literatura Infantil e Xuvenil.

Neste senso, cabería preguntarse, cal é, ou cal debería ser, o papel da crítica dentro da formación do profesorado nas etapas escolares? Quizá sería necesaria a incorporación, dentro dos obxectivos a acadar nos plans de estudo do futuro profesorado, dunha “educación para a crítica” que lles permita, por unha banda, coñecer este medio coma un recurso que oriente as súas eleccións e, por outra, que os dote dunha formación que os axude a analizar e reflexionar ao redor deste recurso.

Por último, e facendo fincapé na principal finalidade da Educación Literaria, é dicir, na formación de lectores competentes, non nos deberíamos esquecer da necesidade de facer crítica literaria pensada para os destinatarios principais das lecturas que se lle propoña á nenez, e, deste xeito, incorporar a crítica como un recurso didáctico na aula de cara á formación de lectores autónomos capaces, nun futuro, de facer as súas propias seleccións.

Crítica académica e teatro

Andrea Álvarez Pino
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
Investigadora do proxecto INCITE09 204039 PR:
“A literatura electrónica en España.
Inventario e catálogo” (USC)

Dada a natureza complexa e diferencial da literatura dramática a respecto da narrativa e a poesía, cómpre entender o labor da crítica académica sobre textos teatrais nun senso amplo, e non só na súa acepción filolóxica, que é, porén, a que predomina tanto na investigación coma nos poucos espazos reservados á arte teatral nos suplementos sobre libros e outras publicacións periódicas especializadas. O axuste non só revertería nun maior rigor de análise ao nivel illado do discurso escrito. Garantiría, asemade, a posta en relación dos mecanismos de construción textual coa realidade escénica que cumpra en cada caso. No da escena posdramática actual, con debates de amplo espectro cultural e político de particular incidencia sobre os modos e motivos da creación espectacular que remiten á crise dos sistemas contemporáneos de representación baseados na palabra e na imaxe e, por ende, ao proceso de reconfiguración do papel social do teatro como alternativa encarnada e relacional de pensamento e acción capaz de afrontar a abstracción mediática. Como trasladar senón á páxina as implicacións estéticas e políticas da relación non representacional entre texto e escena que comeza a introducir a vangarda teatral galega? Como entender senón a función produtiva (que non reprodutiva) á que hoxe tende a palabra dramática?

A realidade é que as persoas dedicadas á teoría, á crítica e á investigación do teatro galego – vertentes dramática e espectacular- proceden case exclusivamente das facultades de filoloxía -no caso concreto da USC, dos departamentos de literatura, teoría da literatura e lingüística xeral-, e son poucos os profesionais que contan con formación regrada en literatura comparada, estudos culturais ou, claro está, en estudos de teatro e performance. Dito noutros termos, malia a súa especificidade, o teatro non se estimou aínda merecente dunha área de coñecemento propia no interior do sistema universitario. Neste contexto, e centrándonos xa no obxecto concreto deste breve escrito, cabe esperar calquera solvencia crítica á hora de abordar o campo particularmente difícil da literatura dramática para público infantil e xuvenil dende parámetros non só filolóxicos ou simplemente divulgativos?

O teatro infantil e xuvenil que hoxe se fai en Galicia é, sen dúbida, unha práctica emerxente. Son cada vez máis os autores, fundamentalmente autoras, que escollen producir para os máis novos, e son cada vez máis as compañías teatrais que asomen a responsabilidade de recuperar a conexión do teatro con este sector social e cultural estratéxico. Así e todo, mesmo cando esta modalidade empeza a ter unha presenza notábel nas programacións de concellos, feiras e festivais, dende o punto de vista sistémico, trátase dun fenómeno cultural periférico. Na miña opinión, isto débese en parte á precariedade do sistema educativo, pero tamén á tradicional falta de interese crítico por unha praxe xa de por si minorizada, a teatral. A xulgar polo positivo da puxa académica pola escrita de sectores estratéxicos como foron (e son) a poesía e a narrativa da promoción de autoras dos 90, o lóxico sería ocuparse tamén do terceiro elemento en discordia, as novas dramaturxias, e con máis motivo cando se trate de textos producidos por mulleres ou escritos para os máis pequenos.

Cómpre incentivar a formación dunha crítica especializada implicada tanto na produción e difusión de coñecemento a partir de textos dramáticos e espectaculares como na tarefa de normalización dun sistema teatral en permanente desequilibrio. A crítica académica debería facerse cargo da súa cota de responsabilidade nas tarefas de mediación e dinamización do teatro galego, onde, penso, dúas das grandes eivas son a comunicación deficiente entre creadores dramáticos e creadores escénicos e a ausencia dun traballo conxunto –creadores, críticos, investigadores, editoriais, institucións- en prol da formación de públicos, en especial entre os nenos e os adolescentes.

A precariedade do sistema editorial galego, o basamento da promoción nos premios e a escaseza de espazos para a análise e a reflexión crítica sobre teatro galego agravan o problema. Só contamos con dúas publicacións periódicas especializadas en activo, a *Revista Galega de Teatro e Casahamlet*, onde a atención á escena e á dramática infantil e xuvenil é moi pouca, e cos esforzos de medios culturais como a revista *Tempos Novos* e o suplemento trimestral que a acompaña, *Pro-texta*, que, malia contaren con colaboracións solventes, non poden máis ca centrar a atención nas estreas e novidades editoriais do momento.

Faltan espazos, liñas de estudo actualizadas, e faltan voces preparadas que dinamicen e diversifiquen o panorama crítico.

A crítica literaria e a práctica tradutolóxica

*Pilar Bendoiro
Universidade de Santiago de Compostela /
Thomas Hardy School*

Dentro dos moitos aspectos que a crítica literaria abrangue atópase a práctica tradutolóxica, un pouco esquecida polo aparato crítico pois precisa de análises que contribúan ao seu enriquecemento.

Á hora de comentar o estado da crítica en relación á tradución de Literatura Infantil e Xuvenil (LIX) débese ter en conta a recente historia da LIX galega, e mais concretamente os moitos atrancos que rodearon a práctica da tradución de cara a ser considerada proceso literario en si mesma, pois até non hai moitas décadas estaba relegada a un segundo plano e ademais a súa consideración dentro dos estudos literarios é bastante recente, pois pode dicirse que veu parella ás teorías sistémicas.

Son estes, entre outros, os principais motivos polos que se fai necesario que as traducións de obras infantís e xuvenís, as cales son lidas non só polos adultos, como axente mediador, senón tamén polo público infantil e a mocidade aos que se destinan co afán de dotalos de lecturas, contén cunha atención crítica que contribúa a mellorar a situación da tradución como proceso fundamental de enriquecemento do sistema literario infantil e xuvenil galego. Pois a tradución de LIX carece dunha ferramenta crítica adecuada que a fortaleza e que poida axudar a comprender como se xestou o sistema literario no que as obras traducidas son pezas fundamentais.

Dito isto cabe salientar que a pesar do aumento nas últimas décadas, tanto de obras literarias traducidas ao galego coma de comentarios analíticos cuxo tema central é a análise das obras traducidas, aínda se observa certa carencia de comentarios críticos académicos destinados á súa mellora. Pódese dicir que cada vez é maior a presenza de artigos ou comentarios sobre traducións nos diversos medios de comunicación, pero o seu obxectivo fundamental é a descrición de contidos ou análise superficial de elementos textuais. Por outra banda, en relación á crítica académica esta presenza é aínda máis grande. Bótase en falta unha maior profundidade na análise daqueles factores que fan da tradución unha práctica literaria, como son todo tipo de elementos que o tradutor debe ter en conta á hora de traducir un texto: os transvases lingüísticos

pertinentes, paratextuais, elementos culturais, e por último, pero non menos importante, faltan achegas que se deteñan na análise da propia teoría da tradución para sinalar os diferentes tipos de transvases, metodoloxías a empregar e os retos aos que o tradutor se ten que enfrontar como é decidir o considerado máis adecuado para o tipo de texto a traducir e o seu receptor.

Considero polo tanto necesario un aparato crítico que se fixe con máis detalle nos aspectos sinalados, ademais de noutros moitos que poderían ser mencionados dada a cantidade de factores que entran en xogo nas traducións como proceso de transvase non só lingüístico senón tamén cultural. Creo que o labor da crítica é contribuír a aumentar e mellorar a calidade dos textos, neste caso en concreto daqueles que por achegarse á infancia e mocidade deben coidarse máis pois está en xogo a formación lectora, a consecución do hábito lector a partir de realidades culturais en principio alleas ao potencial lector ao que se dirixen as obras e polo tanto o primeiro contacto deste lectorado con elas.

Os tipos de crítica e a súa convivencia. Trabas da crítica na actualidade

*Esther de León Vilorio
Universidade de Santiago de Compostela
Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades*

Sobre aqueles que exercen de críticos literarios proxéctase a sombra da arbitrariedade, motivada por filias e fobias persoais e, aínda máis grave, da complicidade cos editores nun interese económico en común. A pesar destes prexuízos e dado que a maior parte dos que exercen este labor proceden da docencia, deberíase neste ámbito ter en conta a crítica académica e non fuxir dela, pois o normal é que un crítico responda a criterios de calidade e non tanto aos intereses comerciais dos produtores culturais en xeral e das editoriais en particular.

Co fin de afondar no coñecemento da Literatura Infantil e Xuvenil querería insistir na necesidade dunha convivencia positiva entre a crítica académica e a xornalística, xa que ambas as dúas resultan imprescindíbeis para achegar a literatura aos seus destinatarios finais (a infancia e xuventude) a través dos mediadores (docentes, pais, bibliotecarios, etc.), partindo da base de que todos os implicados na investigación, por unha banda, e na divulgación, por outra, contan cun espírito crítico que lles motiva a formarse para desempeñar con eficacia as súas funcións. Do mesmo xeito, a diversidade de puntos de vista dende os cales se pode exercer a crítica enriquece o estudo e comprensión do fenómeno literario. Por esta razón conviría formar nos grupos de investigación equipos multidisciplinares.

Máis alá da marcada diferenciación entre a crítica académica e a xornalística, precísase dar un paso máis e avanzar cara á profesionalización e á especialización. En lugar de buscar a confrontación innecesaria e empobrecedora entre ambas perspectivas, todos os implicados neste labor teñen a obriga de adoptar unha posición de apertura con respecto aos métodos de análise e ás formas de expresión empregados por investigadores e comunicadores respectivamente. Resultaría moi beneficioso para os propósitos de divulgación e coñecemento da Literatura Infantil e Xuvenil que a crítica académica resultase algo máis próxima aos mediadores, ao mesmo tempo que se agarda dos xornalistas especializados na crítica literaria o maior rigor compatíbel coas características impostas polos medios de comunicación.

Posibilidade/necesidade de edicións de crítica xenética de Literatura Infantil e Xuvenil

Carmen Ferreira Boo
Universidade de Santiago de Compostela
Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades

Quixera facer unha reflexión ao redor da posibilidade e necesidade de realizar edicións críticas xenéticas de Literatura Infantil e Xuvenil. Para iso en primeiro lugar vou presentar algúns datos xerais a ter en conta. Se analizamos os datos estatísticos, é unha realidade que a Literatura Infantil e Xuvenil galega no tocante á produción está en auxe. No *Informe de Literatura 2009*, pódese apreciar que no cómputo xeral da produción a Literatura Infantil e Xuvenil galega supón o 52% fronte ao 47% de Literatura Institucionalizada ou de adultos. Este dato demostra que hai un aposta moi forte dos axentes produtores por esta literatura. Non obstante este auxe non se ve reflectido na actividade crítica, tanto académica coma xornalística, aínda que se pode apreciar un interese crecente nos investigadores pero as investigacións desgrazadamente non se difunden ao gran público senón que quedan supeditadas a un circuíto reducido nas universidades e en publicacións científicas de difusión limitada. Polo tanto o meu interese céntrase na posibilidade de achegar a crítica académica ao receptor, non só mediante monografías e publicacións periódicas, senón tamén a través da realización de edicións críticas xenéticas de Literatura Infantil e Xuvenil, até o de agora inexistentes.

E para iso quero poñer un claro exemplo. No ámbito galego cóntase con autores cunha ampla e recoñecida traxectoria a través de premios e distincións, como é o caso de Agustín Fernández Paz, quen aplica en moitas das súas obras un proceso de reescrita. Grazas á elaboración de novas edicións, debidas a un cambio de normas ortográficas, Fernández Paz aproveita para retocar e reelaborar estas obras nas que detecta calquera tipo de fallo formal, matizando e reelaborando léxico e sintaxe, mediante cambios tipográficos, estilísticos, sintácticos e ortográficos. Neste proceso literario pódese observar, ademais do conseguente cambio léxico e sintáctico, matizacións estéticas e estilísticas que amplían e enriquecen o texto.

É o caso de, por exemplo, *Cartas de inverno* (1995) na que o proceso de reescrita aplicado ás súas reedicións conforma unhas constantes recorrentes que determinan as estratexias de escritura,

os fenómenos de redacción textual e as correccións de Fernández Paz na súa escrita e que afectan fundamentalmente á Tematoloxía, á Gramática e Estilística e á Ortografía. A realización dunha edición crítica xenética permitiría apreciar os cambios realizados no proceso de “reescrita” e analizar a evolución lingüístico-literaria, dende os documentos ante-texto, é dicir, os documentos preliminares á edición dunha obra editada (borradores, manuscritos, etc.), até o texto impreso publicado, primeira e sucesivas edicións, facendo escala nos diferentes niveis de escritura.

Ademais este tipo de edicións daría a coñecer ao crítico o método de traballo e investigación, as preocupacións temáticas, as “marcas estilísticas”, a escolla lingüística e a dobre dimensión de lector e crítico do escritor. Tamén esta visión múltiple permitiría a interrelación con outras disciplinas como a Narratoloxía, a Crítica biográfica, a Autobiografía, a Tematoloxía, a Psicanálise e a Sociocrítica, de xeito que podería axudar a profundar no proceso da escrita.

Por outro lado, hai que sinalar que os libros de Agustín Fernández Paz forman parte das listaxes de lectura obrigatoria no ensino primario e secundario. Non obstante, as editoriais non apostan por este tipo de edicións críticas xenéticas, cando serían moi interesantes para a formación literaria dos mediadores, ademais de servir como axente canonizador.

Ao fío destas reflexións, deixo para un posíbel debate futuro as seguintes cuestións:

- Esta falta de edicións críticas xenéticas de autores de LIX, tamén é unha realidade nos outros ámbitos ibéricos?
- A que cren que se debe ese desinterese dos diferentes axentes por este tipo de edicións na Literatura Infantil e Xuvenil?
- E por último, opinan coma min que son necesarias?

A crítica em literatura infanto-juvenil: quem realmente a faz?

Vanessa Ferreira da Silva (UNESP/USC)

Geovana Gentili Santos (UNESP/USC)

Em termos gerais, crítica literária significa reflexão sobre a literatura. Trata-se de uma atividade analítica que, por meio de uma perspectiva teórica, procura descrever e explicar tanto o conteúdo quanto a forma de uma obra, desempenhando um papel intermediário entre o produto e o seu consumidor.

No que diz respeito à crítica destinada à literatura infanto-juvenil brasileira, verificamos que, nos últimos anos, diversos pesquisadores têm se dedicado a essa produção, somando esforços na tentativa de deslocá-la da posição periférica que ocupa nos estudos acadêmicos. Mas, tendo em conta os dados divulgados no Relatório Anual de Produção e Vendas do Setor Editorial Brasileiro, na página web do Sindicato Nacional dos Editores de Livros (SNEL), no qual consta que, no ano de 2009, em literatura infanto-juvenil houve uma produção de 5.856 títulos em 1ª edição e 9.423 títulos em reedição, constatamos a urgência de se voltar cada vez mais para esse conjunto de obras com olhares críticos e especializados.

Os números acima apresentados potencializam-se quando comparados aos de literatura adulta, que totaliza 1.032 títulos em 1ª edição e 1.142 títulos em reedição. Como podemos visualizar, há um grande interesse por parte das casas editoriais junto aos leitores mais novos e esse empenho está intrinsecamente relacionado à própria história da literatura infanto-juvenil. Desde sua origem, marcada juntamente com a da formação da família burguesa, no século XVIII, esta produção viu-se intimamente vinculada ao ensino, atuando como instrumento educacional.

- _____, “A galiña azul. Carlos Casares”, *Revista Galega do Ensino*, n.º 35, “O pracer de ler. Literatura infantil e xuvenil”, maio 2002, p. 237.
- _____, “As laranxas máis laranxas de todas as laranxas. Carlos Casares”, *Revista Galega do Ensino*, n.º 35, “O pracer de ler. Literatura infantil e xuvenil”, maio 2002, p. 238.
- _____, “O can Rin e o lobo Crispín. Carlos Casares”, *Revista Galega do Ensino*, n.º 35, “O pracer de ler. Literatura infantil e xuvenil”, maio 2002, p. 239.
- _____, “Este é Toribio. Carlos Casares”, *Revista Galega do Ensino*, n.º 35, “O pracer de ler. Literatura infantil e xuvenil”, maio 2002, p. 240.
- _____, “Lolo anda en bicicleta. Carlos Casares”, *Revista Galega do Ensino*, n.º 35, “O pracer de ler. Literatura infantil e xuvenil”, maio 2002, p. 241.
- _____, “Un polbo xigante. Carlos Casares”, *Revista Galega do Ensino*, n.º 35, “O pracer de ler. Literatura infantil e xuvenil”, maio 2002, pp. 235-236.
- _____, “A vida de Ánxel Fole. Carlos Casares”, *Revista Galega do Ensino*, n.º 35, “O pracer de ler. Literatura infantil e xuvenil”, maio 2002, pp. 235-236.
- _____, “Un conto de tres noites. Xabier P. Docampo”, *Revista Galega do Ensino*, n.º 37, “O pracer de ler. Literatura infantil e xuvenil”, novembro 2002, pp. 151-152.

- _____, “*Un tren cargado de misterios*. Agustín Fernández Paz”, *Revista Galega do Ensino*, n.º 37, “O pracer de ler. Literatura infantil e xuvenil”, novembro 2002, p. 253.
- _____, “*El-Rei Artur e a abominable dama*. Marilar Aleixandre, Carme Domech e Jorge Rey”, *Revista Galega do Ensino*, n.º 37, “O pracer de ler. Literatura infantil e xuvenil”, novembro 2002, p. 154.
- _____, “Literatura infantil e xuvenil”, *Revista Galega do Ensino*, n.º 38, “O pracer de ler”, febreiro 2003, pp. 193-203.
- _____, “*Belidadona*. Helena Villar Janeiro”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para Infância e a Juventude*, n.º 11, “Recensoes e notas críticas. Livros en Lingua Galega”, xuño 2003, p. 33.
- _____, “*A noite de voraces sombras*. Agustín Fernández Paz”, *Revista Galega do Ensino*, n.º 42, febreiro 2004, pp. 161-162.
- _____, “*Nun lugar chamado guerra*. Jordi Sierra i Fabra”, *Revista Galega do Ensino*, n.º 142, febreiro 2004, p. 165.
- _____, “*Paseniño, paseniño*. Antonio García Teijeiro”, *Revista Galega do Ensino*, n.º 142, febreiro 2004, p. 163.
- _____, “*Tres capitáns de tempos idos*. Antón Avilés de Taramancos”, *Revista Galega do Ensino*, n.º 142, febreiro 2004, p. 164.
- _____, “*Revista Bululú*”, *Revista Galega do Ensino*, n.º 43, maio 2004, pp. 220-221.
- _____, “*Orión e os animais magos*. Joan Manuel Gisbert” *Revista Galega do Ensino*, n.º 43, maio 2004, p. 217.
- _____, “*O meu nome é Skywalker*. Agustín Fernández Paz”, *Revista Galega do Ensino*, n.º 143, maio 2004, p. 215.
- _____, “*A vaca de fisterra e a trabe de alcatrán*. Marilar Aleixandre”, *Revista Galega do Ensino*, n.º 143, maio 2004, pp. 213-214.
- _____, “*O paraestrelas*. Manuel Uhía”, *Revista Galega do Ensino*, n.º 143, maio 2004, p. 216.
- _____, “Gaygou’s Children and Young Adult’s Literature”, *The Researche Quartely of Children & Youth’s Literatura. Pazhubesh Nameh*, 13th year, vol. 49, summer 2007, pp. 37- 47.
- _____, “Investigación e Literatura infantil e xuvenil na CII: situación actual e propostas de futuro”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 15 (II série), “Estudos”, decembro 2007, pp. 25-33.
- _____, “Agustín Fernández Paz: Un clásico contemporáneo da Literatura Infantil e Xuvenil”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 16 (II série), “Perfil”, outubro 2008, pp. 8-12.
- _____, “A Literatura Infantil e Xuvenil ao servizo da sociedade”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 16 (II série), “Estudos”, outubro 2008, pp. 21-25.
- _____, “*Ocnos. Revista de Estudios sobre Lectura*”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 16 (II série), outubro 2008, pp. 87-89.
- _____, “As escritoras na súa terra. Homenaxe a Pura e Dora Vázquez”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 16 (II série), outubro 2008, 90- 91 pp.
- _____, “La aportación decisiva de Carlos Casares a la LIJ”, *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 7(2), “Artículos”, 2009, pp.117-140.
- _____, “Antonio García Teijeiro. Un clásico contemporáneo da Literatura Infantil e Xuvenil galega”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 17 (II série), “Perfil”, abril 2009, pp. 13-17.
- _____, “Paco Martín e Ramón Lamote Miñato”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 20 (II série), “Perfil”, novembro 2010, pp. 15-19.
- _____, “Da literatura para a infancia à literatura de fronteira: Agustín Fernández Paz e Lygia Bojunga”, *Estudos de literatura brasileira contemporânea*, n.º 36, julho/dezembro 2010, pp.

153-171.

Roig Rechou, Blanca-Ana e Marta **Neira Rodríguez**, “Escrito por mulleres”, *Violencia, Festa da palabra silenciada*, n.º 23, 2007, pp.136-146.

_____, “Escrito por mulleres”, *Festa da palabra silenciada. O Verbo patriarcal*, n.º 24, 2008, pp. 130-142.

Rojas, Magdalena de, “*Cando Martiño tivo ganas de mexar na Noite de Reis*. Chema Heras”. *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 4, “Novidades”, febreiro 2000, p. 75.

_____, “*A filla das ondas*. Finca Casalderrey”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 4, “Novidades”, febreiro 2000, p. 75.

_____, “O teatro de Barriga Verde. Raíces populares do teatro infantil”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 5, “Teatro infantil. O gran ausente”, outono 2000, pp. 44-47.

_____, “*A casa dos gatos*. Alicia Suárez”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 5, “Novidades”, outono 2000, p. 73.

_____, “*Adiviñas de papel*. Sabela Álvarez Núñez”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 5, “Novidades”, outono 2000, p. 73.

_____, “*O señor mago e a follá*. Toño Núñez”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 5, “Novidades”, outono 2000, p. 73.

_____, “*A vendedora de mistos*. M^a Dolores Hermida”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 5, “Novidades”, outono 2000, p. 76.

_____, “*As cinco amigas*. Maruxa Olavide”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 5, “Novidades”, outono 2000, p. 76.

_____, “*Bicos de prata*. Finca Casalderrey”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 5, “Novidades”, outono 2000, p. 76.

_____, “*O baúl de Wensel*. An Alfaya”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 5, “Novidades”, outono 2000, p. 77.

_____, “*¡Piratas na buguina!* Manuel Uhía”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 5, “Novidades”, outono 2000, p. 77.

_____, “*Amigos en tempo real*. Ramiro J. Álvarez”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 5, “Novidades”, outono 2000, p. 77.

_____, “*Palabras envoltas en cancións*. Antonio García Teijeiro”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 5, “Novidades”, outono 2000, p. 78.

_____, “*Carlota, a marmota*. Miro Villar”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 6, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 72.

_____, “*Un circo de nubes*. Xoán Babarro”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 6, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 72.

_____, “*Os señores meses*. Ánxeles Ferrer”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 6, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 73.

_____, “*O coello Federico*. Xosé Miranda”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 6, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 73.

_____, “*A castaña que chegou a árbore*. Tucho Calvo”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 6, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 74.

_____, “*Nube de neve*. Xabier P. Docampo”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 6, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 74.

_____, “*As once damas/ O rato da casa e o rato do montel/ Mariseldiñal/ O sabor dos sabores*. Colectivo Crisol”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 7, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 72.

_____, “*Paco*. Paula Carballeira”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 7, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 72.

- _____, “O xastriño valente. W. e J. Grimm”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 7, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 72.
- _____, “¿Onde perdeu Lúa a risa? Miriam Sánchez”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 7, “Novidades”, inverno 2000/2001, p. 73.
- _____, “Carpametacarpadeduna. Xoán Babarro González”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 8, “Novidades”, primavera 2002, p. 72.
- _____, “Dinosaurio Belisario. Pepe Cáccamo”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 8, “Novidades”, primavera 2002, p. 72.
- _____, “O elefante que non era elefante. Marta Rivera Ferner”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 8, “Novidades”, primavera 2002, p. 72.
- _____, “Manu. Irene Pérez Pintos”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 8, “Novidades”, primavera 2002, p. 73.
- _____, “O patadón. M. Lourenzo”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 8, “Novidades”, primavera 2002, p. 73.
- _____, “Paxaros de papel. Marilar Aleixandre”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 8, “Novidades”, primavera 2002, p. 73.
- _____, “Rapunzel. J. e W. Grimm”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 8, “Novidades”, primavera 2002, p. 74.
- _____, “Un tren cargado de misterios. Agustín Fernández Paz”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 8, “Novidades”, primavera 2002, p. 76.
- _____, “Moncho e a Mancha. Kiko Dasilva”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 9, “Novidades”, 2003, p. 70.
- _____, “O pescador e a súa muller. Manuela Rodríguez”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 9, “Novidades”, 2003, p. 70.
- _____, “Pulguíña. Manuela Rodríguez”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 9, “Novidades”, 2003, p. 70.
- _____, “Lucinda e o inspector Vinagre. María Núñez”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 9, “Novidades”, 2003, p. 72.
- _____, “Basilisa, a princesa sapiño. Marilar Aleixandre”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 9, “Novidades”, 2003, p. 75.
- _____, “Uma miragem, uma realidade”, *Setepalcos*, n.º 4, “História e actualidade do teatro galego”, maio 2003, pp. 74-77.
- _____, “Pequeno Azul e Pequeno Amarelo. Leo Leonni”, *Revista Galega de Educación*, n.º 39, “Reseñas”, outubro 2007, pp. 171.
- _____, “O neno que tiña medo dos robots. Miguel Vázquez Freire”, *Revista Galega de Educación*, n.º 40, “Reseñas”, abril 2008, p. 182.
- Romero Triñanes**, Mario, “A traxectoria poética da Ana María Fernández”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 8, primavera 2002, pp. 25-28.
- Ruibal**, Euloxio R., “Sobre teatro infantil”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 5, “Teatro infantil. O gran ausente”, outono 2000, pp. 48-52.
- Ruzicka Kenfel**, Veljka e Lourdes **Lorenzo García**, “A tradución de Literatura infantil e xuvenil en España e a súa situación particular nas comunidades autónomas bilingües”, *Boletín Galego de Literatura*, n.º 38 (2.º semestre 2007), “Estudos”, 2008, pp. 97-121.
- Sabbá Guimarães**, Newton, “Querido Tomás’ Lembranças e poesía”, *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 82, tomo II, ano XXI, “Publicacións”, abril-maio-xuño 2010, pp. 129-136.
- Saiz Ripoll**, Anabel, “El hombre que bebe sueños. La obra de Agustín Fernández Paz”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 205, xuño 2007, pp. 7-26.
- Salgado Viñal**, Lourdes E., “A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil. Roig Rechou, B. A., P. Lucas Domínguez e I. Soto López (coords.)”, *Anuario de Investigación en*

- Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 6, “Reseñas/Reviews”, 2008, pp. 172-179.
- _____, “Roig Rechou, B. A., P. Lucas Domínguez e I. Soto López (coords.). *A Guerra Civil española na narrativa infantil e xuvenil*”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 17 (II série), “Recensões e notas críticas”, abril 2009, pp. 90-91.
- _____, “*Galego. Á beira do mar*. Juan Farias”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 18 (II série), “Recensões e notas críticas”, outubro 2009, pp. 79-80.
- _____, “*Porgy and Bess*. George Gershwin”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 19 (II série), “Recensões e notas críticas”, maio 2010, pp. 81-82.
- _____, “ROIG RECHOU, B. A., SOTO LÓPEZ, I. Y NEIRA RODRÍGUEZ, M. (coords.) (2009). *A poesía infantil no século XXI (2000-2008)*”, *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 8, “Reseñas/Reviews”, 2010, pp. 176-185.
- _____, “Veljka Ruzicka Kenfel e Lourdes Lorenzo García (eds.). Carmen Valero Garcés (coord.). 2008. *Estudios crítico de traducción de literatura infantil y juvenil. Análisis de las traducciones de obras inglesas y alemanas a las cuatro lenguas oficiales en España*”, *Boletín Galego de Literatura*, n.º 43 (1º semestre 2010), “Libros/Books”, 2010, pp. 292-298.
- _____, “*Porgy and Bess*. George Gershwin”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 19 (II série), “Recensões e notas críticas”, “Livros para crianças e jovens”, “Em galego”, maio 2010, p. 81-82.
- _____, “*Cando eu saiba ler*. Yolanda Castaño”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 20 (II série), “Recensões e notas críticas”, novembro 2010, p. 76.
- Sampedro Martínez**, Pilar, “Teatro infantil galego. De costas ao mar?”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 11, “LIX que ule a mar”, primavera 2007, pp. 48-54.
- _____, “Os soños e as razóns. Reflexións en base aos libros de Novoneyra para a infancia”, *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, n.º 6, “Literatura”, 2010, pp. 141-148.
- _____, “Poesía necesaria coma o pan de cada día...”, *Revista Galega de Educación*, n.º 37, “Reseñas”, marzo 2007, pp. 138-139.
- _____, “Solidariedade, fición e realidade”, *Revista Galega de Educación*, n.º 38, “Reseñas”, maio 2007, p. 156-157.
- _____, “En primeira persoa...”, *Revista Galega de Educación*, n.º 39, “Reseñas”, outubro 2007, pp. 172-173.
- _____, “*Pucho o habitador de tellados*. Manuel Janeiro”, *Revista Galega de Educación*, n.º 39, “Reseñas”, outubro 2007, p. 174.
- _____, “Xa hai un ano que nos deixou Pepe Agrelo”, *Revista Galega de Educación*, n.º 41, “Reseñas”, xuño 2008, pp. 166-167.
- _____, “*Rinocerontes e quimeras*. Marcos S. Calveiro”, *Revista Galega de Educación*, n.º 41, “Reseñas”, xuño 2008, p. 168.
- _____, “*Os cinco narradores de Bagdad*. Fabien Velhmann”, *Revista Galega de Educación*, n.º 43, “Recensións”, abril 2009, pp. 189-190.
- _____, “*O carteiro de Bagdad*. Marcos S. Calveiro”, *Revista Galega de Educación*, n.º 43, “Recensións”, abril 2009, p. 188.
- _____, “*Xenaro e o misterio da mochila verde*. Mar Guerra”, *Revista Galega de Educación*, n.º 44, “Recensións”, xuño 2009, p. 182.
- _____, “*A cabeza de Medusa*. Marilar Aleixandre”, *Revista Galega de Educación*, n.º 44, “Recensións”, xuño 2009, p. 183.
- _____, “*Xardín do pasatempo*. Ramiro Fonte”, *Revista Galega de Educación*, n.º 44, “Recensións”, xuño 2009, p. 184.
- _____, “*Circo Rigatoni*. Pinto&Chinto”, *Revista Galega de Educación*, n.º 44, “Recensións”, xuño 2009, p. 185.
- _____, “O cabalo de vidro’ de Antón Avilés de Taramancos.”, *Alameda. Revista da Sociedade do*

- Liceo de Noia*, n.º 34, xullo 2009, pp. 74-76.
- _____, “Novoneyra, para ler dos cinco aos cen anos”, *Alameda. Revista da Sociedade Liceo de Noia*, n.º 35, novembro 2009, pp. 56-57.
- _____, “Literatura e novas realidades”, *Revista Galega de Educación*, n.º 46, “Recensións”, abril 2010, pp. 138-139.
- _____, “*Mil cousas poden pasar. Libro I*, Jacobo Fernández Serrano”, *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 48, “Recensións”, novembro 2010, p. 122.
- Sánchez**, Gloria, “A complexa sinxeleza da poesía infantil”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 8, “Poesía sen idade”, primavera 2002, p. 55.
- Santos Rego**, Miguel Á., “*Calella sen saída*. Víctor Omgba”, *Revista Galega do Ensino*, n.º 33, “Recensións”, novembro 2001, pp. 301-303.
- Seara**, Teresa, “Palabras de pan”, *Tempos Novos*, n.º 70, “Voces e culturas. Crítica. Libros”, marzo 2003, p. 78.
- _____, “Cores para o futuro”, *Tempos Novos*, n.º 94, “Libros”, marzo 2005, p. 68.
- Senín**, Xavier, “*A cabeza de Medusa*. Marilar Aleixandre”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 18 (II série), “Recensões e notas críticas”, “Livros para crianças e jovens”, “Em galego”, outubro 2009, pp. 80-82.
- Seoane**, Víctor, “*Arriscados*. Miguel Anxo Mouriño”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 10, “Novidades de 12 a 14 anos”, 2004, p. 76.
- _____, “*Tres contos maravillosos*. Vicente Risco”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 10, “Novidades de 6 a 9 anos”, 2004, p. 68.
- _____, “*¿Quen vive aquí?* Ana M^a Fernández”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 10, “Novidades de 12 a 14 anos”, 2004, p. 76.
- Serrano**, Rosa, “Una colección interesante: ¿Y que?”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 162, “La colección del mes”, 2003, pp. 26-27.
- Sinner**, Carsten, “Análise funcional de *Astérix* en galego”, *Galicien Magazin*, n.º 9, xullo 2000, pp. 10-13.
- Sixto Rey**, Teresa, “*Usha*. María Reimóndez”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 15 (II série), “Recensões e notas críticas”, decembro 2007, pp. 82-83.
- Sixto Rey**, Teresa e Nazareth **García Seijas**, “*Hans Christian Andersen, Jules Verne e El Quijote na literatura infantil e xuvenil do marco ibérico*”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 15 (II série), “Recensões e notas críticas”, decembro 2007, pp. 86-87.
- Solana**, Pilar, “Antonio García Teijeiro”, *Lazarillo. Revista de la Asociación de Amigos del Libro Infantil y Juvenil*, n.º 8, “Diez autores”, 2002, pp. 44-46.
- Soto**, Isabel, “Poética da aventura. Arredor da obra de Marilar Aleixandre”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 11, primavera 2007, pp. 25-32.
- _____, “*Era unha vez na Quimbamba*. Antón Cortizas”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 15 (II série), “Recensões e notas críticas”, decembro 2007, pp. 78-79.
- _____, “A literatura infantil e xuvenil galega en 2007”, *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007*, “Panorámicas”, 2008, pp. 111-123.
- _____, “Bloc. Revista Internacional de Arte y Literatura Infantil, n.º 0”, *Malasartes (Cadernos de Literatura para a infancia e a juventude)*, n.º 16 (II série), outubro 2008, pp. 86-87.
- _____, “*O carteiro de Bagdad*. Marcos S. Calveiro”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 16 (II série), “Recensões e notas críticas”, outubro 2008, pp. 77-78.
- _____, “*PalAbrAs brAncAs*. Elvira Riveiro Tobío”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 17 (II série), “Recensões e notas críticas”, abril 2009, pp. 84-85.

- _____, “O libro das viaxes imaxinarias. Xavier P. Docampo”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infancia e a Juventude*, n.º 18 (II série), “Recensións e notas críticas”, outubro 2009, pp. 85-86.
- _____, “Agustín Fernández Paz: procesos de reescrita”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infancia e a Juventude*, n.º 18 (II série), “Estudos”, outubro 2009, pp. 26-28.
- _____, “Lúa do Senegal. Agustín Fernández Paz”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infancia e a Juventude*, n.º 19 (II série), “Recensións e notas críticas”, “Livros para crianças e jovens”, “Em galego”, maio 2010, pp. 75-76.
- _____, “As de bolboretas. Rosa Aneiros”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infancia e a Juventude*, n.º 20 (II série), “Recensións e notas críticas”, novembro 2010, pp. 80-81.
- Soto Andión**, Xosé, “Manolito ten un segredo”, *Viceversa. Revista Galega de Tradución*, n.º 13, “Críticas e recensións”, 2007, pp. 325-327.
- Squilloni**, Arianna, “Tres desexos. Eva Mejuto”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 212, “Libros”, febreiro 2008, p. 65.
- _____, “Comandante Hussi. Jorge Araújo”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 213, “Libros/Novedades”, marzo 2008, p. 66.
- _____, “Ilustraciones para despertar a una silla. Pablo Prestifilippo”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 216, “Libros/Novedades”, xuño 2008, p. 63.
- _____, “La increíble historia de la niña pájaro y el niño terrible. Anna Castagniolo”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 217, “Libros/Novedades”, xullo/agosto 2008, p. 64.
- _____, “¡Qué chaparrón! Raquel Saiz”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 218, “Libros/Novedades”, setembro 2008, p. 61.
- _____, “Garbancito. Olalla González (adapt.)”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 224, “Libros. De 0 a 5 años”, marzo 2009, p. 64.
- Tabuyo**, Domingo M., “Inxectar solidariedade”, *Guía dos libros novos*, n.º 37, “Literatura xuvenil”, febreiro 2002, p. 31.
- _____, “Harry Potter fala galego”, *Guía dos libros novos*, n.º 41, “Literatura infantil e xuvenil”, xullo 2002, p. 25.
- Teixeira da Silva**, María Madalena e **Carlos Marcos**, “Blanca Ana-Roig Rechou, Pedro L. Domínguez e Isabel Soto López (coords.), *Teatro infantil. Do texto à representación*”, *Boletín Galego de Literatura*, n.ºs 36-37 (2.º semestre 2006, 1.º semestre 2007), “Libros”, 2008, pp. 290-293.
- Torreiro**, Henrique, “As xornadas de Ourense: doce anos de banda deseñada”, *Tempos Novos*, n.º 39, “Voces e Culturas. Monográfico Banda deseñada en Galicia”, agosto 2000, pp. 78-81.
- _____, “Violencia no cómic”, *Festa da Palabra Silenciada. Publicación Galega Feminista*, n.º 23, 2007, pp. 115-116.
- T. S.**, “Bela dona”, *Tempos Novos*, n.º 80, “Libros”, xaneiro 2004, p. 70.
- Valado**, Liliana, “Astrid Lindgren traducida. Galicia apuesta por Os irmáns corazón de León”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 155, decembro 2002, p. 25.
- Varela Tembra**, Juan José, “Grandes Autores para Pequenos Leitores. Gomes, J. A. E B. Roig Rechou (coords.)”, *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 6, “Reseñas/Reviews”, 2008, pp. 167-169.
- _____, “Gomes, J. A. E B. Roig Rechou (coords., 2007). *Grandes Autores para Pequenos Leitores*”, *Boletín Galego de Literatura*, n.º 38 (2.º semestre 2007), “Libros”, 2008, pp. 190-192.
- _____, “La Literatura Infantil y Juvenil gallega en el siglo XXI. Seis llaves para entenderla mejor. Blanca-Ana Roig Rechou”, *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 7 (1), “Reseñas/Reviews”, 2009, pp. 122-124.
- Vasconcelos**, Ana, “Em torno da ‘Noite’ e dos seus ‘Animais’: de Agustín Fernández Paz a David

- Machado”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 18 (II série), “Estudos”, outubro 2009, pp. 30-33.
- Vázquez Freire**, Miguel, “Xosé Cobas”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 4, “O ilustrador”, febreiro 2000, p. 4.
- _____, “Xan López Domínguez”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 5, “O ilustrador”, outono 2000, p. 4.
- _____, “Todos fuimos Príncipes secretos”, *CLIJ*, n.º 133, “Los 100 del siglo XX”, decembro 2000, pp. 35-36.
- _____, “Luis Castro Enjamio”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 6, “O ilustrador”, inverno 2000/2001, p. 4.
- _____, “Kiko da Silva”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 7, “O ilustrador”, inverno 2000/2001, p. 4.
- _____, “*Medio Burato*. Paco Martín”, *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 5, “Livros em Língua Galega”, abril 2001, pp. 28-29.
- _____, “Óscar Villán”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 8, “O ilustrador”, primavera 2002, p. 4.
- _____, “Ánxeles Ferrer”, inverno 2004-2005, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 10, “A ilustradora”, 2004, p. 4.
- _____, “A nena da carapucha vermella e o lobo feroz. Os contos maravillosos contados por Charles Perrault”, *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 37, “Reseñas”, marzo 2007, p. 136-137.
- _____, “María Gripe”, *Revista de Educación. Publicacións de Nova Escola Galega*, n.º 38, “Reseñas. Clásicos da literatura infantil en lingua galega”, maio 2007, pp. 154-155.
- _____, “Brancaleves e a bruxa malvada ou de como os contos para os nenos tamén gardan moitas ensinanzas para os pais e as nais”, *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 39, “Reseñas”, “Clásicos da literatura infantil en lingua galega”, maio 2007, pp. 168-169.
- _____, “Nove mares”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 11, “LIX que ule a mar”, primavera 2007, pp. 43-46.
- _____, “Noemí López”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 11, primavera 2007, p. 4.
- _____, “Patricia Castelao”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 12, “A ilustradora”, inverno 2007/2008, p. 4.
- _____, “Peter Pan”, *Revista Galega de Educación*, n.º 40, “Reseñas”, “Clásicos da literatura infantil en lingua galega”, abril 2008, pp. 180-181.
- _____, “Pinocchio ou a educación do neno proletario”, *Revista Galega de Educación*, n.º 41, “Reseñas”, “Clásicos da literatura infantil en lingua galega”, xuño 2008, pp. 164-165.
- _____, “Alicia ou a nena burguesa”, *Revista Galega de Educación*, n.º 42, “Recensións”, “Clásicos da literatura infantil en lingua galega”, novembro 2008, pp. 178-180.
- _____, “Una mirada sobre lo oscuro o el misterio de la literatura infantil y juvenil. Entre Hoffman y Andersen”, *Bloc. Revista Internacional de Arte y Literatura Infantil*, n.º 4, 2009, pp. 22-30.
- _____, “Hoffmann e Busch”, *Revista Galega de Educación*, n.º 43, “Recensións”, “Clásicos da literatura infantil en lingua galega”, abril 2009, pp. 186-187.
- _____, “O outro Hoffmann ou o sinistro na infancia”, *Revista Galega de Educación*, n.º 44, “Recensións”, “Clásicos da literatura infantil en lingua galega”, xuño 2009, pp. 178-179.
- _____, “Edgar Allan Poe: o Lado escuro da Razón”, *Revista Galega de Educación*, n.º 45, “Recensións”, “Clásicos da literatura infantil en lingua galega”, novembro 2009, pp. 130-132.
- _____, “Viaxe ao maravilloso mundo de Oz”, *Revista Galega de Educación*, n.º 47, “Recensións”,

- “Clásicos da literatura infantil en lingua galega”, xuño 2010, pp. 142-144.
- _____, “Maurice Sendak. Un clásico da ilustración”, *Revista Galega de Educación*, n.º 46, “Recensións”, “Clásicos da literatura infantil en lingua galega”, abril 2010, pp. 136-137.
- _____, “Viaxe ao marabilloso mundo de Oz”, *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 47, “Recensións”, xuño 2010, pp. 142-144.
- _____, “Luís Seoane, ilustrador de libros infantís”, *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 48, “Recensións”, novembro 2010, pp. 120-121.
- Ventoso**, Luís, Jesús **Fraga** e Marta **Otero** (coords.), “La Literatura Infantil y Juvenil conquista su espacio”, *La Voz de Galicia, “Culturas”*, n.º 178, 16 setembro 2006, pp. 7-10.
- Ventura**, Joaquim, “Inferno para unha adolescente”, *Guía dos libros novos*, n.º 15, “Narrativa xuvenil”, febreiro 2000, p. 29.
- _____, “Unha pequena xoiá”, *Guía dos libros novos*, n.º 24, “Literatura infantil e xuvenil”, decembro 2000, p. 27.
- _____, “As leis de Murphy”, *Guía dos libros novos*, n.º 29, “Literatura infantil e xuvenil”, maio 2000, p. 30.
- _____, “Unha mitoloxía doméstica para os novos”, *Guía dos libros novos*, n.º 29, “Literatura xuvenil”, maio 2001, p. 26.
- _____, “Unha iniciación con corsé”, *Guía dos libros novos*, n.º 33, “Narrativa”, outubro 2001, p. 23.
- _____, “Solpores para acordar”, *Guía dos libros novos*, n.º 40, “Literatura xuvenil”, maio 2002, p. 29.
- Vieites**, Manuel F., “A posible e necesaria dramática infantil/xuvenil”, *Guía dos libros novos*, n.º 17, “Teatro”, abril 2000, p. 28.
- _____, “Teatro para a infancia e a mocidade, políticas culturais e Sociedade Civil. Demasiadas preguntas sen resposta”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 23, primavera-verán 2000, pp. 15-18.
- _____, “Literatura dramática para a infancia e a mocidade. Entre o azar e a precariedade”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 5, “Teatro infantil. O gran ausente”, outono 2000, pp. 32-36.
- _____, “¿E para cando o teatro infantil do CDG?”, *Guía dos libros novos*, n.º 25, “Teatro”, xaneiro 2001, p. 29.
- _____, “Estornela, creación dramática”, *Guía dos libros novos*, n.º 37, “Teatro”, febreiro 2002, p. 31.
- _____, “Creación escénica, tormelos e teorías do caos. A propósito dun texto dramático de Carlos Casares”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 37, 2004, pp. 34-42.
- _____, “Otros campos de la creación teatral. Teatro para la infancia y la juventud, teatro de calle, teatro de objetos”, *ADE Teatro*, n.º 112, “Teatro gallego actual: política y sociedad”, outubro 2006, pp. 234-239.
- Vilavedra**, Dolores, “A sintonía de dúas traxectorias literarias”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 187, Tomo XLVIII, “O espello das letras”, xullo, agosto, setembro 2010, pp. 113-119.
- Vilaboa**, Fernando, “Trece lúas”, *O Ollo Público. Revista das artes*, n.º 30, “Crítica literaria”, marzo/xuño 2010, p. 07.
- Villar**, Miro, “*Moby Dick*. Hermann Melville”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 9, “Primeira lectura, primeira paixón”, 2003, pp. 64-65.
- Villar Janeiro**, Helena, “Da experiencia á literatura”, *Fadamorgana. Revista galega de literatura infantil e xuvenil*, n.º 9, “Primeira lectura, primeira paixón”, 2003, pp. 43-44.
- Yuste Frías**, José, “Para-traducir libros infantís”, *Viceversa. Revista Galega de Tradución*, n.º 13, “Teoría e historia da tradución”, 2007, pp. 135-170.

3. Antoloxías:

Agra Pardiñas, M^a Jesús e Blanca-Ana **Roig Rechou** (coords.), *A memoria das guerras na literatura infantil e xuvenil en lingua galega. As súas repercusións na infancia e adolescencia*, Vigo/Santiago de Compostela: Edicións Xerais de Galicia/GALIX, 2004, 141 pp. (ISBN: 84-9782-248-X).

Roig Rechou, Blanca-Ana e Carmen **Franco Vázquez** (eds.), *A Santiago. Relatos infanto-xuvenís para o Camiño*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/ELOS/LIJMI, 2010, 167 pp. (ISBN: 978-84-693-1193-6).

Premios da Crítica Española 2009

*Mar Fernández Vázquez
Carmen Ferreira Boo
Esther de León Viloria
(CIRP/USC)*

NARRATIVA

Quiroga, Xabier, *O Cabo do Mundo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 281, outubro 2009, 327 pp. (ISBN: 978-84-9914-058-2).

Novela de carácter histórico de Xabier Quiroga (Saviñao, 1961), na que dende o presente se afonda no escuro pasado que rodeou a Guerra Civil. O protagonista é Carlos, un profesor de secundaria, corentón que descobre que padece unha enfermidade incurábel e que decide investigar porqué no funeral de seu pai, uns anos atrás, un dos asistentes lle chamou ao finado asasino. O berro deste descoñecido esgaza o silencio e marca a vida de Carlos, quen despois de indagar entre os máis achegados busca respostas en documentación escrita, en bibliotecas e mesmo entre persoas descoñecidas, coas que vai establecendo relacións de amizade, algunha delas testemuña dos feitos que están na orixe do segredo que se garda no Cabo do Mundo. Esta viaxe ás fontes do pasado sitúa a Carlos ante a súa propia historia familiar, especialmente a figura de seu pai, un descoñecido para el co que sempre mantivo unha gran distancia; e súa nai, unha muller pechada entre os seus libros, esixente, preocupada pola aprendizaxe do fillo, ao que mesmo tenta facer renunciar á súa infancia e madurar prematuramente. A insistencia de Carlos por conseguir que súa nai colabore con el, que lle explique as circunstancias que rodearon a súa infancia, a súa orfandade e a relación co seu pai, provoca o enfado desta, recriminándolle ao fillo a súa actitude e aconsellándolle que se esqueza de todo se quere ser feliz. As conversas con veciños e coñecidos do home que insultou a seu pai morto ofrécelle un retrato poliédrico da sociedade galega do interior, que se vai complementando con outros microcosmos, como o do instituto no que dá clases nocturnas a un grupo de adultos ou as visitas á cidade, onde acode a bibliotecas e ao centro de maiores, no que está internado Evariso Moreiras, un vello cacique do que sospeita que é responsábel de moitas das represalias que se levaron a cabo. Ao longo da novela insírense moitas referencias bibliográficas e manéxase material histórico, especialmente no referido ás

patrullas do amencer, nas que descobre que participou o propio Moreiras, pero tamén seu pai e Ramón, único sobrevivente de todos eles, que acabará por desvelarlle a verdade do ocorrido no ano 1936 no Cabo do Mundo, non sen antes tentar suicidarse na súa presenza. A loita de Carlos desenvólvese consigo mesmo e coa sociedade, na que se sente un cego que, só a través da enfermidade que padece, puido mirarse a si mesmo con outros ollos e tamén ao pasado que lle ocultaron, pois as xeracións máis vellas non lle transmitiron ás máis novas os feitos relevantes da contenda bélica que marcou as súas vidas, senón o silencio e o descoñecemento.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, “Terror no Cabo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 314, “Libros”, 24 decembro 2009, p. V.

Debúllase o argumento desta novela, na que dende o punto de vista ficcional se abordan feitos documentados da represión falanxista do ano 1936 de “xeito maniqueo”. Destácase a acción dosificada, o estilo de prosa elaborado e mais o emprego dun galego oral, “por veces moi basto e expresivo”.

- X. C., “Regreso ao pasado”, *A Nosa Terra*, n.º 1.387, “Cultura”, 24-30 decembro 2009, p. 23.

Coméntase o argumento desta novela baseado na investigación dun fillo que descubre que o seu pai foi un “paseador” das longas noites de represión. No tocante a aspectos técnicos, destácase a maña do autor para manexar os tempos narrativos e a riqueza da linguaxe.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, “A literatura: pedagogía identitaria”, *La Revista*, n.º 473, “Musas”, 6 setembro 2009, p. 48.

Faise mención do dobre significado do título de obra de Xabier Quiroga, *Cabo do mundo*, no que se mestura un lugar real, situado na Ribeira Sacra, e un espazo interior, concretamente a viaxe interior do personaxe principal da obra.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 312, “Libros”, 10 decembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se recomendan obras como esta novela de Xabier Quiroga, *O Cabo do Mundo*, entre outras.

- Dolores Vilavedra, “Recetas varias para tempos de crise”, *El País*, “*Galicia*”, “Luces”, “Rolda das letras”, 18 decembro 2009, p. 8.

Infórmase da publicación de varias obras, caso d’*O Cabo do Mundo*, de Xabier Quiroga, unha novela na que se destaca a creación de espazos literarios “inquietantes e poderosos”. Non obstante, considérase que a trama carece de verosimilitude nalgúns aspectos e que a resolución semella arbitraria.

- Montse Dopico, “A procura da identidade”, *Galicia Hoxe*, “MARE”, 23 decembro 2009, p. 32.

Conversa co escritor Xabier Quiroga, centrada na súa última novela *O cabo do mundo*. O autor comenta que nela se atopan trazos común a outras das súas obras narrativas como son a procura da identidade, dun mesmo e a denuncia dunha represión. Conta que está ambientada na época da dictadura franquista e inspirada en feitos e personaxes reais. No tocante a técnica narrativa, sinala que recorreu a unha primeira persoa moi real, procurando manter o ritmo e a intriga e que recuperou léxico da súa zona, aínda que adaptándose á normativa.

POESÍA

Pozo Garza, Luz, *Deter o día cunha flor*, A Coruña: Baía Edicións, 2009, 76 pp. (ISBN: 978-84-96893-79-5).

Luz Pozo (Ribadeo, 1922) publica este poemario coas ilustracións de José Valentín (Betanzos,

1942). O libro consta de tres textos introdutorios a modo de limiar. O primeiro destes textos é un poema de Claudio Rodríguez Fer que leva o título de “A luz Azul”. O segundo texto, asinado por Carmen Blanco, leva o título de “A flor do Paraíso” e o último dos textos é “Dualidade harmónica”, firmado por Xulio Valcárcel. O poemario estrutúrase en catro bloques: “Aleph”, “Li Yíán pide deter o día”, “Lotus no corazón” e “Carta de Beatrice. Vía-Láctea”. O primeiro dos bloques contén trece poemas nos que as reflexións sobre o amor, a natureza e a existencia son os eixos temáticos. A presenza do tempo, do paraíso e de Deus é constante nas composicións desta sección. No apartado, “Li Yíán pide deter o día”, a poetisa fala nos seus poemas da escritora chinesa do século XI Li Yíán. Ela é a protagonista da meirande parte dos trece poemas que compoñen este bloque. O amor deste personaxe, xunto coa aparición de diferentes elementos da natureza: a flor do loto, as aves... presentan un mundo oriental idealizado. “Lotus no corazón” inclúe tamén trece poemas. A temática varía respecto ao segundo bloque. Aquí aparecen poemas sobre o Santo Graal, sobre a morte e tamén hai moitas referencias a lugares concretos: O Cebreiro, Pía Paxaro, Illas Cíes. Así e todo, motivos como as flores ou as aves vólvense repetir. O último apartado do libro, “Carta de Beatrice. Vía-Láctea” consta de catro poemas dedicados a Dante e a Santiago de Compostela.

Recensións:

- Teresa Seara, “Onde as extremas”, *Tempos Novos*, “*Protextá*”, n.º 10, “proPostas”, primavera 2009, p. 5.

Sinala que a vocación de suspender o paso das horas é a que move a Luz Pozo Garza a expresar no seu último poemario o desexo de liberar esa “alma en vilo na promesa da flor”. Refírese aos vimbios poéticos cos que a poeta de Ribadeo constrúe boa parte da súa obra e o recente volume, no que conxuga dúas linguaxes: a da poeta e a do gravador José Valentín, que alcanza alturas sublimes na utilización dos materiais e das cores chegando a establecer cos versos un intenso e enriquecedor diálogo. Apunta as liñas temáticas de *Deter o día cunha flor* (pescuda nas orixes do ser, o misterio do tempo á fuga, a dualidade do ti e do eu...), ademais de sinalar que nel “perdura o delicado arrecendo das flores, ese enigmático límite que sinala as extremas do corazón humano e que nos imbúe de clarividencia”.

Referencias varias:

- M. Dopico, “Deter o día cunha flor”, *Galicia Hoxe*, “MARE”, 28 marzo 2009, p. 36.

Preséntase este poemario escrito por Luz Pozo Garza e ilustrado por José Valentín. Coméntase que está dividido en catro partes (“Aleph”, “Li Yian pide deter o día”, “Lotus no corazón” e “Carta de Beatrice-vía láctea”) e que se trata dunha obra na que a escritora se reencontra cos seus temas de sempre reflexionando, pois, sobre a existencia, o paso do tempo ou a flor. Indícase que a segunda das partes, que lle dá nome ao volume, é o título dun poema dunha poetisa chinesa do século XI chamada Li Yian que lle levou a escribir uns versos dedicados a Rosalía de Castro. Pozo comenta tamén que algúns dos poemas que conforman a obra foron escritos expresamente mentres que outros xa foran publicados con anterioridade.

- Rodri García, “Luz Pozo presenta hoxe o seu poemario ‘Deter o día cunha flor’, inspirado na poeta china Li Yian”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 abril 2009, p. 50.

Infórmase da publicación do poemario de Luz Pozo Garza, unha obra con limiar de Xulio Valcárcel e ilustracións de José Valentín inspirada pola poeta china Li Yian. Sinálase que nos primeiros poemas está moi presente a forza da vida e que ademais varios dos poemas están dedicados ao seu defunto marido, o poeta Eduardo Moreiras. A autora sinala que a obra non está acabada debido ao seu gusto polas cousas fragmentadas.

- Marta García Márquez, “Luz Pozo: ‘A poesía vai ao mesmo ritmo do corazón, por iso metérono no peito’”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 26 abril 2009, p. 14.

Fala do poemario de Luz Pozo Garza, un título relacionado cunha escritora chinesa do século

XI da que só quedou unha peza que Pozo rescatou de casualidade. Explica que o seu defunto marido Eduardo Moreiras sempre está presente nos versos. Ademais engade que o volume vai acompañado de debuxos e gravados de José Valentín inspirados nas forzas da natureza.

- Isabel Bugallal, “Non teño sentido do tempo, nacín con esa eiva”, *La Opinión*, 28 abril 2009, contracuberta.

Ao longo da entrevista a poetisa Luz Pozo Garza fala da súa vida, principalmente, da súa faceta artística. Así, cítase o seu último poemario, unha obra ilustrada por José Valentín, así como *Medea en Corinto* (2003), *Verbas derradeiras* (1976), *O paxaro na boca* (1952) e *Ánfora* (1949). Comenta que foi Manuel María quen a animou a escribir en galego.

- Jaureguizar, “Luz Pozo Garza escribe un libro ‘visionario’”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 30 abril 2009, p. 63.

Refírese á presentación do poemario de Luz Pozo Garza, unha obra inspirada na poetisa chinesa do século XI Li Yian que a propia autora considera “visionaria” e na que recolle as súas arelas nunha visión futura persoal e vital. Sobre o texto explica que se divide nunha parte de temática amorosa e outra relixiosa.

- Joan Ribot, “Memoria selectiva”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 2 maio 2009, p. 4.

Cita a obra da poetisa Luz Pozo Garza, *Deter o día cunha flor*, como un libro que esperta moita expectación.

- Luz Pozo Garza, “De ‘deter o día cunha flor’”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 6 maio 2009, p. 38.

Insírese nesta sección fixa o poema “Adeus soles adeus lúas...” pertencente ao poemario *Deter o día cunha flor*, de Luz Pozo Garza.

- Ana Baena, “Vigo sempre será a cidade soñada pola que sinto amor”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 21 maio 2009, p. 11.

Fai referencia á presentación do poemario escrito por Luz Pozo Garza e ilustrado por José Valentín. Comenta que o libro se inspira en *Atmósferas* (2007), obra de Olga Patiño, e que o título provén dunha estrofa do único poema que Pozo coñece dunha poetisa chinesa do século XI que lle fala ás plantas. Cita tamén o seu libro *Ondas do mar de Vigo* (1996).

- Lara Rozados, “A luz é un misterio e a flor a forma máis pura”, *A Nosa Terra*, n.º 1.360, “Cultura”, 21-27 maio 2009, p. 31.

Conversa coa autora do poemario *Deter o día cunha flor*, Luz Pozo Garza, na que explica que se trata dun poemario de amor expresado en catro apartados. Sobre o primeiro, “Aleph”, di que son meditacións das que xorde unha diversidade de visións (a vida, arelas divinas, etc.). Do segundo, “Li Yíán”, que está inspirado nesta poetisa chinesa do século XI, indica que as visións son diálogos de amor e de ausencia. Do terceiro, “Lotus no corazón”, no que recupera os espazos fragmentarios de *Prometo a flor de Loto* (1993), sinala que contén unha serie de elexías a Eduardo Moreiras, o seu marido falecido. E da última sección, “Carta de Beatrice Vía-Láctea”, comenta que nela se reproduce a visión mística do camiño iniciático de Compostela nunha lembranza do amor e da morte. Así pois, conclúe que con esta obra regresan os símbolos constantes da poesía da súa poesía tales como a flor.

- Luz Pozo Garza, “De ‘deter o día cunha flor’”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 4 agosto 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa o poema “Non sabía...” pertencente a *Deter o día cunha flor*, de Luz Pozo Garza.

- Luz Pozo Garza, “De ‘Deter o día cunha flor’”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 17 outubro 2009, p. 38.

Insírese nesta sección fixa a composición “Ánfora” recollida no poemario *Deter o día cunha flor*, de Luz Pozo Garza.

- Luz Pozo Garza, “De ‘Deter o día cunha flor’”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 26 outubro 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema “Descubrimos a flor...” da obra *Deter o día cunha*

flor, de Luz Pozo Garza.

- Luz Pozo Garza, “De ‘deter o día cunha flor”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 7 novembro 2009, p. 39.

Insírese nesta sección fixa o poema “Pedín a miña guía...” pertencente ao poemario *Deter o día cunha flor*, de Luz Pozo Garza.

- Manuel Vidal Villaverde, “Que foi da luz da lúa neste outono?”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, 16 novembro 2009, p. 15.

Reprodúcense uns fragmentos das seguintes obras co obxecto de transmitir os sentimentos producidos pola chegada do outono: *Sombra do aire na herba* (1959), de Luís Pimentel; *Cantos caucanos* (1985), de Antón Avilés de Taramancos; e *Deter o día cunha flor*, de Luz Pozo Garza.

- Luz Pozo Garza, “De ‘Soñar a neve”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 23 novembro 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa o poema “Perdín a miña guía...” pertencente a *Soñar a neve*, de Luz Pozo Garza.

- Luz Pozo Garza, “De ‘Deter o día cunha flor”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 30 novembro 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema “Descalza (a Olga Patiño Nogueira)...” da obra *Deter o día cunha flor*, de Luz Pozo Garza.



asociación de escritores  en lingua galega